Sobre determinadas medidas que o Goberno galego debe impulsar en materia de seguridade viaria

- 2046 (12/PNP-000236)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre a demanda que se traslada á Xunta de Galicia co fin de lembrarlle o seu deber de respecto e discreción no tratamento dos datos de carácter persoal correspondentes ás persoas ao seu coidado

- 2052 (12/PNP-000237)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Fernández Davila, María Cristina

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que dote o IES de Valga das instalacións e dos medios necesarios para a formación do alumnado do ciclo de Agroxardinaría e Composicións Florais

- 2061 (12/PNP-000238)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego do impulso de medidas de mellora dos medios económicos, materiais e humanos da Fundación Galega para o Apoio ao Exercicio da Capacidade Xurídica (Funga)

- 2070 (12/PNP-000239)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e 2 máis

Sobre determinadas actuacións que debe poñer en marcha o Goberno galego dirixidas a impulsar a emancipación da xente nova en Galicia



- 2079 (12/PNP-000240)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coa mobilidade peonil e ciclista entre Marín e Pontevedra pola costa

- 2080 (12/PNP-000241)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego da posta en marcha de estratexias para a mellora da produción marisqueira de Galicia

- 2086 (12/PNP-000242)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego dun incremento na Costa da Morte da oferta de FP dual e de ciclos formativos que estean vencellados ás potencialidades da comarca e aos seus sectores estratéxicos

- 2097 (12/PNP-000243)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en materia de prevención de incendios forestais antes da chegada do tempo de alto risco

- 2103 (12/PNP-000244)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre a demanda á Xunta de Galicia dun plan de mellora das infraestruturas deportivas

- 2105 (12/PNP-000245)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Castro Rey, Paloma

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que elabore en 2024 unha ferramenta de información verbo da execución en Galicia das contías do Plan de recuperación, transformación e resiliencia

### **Admisión da corrección e publicación**

- 1095 (12/PNP-000102)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e López Font, Carlos

Sobre as accións que debe impulsar a Xunta de Galicia co fin de afrontar a actual perda de produción marisqueira na ría de Arousa

BOPG n.º 12f1, do 17.04.2024

A Mesa admite a corrección formulada no doc. núm. 2202.



### **1.3.8. Procedementos de control económico e orzamentario**

#### **1.3.8.6. Modificacións orzamentarias**

Admisión a trámite, traslado á Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, e publicación

- 2196 (12/MOP-000001)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de decembro de 2023

- 2197 (12/MOP-000002)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Modificacións orzamentarias correspondentes aos meses de xaneiro, febreiro e marzo de 2024

### **1.4. Procedementos de información**

#### **1.4.2. Solicitudes de comparecencia**

##### **1.4.2.1. Solicitudes de comparecencia en Pleno**

#### **Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, traslado á Xunta de Portavoces e publicación**

- 1992 (12/CPP-000006)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Do conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, por petición do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para informar sobre a súa postura en relación co impulso das seleccións galegas oficiais, tanto masculinas como femininas, nas diferentes disciplinas deportivas

##### **1.4.2.2. Solicitudes de comparecencia en Comisión**

#### **Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, asignación a Comisión e publicación**

- 1993 (12/CPC-000001)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Do secretario xeral para o Deporte, por petición do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para informar sobre a súa postura en relación co impulso das seleccións galegas oficiais, tanto masculinas como femininas, nas diferentes disciplinas deportivas

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

#### **1.4.3. Interpelacións**

#### **Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación**

- 2285 (12/INT-000161)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 24 máis

Sobre as vías de fortalecemento da atención primaria sanitaria no sistema público



## Admisión a trámite e publicación

- 1639 (12/INT-000094)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Presas Bergantiños, Noa Olalla e 2 máis  
Sobre a incidencia da violencia vicaria en Galicia

- 1662 (12/INT-000095)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara  
Sobre a planificación dos medios de loita contra os incendios forestais

- 1679 (12/INT-000096)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Golpe Acuña, José Manuel e 3 máis  
Sobre os proxectos de xeración de hidróxeno verde en Galicia e as súas infraestruturas asociadas

- 1684 (12/INT-000097)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Golpe Acuña, José Manuel e 2 máis  
Sobre o fomento en Galicia das comunidades enerxéticas de base cidadá

- 1690 (12/INT-000098)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis  
Sobre o impulso á construción de vivenda de promoción pública en Galicia

- 1696 (12/INT-000099)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Carreira Pazos, Iria e Prado Cores, María Montserrat  
Sobre a situación dos recursos humanos sanitarios no sistema de saúde público galego

- 1702 (12/INT-000100)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria  
Sobre o modelo de atención primaria sanitaria no sistema público

- 1715 (12/INT-000101)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna  
Sobre o desenvolvemento dos servizos de axuda no propio fogar para persoas dependentes

- 1721 (12/INT-000102)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rodil Fernández, Olalla e 3 máis  
Sobre as estratexias de impulso da política de investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i)



- 1722 (12/INT-000103)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e 4 máis

Sobre a reactivación económica das zonas afectadas pola perda de grandes industrias tractoras

- 1735 (12/INT-000104)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 3 máis

Sobre o fortalecemento da lingua galega nos ámbitos cuxa presenza é máis débil

- 1742 (12/INT-000105)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre a política en materia de protección e de desenvolvemento dos dereitos dos animais

- 1748 (12/INT-000106)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre a mellora dos servizos da Administración de xustiza en Galicia

- 1754 (12/INT-000107)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre a política internacional do Goberno de España ante a intervención de Israel en Gaza

- 1767 (12/INT-000108)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia

Sobre o modelo docente universitario

- 1791 (12/INT-000109)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre o avance da política de normalización lingüística

- 1795 (12/INT-000110)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 4 máis

Sobre os niveis de execución dos orzamentos xerais da Comunidade

- 1811 (12/INT-000111)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 5 máis

Sobre a aplicación das políticas orientadas a fomentar a presenza das mulleres nos espazos de decisión



- 1817 (12/INT-000112)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a adaptación aos obxectivos europeos das estratexias do Goberno galego en materia de cambio climático e enerxía

- 1826 (12/INT-000113)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón Tomás e 2 máis

Sobre a compensación económica ás vítimas da exposición ao amianto

- 1845 (12/INT-000114)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre o control do impacto medioambiental da actividade mineira

- 1863 (12/INT-000115)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e Pérez Fernández, Rosana

Sobre a actualización e mellora dos portos para compatibilizar a actividade pesqueira coa deportiva

- 1869 (12/INT-000116)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a avaliación das estratexias impulsadas desde o Goberno galego para potenciar a cultura e a lingua galegas

- 1875 (12/INT-000117)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 4 máis

Sobre a evolución da débeda pública da Comunidade Autónoma de Galicia

- 1889 (12/INT-000118)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a dotación dos servizos de transporte sanitario urgente

- 1905 (12/INT-000119)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre o fomento do transporte público por estrada

- 1906 (12/INT-000120)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e 2 máis

Sobre o transporte público por estrada no rural galego



- 1917 (12/INT-000121)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 2 máis

Sobre a normalización do uso do galego en todas as institucións públicas de ensino presentes en Galicia, ben sexan de carácter autonómico ou estatal

- 1922 (12/INT-000122)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e 2 máis

Sobre o impulso do transporte público como obxectivo social, ambiental e de seguridade

- 1930 (12/INT-000123)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e Pérez Fernández, Rosana

Sobre as políticas de defensa e desenvolvemento do sector mar-industria galego

- 1933 (12/INT-000124)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre a colaboración da Xunta de Galicia co Goberno de España en materia policial e de seguridade pública

- 1939 (12/INT-000125)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e López Font, Carlos

Sobre a situación da produción marisqueira nas rías galegas

- 1945 (12/INT-000126)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia

Sobre a ampliación dos servizos complementarios educativos no sistema público de ensino

- 1951 (12/INT-000127)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre a renovación das políticas en materia de seguridade e saúde laboral

- 1964 (12/INT-000128)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre as políticas de impulso da viticultura galega

- 1973 (12/INT-000129)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre o deseño das liñas básicas da política para afrontar os retos actuais e futuros da economía galega





- 1980 (12/INT-000130)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre o modelo de atención e protección ás vítimas de violencia sexual

- 1991 (12/INT-000131)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e Castro García, Daniel

Sobre o impulso das seleccións galegas das diferentes disciplinas deportivas e da súa presenza internacional oficial

- 2010 (12/INT-000132)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e 2 máis

Sobre a complementariedade e o fortalecemento dos distintos campus do Sistema universitario galego

- 2015 (12/INT-000133)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre o estado de conservación das zonas húmidas de Galicia

- 2021 (12/INT-000134)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia

Sobre os procedementos estatísticos que serven de base para avaliar a situación do sistema público de saúde

- 2027 (12/INT-000135)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre a actualización da lexislación galega en materia de deporte

- 2038 (12/INT-000136)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Valcárcel Armesto, Montserrat

Sobre a ordenación e xestión forestal en Galicia

- 2044 (12/INT-000137)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Ríos Santomé, Paulo

Sobre a evolución en Galicia da sinistralidade nas estradas

- 2051 (12/INT-000138)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre a conciliación da transparencia na información ofrecida pola Administración coa protección dos datos de carácter persoal



- 2066 (12/INT-000139)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre o labor que exerce a Xunta de Galicia en materia de protección e tutela de persoas adultas coa capacidade de obrar limitada

- 2068 (12/INT-000140)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e 2 máis

Sobre as políticas públicas para impulsar a emancipación da mocidade

- 2082 (12/INT-000141)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre o desenvolvemento de políticas de protección e mellora da produción marisqueira nas rías galegas

- 2095 (12/INT-000142)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre o balance da eficacia das políticas impulsadas en materia de prevención de incendios forestais

- 2101 (12/INT-000143)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre o desenvolvemento das políticas destinadas a garantir o acceso da cidadanía á educación física e á actividade deportiva

- 2109 (12/INT-000144)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Castro Rey, Paloma

Sobre a transparencia da Xunta de Galicia respecto da execución dos fondos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia

### **Admisión corrección e publicación**

- 1097 (12/INT-000047)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e López Font, Carlos

Sobre as políticas de protección da riqueza marisqueira das rías galegas

BOPG n.º 12f1, do 17.04.2024

A Mesa admite a corrección formulada no doc. núm. 2203.

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2024

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego**, a través da súa portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 122 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición de lei de modificación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galiza.**

### Exposición de motivos

Nos últimos anos, o deporte, así como a actividade física en xeral, aparece configurado como unha actividade esencial, constitutiva dun dereito fundamental de todas as persoas, asentado nos principios de igualdade e de inclusión social, como principios transversais que deben informar todo o ordenamento xurídico.

En consecuencia, corresponde aos poderes públicos remover todo tipo de obstáculos que impidan ou dificulten unha igualdade efectiva en materia de deporte, tanto no atinente á práctica deportiva en xeral, como respecto á representatividade de todas as persoas naqueles órganos directivos de entidades públicas e/ou privadas de carácter deportivo, na súa dobre condición de entidades profesionais -nomeadamente federacións e ligas profesionais das diferentes actividades- ou de carácter amateur.

Concretamente, os poderes públicos deberán artellar plans, medidas, programas e protocolos de actuación no ámbito deportivo, destinados a eliminar calquera tipo de discriminación por razón de sexo, xénero, orientación e/ou identidade sexuais, así como ditar todas aquelas medidas de prevención e actuación que por tales motivos podan conducir a situacións de discriminación, abusos, violencia ou acoso sexual.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Nas últimas décadas tense operado un cambio normativo importante en materia de igualdade entre homes e mulleres, mais no ámbito deportivo esta incidencia aínda segue a ser insuficiente e as medidas incluídas moi tímidas, sendo necesario un impulso importante neste eido.

Con efecto, o deporte presenta decote, en grande medida, unha importante masculinización. Asemade, as mulleres foron tradicionalmente privadas ou afastadas desta actividade por mor de prexuízos e estereotipos provenientes dun imaxinario machista, debedor dunha cultura de carácter patriarcal. De aí que a día de hoxe continúen vixentes moitas -e relevantes -desigualdades entre homes e mulleres no mundo do deporte profesional ou afeccionado, tanto en termos socioeconómicos, como laborais ou mediáticos.

Estas desigualdades fan proba dunha carencia educacional capaz de contemplar o deporte desde unha perspectiva de xénero que chega aos nosos días. A ausencia dunha óptica de xénero explica que aínda na actualidade sexan precisos grandes esforzos para rematar con esta situación de desigualdade.

A maior abastanza, e coa finalidade de ilustrar as afirmacións anteriormente realizadas, citamos o último dato (ano 2022) do Instituto Galego de Estatística (IGE), referente ás licenzas federadas por sexo: dun total de 297.052 persoas federadas en Galiza, menos da cuarta parte son mulleres; concretamente, a porcentaxe sobre o total, é só dun 24% de mulleres deportistas federadas.

Mais tamén a estatística fai proba de nesgos e estereotipos de xénero, en virtude dos cales as mulleres están subrepresentadas en determinadas actividades deportivas, mentres que noutras aparecen sobrerrepresentadas. Así as cousas, os últimos datos do IGE, correspondentes ao ano 2022, reflicten exemplos desta situación ao analizarmos as





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

porcentaxes segundo número de persoas federadas e actividade deportiva. Por unha banda, no fútbol só o 7% das licenzas pertencen a mulleres fronte ao 92% de homes; no boxeo, as mulleres con licenza representan un 7%; no ciclismo, un 8% ou no baloncesto, un 35%. Por outro lado, noutras actividades deportivas existe unha sobrerrepresentación feminina ou por riba do promedio. Así, están claramente feminizadas as actividades de ximnasia, cunha porcentaxe de licenzas para mulleres do 89%; baile deportivo (78%); hípica (75%); voleibol (69%) ou patinaxe (68%)

En sentido semellante, podemos comprobar a persistencia actual de múltiples agresións ao colectivo LGBT, que se fan particularmente visíbeis no mundo do deporte. Esta grave realidade dificulta e impide que moitas persoas participen dentro do ámbito deportivo, ao non poderen convivir en situación de normalidade, polo único feito de posuír unha ou outra orientación sexual ou por causa da súa identidade de xénero.

A todos estes feitos, cómpre engadir a cativa regulación existente na nosa vixente Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galiza, onde apenas se recolle algunha actuación significativa encamiñada a eliminar a desigualdade e a LGTBfobia no deporte. Esta carencia normativa evidencia a necesidade dunha actualización, a través da correspondente reforma lexislativa. Unha reforma que promova e mellore as condicións laborais das deportistas e que contribúa á erradicación de actitudes e comportamentos que perpetúan o sexismo e a LGTBfobia, aínda frecuentes e de doada visualización nas diferentes actividades deportivas celebradas nas diversas instalacións deportivas do noso país.

Polos motivos expostos, desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego formulamos a seguinte Proposición de lei de modificación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galiza, que engade un novo Título X con tres capítulos, catro disposicións adicionais, unha derogatoria e dúas finais.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Artigo Único.** Engádesse á Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galiza un novo “Título X. Deporte e igualdade” coa seguinte redacción:

“Un. TÍTULO X. Deporte e igualdade

Capítulo I. Disposicións xerais

Artigo 165. Obxectivos esenciais

Dentro da definición das políticas públicas a levar a cabo pola Administración da Xunta de Galiza para a promoción e impulso da igualdade no deporte galego, serán considerados obxectivos esenciais os seguintes:

- a) O acceso de todas as persoas á práctica deportiva conforme aos principios de igualdade de trato e equidade, con respecto á diversidade e eliminación de roles, estereotipos e nesgos en función do sexo.
- b) Formar, informar e educar con perspectiva de xénero e diversidade sexual a todas as persoas que realizan funcións dentro do departamento da Xunta de Galiza competente en materia de deporte; ás persoas traballadoras e directivas das distintas federacións deportivas de Galiza, así como ao persoal encargado do desenvolvemento do deporte escolar nos centros educativos de Galiza.
- c) Realizar estudos estatísticos sobre roles, situación económico-profesional deportiva das mulleres e as persoas LGTBT no deporte galego, así como de avaliación respecto de eventuais agresións e/ou desconsideracións persoais por razóns de xénero e/ou orientación e diversidade sexuais. Tales estudos estatísticos





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

deberán realizarse cunha periodicidade cuadrienal, a través do correspondente financiamento público.

d) Promover unha representación equilibrada entre homes e mulleres en todos os órganos deportivos dependentes da Administración pública galega, así como naqueles órganos integrados nas distintas federacións deportivas.

e) Fortalecer e ampliar as relacións de cooperación e coordinación entre os departamentos da Xunta de Galiza competentes en materia de igualdade e de deporte, coa finalidade de acadar unha maior eficiencia e eficacia á hora de impulsar as necesarias políticas públicas no ámbito deportivo baixo condicións de igualdade real e efectiva.

f) Garantir a introdución do principio de igualdade e equidade en todas as regulamentacións das federacións deportivas, así como doutras entidades organizadoras de actividades deportivas, coa finalidade de eliminar calquera tipo de discriminación por razón de sexo, orientación ou diversidade sexuais; con excepción daquelas accións positivas impulsadas para lograr o equilibrio competitivo ou a igualdade en equidade anteriormente citada.

g) Garantir os orzamentos precisos para combater a fenda de xénero no deporte.

h) Fomentar o liderado feminino en todos os órganos galegos de representación deportiva.

Dous. Capítulo II. Creación da Comisión Galega de Igualdade no Deporte

Artigo 166. Comisión Galega da Igualdade no Deporte





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

1. A Comisión Galega da Igualdade no Deporte terá por obxectivo a consecución do acceso, participación, representación, visualización e práctica deportivas se realicen en condicións de igualdade. Con tal obxectivo, configurarase como un órgano colexiado, de carácter asesor e participativo; integrado por persoas e entidades con experiencia no ámbito da prevención e eliminación da violencia machista, así como de expertas analistas en materia de igualdade, en todas as súas vertentes.

2. A composición da antedita Comisión Galega da Igualdade no Deporte determinarase regulamentariamente, garantíndose en todo caso, na súa integración, un mínimo de 50% de mulleres.

3. En todo caso, estarán representadas na antedita Comisión os órganos da Xunta de Galiza competentes en materia de igualdade e de deporte, así como as federacións deportivas; as organización colexiais e persoas expertas de recoñecido prestixio nesta materia.

4. Así mesmo, a Comisión Galega da Igualdade no Deporte recibirá periodicamente estatísticas, estudos e análises do Observatorio Galego da Violencia de Xénero. Con tal fin, crearase dentro deste último órgano unha unidade administrativa, ou sección especializada, en materia de igualdade no deporte.

Tres. Capítulo III. Medidas preventivas e de promoción e conciliación no deporte feminino

Artigo 167. Medidas preventivas contra actos machistas e/ou LGBTfóbicos no ámbito deportivo.







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

1. As entidades e/ou persoas organizadoras de competicións e espectáculos deportivos deberán adoptar medidas adecuadas para evitar calquera tipo de violencia, ameaza, intimidación, acoso, prexuízo e/ou de calquera expresión constitutiva de condutas machistas e/ou LGTBfóbicas, en xeral. Así mesmo, deberán adoptar as medidas adecuadas para garantir o cumprimento por parte das persoas espectadoras das normas e condicións de acceso e permanencia nas diferentes instalacións e recintos deportivos galegos, de tal maneira que se garanta o respecto a todas as persoas, sen exclusións de ningún tipo.

2. A Xunta de Galiza creará o “Punto Lila”, como espazo accesíbel e seguro que garanta o anonimato para facilitar a denuncia ou comunicación voluntarias, de calquera conduta violenta –de carácter físico ou psíquico- que eventualmente se puidese producir no ámbito deportivo, atentatoria contra a igualdade entre homes e mulleres ou contra a orientación ou diversidade e/ou identidade sexuais.

3. As persoas que fosen denunciadas no referido Punto Lila -previa comprobación de veracidade dos feitos denunciados- así como aquelas persoas que amosaren comportamentos machistas durante a práctica deportiva veranse privadas de acceder aos diversos recintos deportivos, durante o tempo establecido nas sancións que lles fosen impostas e, de ser o caso, demandarase auxilio policial e/ou xudicial para impedir a entrada a ditas instalacións deportivas.

4. Realizaranse cursos formativos en materia de igualdade no deporte que abranguerán a todas as entidades públicas e ás distintas federacións deportivas. Así mesmo, suxeitaranse todo tipo de axudas públicas e patrocinios á realización deste tipo de cursos, por parte de entidades estritamente privadas que desenvolvan actividades deportivas.

5. A Xunta de Galiza realizará campañas periódicas de concienciación nesta materia nos medios públicos e privados, alertando sobre condutas machistas no deporte e





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

destinaranse, de modo especial, á mocidade. Así mesmo, realizaranse campañas periódicas informativas sobre igualdade de xénero e diversidade sexual xunto cos valores do respecto e da cooperación, como valores básicos en materia deportiva.

6. As federacións deportivas galegas deberán realizar un informe anual en materia de igualdade, que terá por obxecto a avaliación do impacto de xénero das medidas impulsadas, así como a análise do discurrir das competicións organizadas. Este informe deberá ser presentado na dependencias da Xunta de Galiza con competencias en materia de igualdade e de deporte, co fin de que sexan tidos en conta á hora de artellar as correspondentes políticas públicas na materia.

7. A Xunta de Galiza, adoptará aquelas medidas pertinentes para garantir unha retransmisión mediática sobre competicións deportivas, libre de calquera tipo de cousificación e/ou estereotipos sexistas.

8. A Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galiza garantizará a igualdade entre os premios financiados total ou parcialmente con fondos públicos. A referida igualdade abranguerá tanto á cantidade económica entregada como premio, como á proxección mediática do galardón.

9. A Xunta de Galiza garantizará o equilibrio na retransmisión deportiva da CRTVG – incluídos os informativos e os eventos deportivos- entre as competicións masculinas e femininas das diferentes disciplinas deportivas.

10. A Xunta garantizará a igualdade de remuneración entre homes e mulleres deportistas cando o traballo efectuado por uns e outras fose o mesmo.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

11. Os poderes públicos garantirán que o ensino deportivo en Galiza se imparta desde unha perspectiva de xénero, tanto nas etapas de educación obrigatoria como as non obrigatorias.

#### Artigo 168. Medidas de promoción e conciliación do deporte feminino en Galiza.

1. A Xunta de Galiza creará plans de conciliación familiar para todas as persoas deportistas profesionais, en evitación de escollas forzadas pola disxuntiva xerada entre continuar coa carreira deportiva ou a crianza de fillas/os ou persoas ao seu cargo.

2. A Xunta de Galiza artellará as medidas adecuadas para garantir os dereitos laborais de todas aquelas mulleres que decidan exercer a maternidade, sen que esta decisión poña en risco o seu traballo como deportistas profesionais.

3. A Xunta de Galiza, destinará as correspondentes partidas orzamentarias suficientes para levar a cabo medidas de promoción, mellora e incremento do deporte feminino galego.

4. A Xunta de Galiza condicionará as axudas públicas destinadas aos clubs e federacións deportivas, ao cumprimento dos preceptos de igualdade preceptuados nesta lei.

5. A Xunta de Galiza impulsará as selección galegas femininas , estendéndooas a todas as categorías, incluída a sénior.

6. A Xunta de Galiza comprometerase a subvencionar unha parte da cota federativa das mulleres deportistas integradas no ámbito rural, en compensación polas eivas e/ou dificultades engadidas, derivadas do lugar onde está radicada a súa morada e que as discrimina respecto das persoas deportistas residentes en ámbitos urbanos.



7. A Xunta de Galiza favorecerá o apoio económico e xurídico aos clubs exclusivamente femininos con bolsas de axuda capaces de garantir a competición en condicións de igualdade respecto ao resto de clubs.

### **Disposicións Adicionais**

Primeira. Para dar cumprimento ao preceptuado no apartado 1 do artigo 166 da presente lei, a Xunta, nun prazo de seis meses, a contar desde a súa entrada en vigor, aprobará o correspondente regulamento de creación, composición e funcionamento da Comisión Galega da Igualdade no Deporte. A antedita creación asegurárase a través do orzamento suficiente para o cumprimento dos seus fins.

Segunda. Co obxectivo de dar cumprimento ao establecido no apartado 4 do artigo 166, no prazo de seis meses, a contar desde a entrada en vigor desta lei, a Xunta de Galiza creará unha unidade ou sección especializada en materia de igualdade no deporte, incluída no Observatorio Galego da Violencia de Xénero. O artellamento da antedita unidade ou sección estará suficientemente orzamentada.

Así mesmo, no mesmo prazo, ditará o regulamento correspondente para o funcionamento da referida unidade ou sección, conforme os obxectivos definidos no artigo 166 desta lei.

Terceira. A Xunta de Galiza, dentro do prazo de seis meses, contados a partir da entrada en vigor desta lei, elaborará un Plan para a Igualdade no Deporte, debidamente orzamentado. Este Plan será obxecto de seguimento e avaliación, con periodicidade anual.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Cuarta. Co obxectivo de dar cumprimento ao preceptuado no presente texto legal, a Xunta de Galiza, condicionará o destino de fondos públicos para o deporte -subvencións e patrocinios- á realización de cursos e demais actuacións formativas en materia de igualdade.

### **Disposición Derrogatoria**

Única. Quedan derogadas cantas disposicións normativas se opoñan ao presente texto legal.

### **Disposicións finais**

Primeira. Habilitación regulamentaria

Facúltase á Xunta de Galiza para ditar cantas disposicións regulamentarias foren precisas para o adecuado desenvolvemento desta norma.

Segunda. Entrada en vigor

A presente lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Diario Oficial de Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## **ANTECEDENTES LEXISLATIVOS DA PROPOSICIÓN DE LEI DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2012, DO 2 DE ABRIL, DO DEPORTE DE GALIZA**

- Artigos 9.3; 10; 14; 43.3 e 148. 19ª da Constitución española de 1978.
- Artigos 4.1 e 2, así como o artigo 27.22 Estatuto de Autonomía de Galiza de 1981.
- Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galiza.
- Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Lei 30/2003, do 13 de outubro, sobre medidas para incorporar a valoración do impacto de xénero nas disposicións normativas que elabore o goberno.
- Decreto legislativo 2/2015, 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade
- Decreto 165/2020, do 17 de setembro, polo que se regula o deporte de alto nivel, de alto rendemento e de rendemento deportivo de base de Galiza.
- Lei 5/2010, do 23 de xuño, pola que se establece e regula unha rede de apoio á muller embarazada.
- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galiza.
- Decreto 63/2018, do 31 de maio, polo que se regula a composición e funcionamento da Comisión Galega de Control da Violencia e o procedemento sancionador na materia.
- Decreto 85/2014, do 3 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Entidades Deportivas de Galiza





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- Decreto 120/2013, do 24 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Comité Galego de Xustiza Deportiva.
  
- Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas.
  
- Decreto 171/2021, do 23 de decembro, polo que se modifica o Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas.
  
- Decreto 157/2012, de 5 de xullo de 2012, polo que se desenvolve a lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero no relativo aos órganos consultivos e de participación.

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2024

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Ana Pontón Mondelo na data 19/04/2024 13:05:51**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Rosana Pérez Fernández, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonso, Cristina Fernández Davila, Secundino Fernández Fernández, Alexandra Fernández Gómez, Ariadna Fernández González, Xosé Manuel Golpe Acuña, Carmela González Iglesias, Oscar Insua Lema, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Brais Ruanova Vilas-Boas, Iago Suárez Fernández, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Iria Taibo Corsanego, Montserrat Valcárcel Armesto e Sonia Vidal Lamas**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia**, relativa ás medidas a tomar para facer atractiva a Atención Primaria.

### XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se pronuncie canto antes sobre esta cuestión.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Partido Popular xa non consegue tapar con propaganda a situación dramática da Atención Primaria. Os gravísimos problemas estruturais consecuencia de 15 anos de recortes e privatización.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Unha radiografía da situación son os miles de galeg@s que non teñen médico asignado, @s que teñen que agardar semanas para ter unha cita, @s miles de nen@s sen pediatra, ou @s profesionais exhaust@s

A responsabilidade da Xunta era planificar e organizar e non o fixo a mantenta e agora pretenden que aceptemos como normal a falta de atención, días de espera para ter unha cita.

O resultado está á vista, segundo os últimos datos publicados polo IGE, Atención Primaria perdeu 61 profesionais de Medicina de Familia e Comunitaria, 39 no último ano.

Na última convocatoria de formación, MIR, a especialidade de médico de familia quedaron sen cubrir 63 prazas, 1 de cada 3 ofertadas, un 60% máis que o ano anterior.

Estes datos son un síntoma claro do rechazo ás condicións de traballo, á desconsideración, a unha formación cada vez máis deficitaria por falta de titores, falta de tempo, falta de motivación. Ao igual que a desbandada que se produce cada ano cos que rematan a súa formación, que non se queren quedar en Atención Primaria, porque non aceptan traballar sen límite, sin calidade na atención, con risco para a saúde das doentes e de si mesmas.

Esta situación que non vai facer máis que empeorar polos centos de médicos, pediatras enfermeiras, matronas, que se van xubilar nos vindeiros anos.

Fuga de profesionais e drenaxe constante de doentes á sanidade privada, quen poida pagala e o que non quédase tirado.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

A realidade é que a continuidade asistencial está seriamente ameazada, nunha situación límite, do nivel asistencial fundamental que é a Atención Primaria, onde se resolven entre o 80 e 90 por cento dos procesos de saúde. É preciso poñer en marcha un cambio de modelo, un plan real que a faga atractiva e deixe de estar secundarizada, desprestixiada, minusvalorada, convertida en despacho de doentes.

Polas razóns expostas o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a poñer en marcha sin máis dilación medidas para facer atractiva a Atención Primaria para @s profesionais, para que poidan dispor dos recursos, tempo, número de doentes... que permitan unha atención de calidade.

1.- Aumentar o orzamento destinado á Atención Primaria até chegar ao 25%, na actual lexislatura, no inmediato aumentar o 2.2% (máis de douscentos millóns de €) para chegar á media do Estado.

2.- Modificación do Decreto que regula as Areas Sanitarias e os Distritos Sanitarios para crear unha estrutura de xestión da Atención Primaria con capacidade de decisión, orzamentaria e de recursos humanos.

3.- Presentar de inmediato un informe que permita ter unha radiografía fidedigna da situación do cadro de persoal de Atención Primaria ( número de profesionais por categorías, situación laboral, previsión de xubilacións, rateos profesionais-doentes...) para realizar unha planificación do número de profesionais precis@s axustada ás necesidades reais.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

4.-Rematar coa política de precariedade e explotación nas condicións laborais, contratar pola causalidade do mesmo, reducir a rotación e mobilidade ao mínimo imprescindible... para garantir calidade asistencial e que traballar e conciliar non sexa misión imposible.

5.- Poñer en marcha un Plan de retorno, captación e fidelización de profesionais, con ofertas atractivas e competitivas tanto no ámbito económico como das condicións laborais.

6.- Incorporación de categorías novas: psicoloxía clínica, terapeutas ocupacionais, logopedas, traballadoras sociais, podólogos, ópticos- optometristas... onde existen profesionais para poder ser contratad@s

7.- Tomar todas as medidas precisas para garantir que na formación universitaria a presenza da Atención Primaria sexa acorde á relevancia que este nivel asistencial representa na atención á poboación.”

Santiago de Compostela, 22 de abril de 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 22/04/2024 16:44:31**

**José Manuel Golpe Acuña na data 22/04/2024 16:44:51**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Ramón Fernández Alfonzo na data 22/04/2024 16:44:59**

**Óscar Insua Lema na data 22/04/2024 16:45:08**

**Luis Bará Torres na data 22/04/2024 16:45:17**

**Ariadna Fernández González na data 22/04/2024 16:45:29**

**Brais Ruanova Vilas-Boas na data 22/04/2024 16:45:37**

**Cristina Fernández Davila na data 22/04/2024 16:45:45**

**Carmela González Iglesias na data 22/04/2024 16:45:51**

**Paulo Ríos Santomé na data 22/04/2024 16:45:58**

**Alexandra Fernández Gómez na data 22/04/2024 16:46:10**

**María Montserrat Prado Cores na data 22/04/2024 16:46:26**

**Secundino Fernández Fernández na data 22/04/2024 16:46:36**

**Sonia Vidal Lamas na data 22/04/2024 16:46:45**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 22/04/2024 16:46:52**

**Noa Presas Bergantiños na data 22/04/2024 16:47:01**

**Iago Suárez Fernández na data 22/04/2024 16:47:11**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Montserrat Valcárcel Armesto na data 22/04/2024 16:47:19**

**Daniel Castro García na data 22/04/2024 16:47:28**

**Olalla Rodil Fernández na data 22/04/2024 16:47:43**

**Iria Taibo Corsanego na data 22/04/2024 16:47:51**

**Iria Carreira Pazos na data 22/04/2024 16:48:01**

**Daniel Pérez López na data 22/04/2024 16:48:11**

**Rosana Pérez Fernández na data 22/04/2024 16:48:21**

**Mercedes Queixas Zas na data 22/04/2024 16:48:32**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Rosana Pérez Fernández, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonso, Cristina Fernández Davila, Secundino Fernández Fernández, Alexandra Fernández Gómez, Ariadna Fernández González, Xosé Manuel Golpe Acuña, Carmela González Iglesias, Oscar Insua Lema, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Brais Ruanova Vilas-Boas, Iago Suárez Fernández, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Iria Taibo Corsanego, Montserrat Valcárcel Armesto e Sonia Vidal Lamas**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia**, relativa ás medidas a tomar diante do xenocidio que está cometendo Israel co pobo palestino.

### XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se pronuncie canto antes sobre esta cuestión.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 15 de maio o pobo palestino celebra a «Nakba» en lembranza do momento no que en 1948 foron forzados polo estado de Israel a abandonar os seus fogares, iniciándose un éxodo masivo e millóns de refuxiad@s.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Esta situación non fixo máis que agravarse ano tras ano até chegar á situación actual na que estamos asistindo desde principios de outubro a unha inhumana e brutal ofensiva de Israel contra o pobo palestino. Bombardeos indiscriminados a hospitais, escolas, campos de persoas refuxiadas, refuxios, destrución de vivendas e de calquera medio de subsistencia; un asedio total, co corte de subministros de auga, alimentos, electricidade ou combustíbel, o uso de fósforo branco. A día de hoxe leva matado a máis de dezaseis mil palestin@s na franxa de Gaza, dos que máis de cinco mil son menores, miles permanecen debaixo dos escombros ao non dispor de medios para poder rescatalos, ao que hai que sumar o asasinato de varios centos en Cisjordania.

A isto hai que sumar o desprazamento forzado de máis de un millóns setecentas mil persoas, a guerra psicolóxica...

Israel está cometendo á vista de todo o mundo crimes de guerra, de lesa humanidade, un auténtico xenocidio, unha tentativa de limpeza étnica, de baleirado de Gaza e Cisjordania para acabar ocupando todo o territorio de Palestina, labor na que leva desde 1948.

Esta barbarie non comezou o 7 de outubro, como queren facernos crer, senón que o levan perpetrando desde hai décadas, roubándolle as terras ao pobo palestino, expulsando a máis de seis millóns de palestin@s, que non poden volver, de continuo acoso á poboación civil, de creación de asentamentos de poboación israelí en territorio palestino, de destrución planificada de vivendas, deixando a familias enteiras sen nada e mesmo a detención e encarceramento arbitrario, incluso de menores e o asasinato sistemático de civís.

Na Faixa de Gaza vivía máis de 2 millóns de palestin@s, dos que o 70% son persoas refuxiadas expulsadas dos seus fogares. Malviven confinad@s nun auténtico







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

cárcere a ceo aberto, de apenas 365 quilómetros cadrados, agora convertido nun horrendo cemiterio.

Todo isto acontece coa pasividade dunha chamada “comunidade internacional” que mira para outro lado, que normalizou a ocupación e a colonización, converténdose en cómplice da política de exterminio levada a cabo por Israel.

Hai que lembrar que a ONU ten emitido máis de 1000 resolucións sobre o conflito, desde que en 1947 Palestina foi dividida en dúas partes. Israel ocupou pola forza en 1967, Guerra dos Seis Días, Gaza, Cisjordania e Xerusalén Este, expulsando á poboación Palestina.

O Parlamento de Galiza non pode permanecer impasíbel ante as atrocidades que está levando a cabo Israel contra o Pobo palestino, hai que rematar coa súa impunidade, razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia:

“O Parlamento de Galiza amosa a súa solidariedade co pobo palestino e condena os ataques israelís na franxa de Gaza, a súa política xenocida co pobo palestino, esixe o seu fin, a retirada de Israel dos territorios palestinos ocupados e o cumprimento dos acordos internacionais e das resolucións das Nacións Unidas para rematar coa actual situación garantindo o exercicio do dereito de autodeterminación do pobo palestino constituíndo un estado propio sen inxerencias estranxeiras.

O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a que se dirixa ao Goberno español para que por parte deste se proceda a ter unha actuación contundente tanto propia como nas institucións internacionais nas que está presente, nomeadamente a UE e as Nacións Unidas para:

1.- Proceder ao recoñecemento do Estado de palestina.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

2.- Ruptura de relacións diplomáticas con Israel.

3.- Poñer en marcha todas as actuacións para levar ante a Corte Penal Internacional a Benjamin Netanyahu, ao seu goberno e colaboradores por crimes de guerra e de lesa humanidade contra o pobo palestino.

4.- Esixir de inmediato o cese ao fogo.

5.- Esixir a apertura inmediata de corredores humanitarios e a entrada da axuda humanitaria para asistir á poboación palestina.

6.- Esixir o embargo de armas a Israel.

7.- Esixir o cumprimento dos acordos internacionais e das resolucións das Nacións Unidas para rematar coa actual situación garantindo o exercicio do dereito de autodeterminación do pobo palestino.”

Santiago de Compostela, 22 de abril de 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 22/04/2024 17:30:19**

**Mercedes Queixas Zas na data 22/04/2024 17:30:30**

**Rosana Pérez Fernández na data 22/04/2024 17:30:39**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Daniel Pérez López na data 22/04/2024 17:30:48**

**Iria Carreira Pazos na data 22/04/2024 17:30:57**

**Iria Taibo Corsanego na data 22/04/2024 17:31:07**

**Olalla Rodil Fernández na data 22/04/2024 17:31:14**

**Daniel Castro García na data 22/04/2024 17:31:23**

**Montserrat Valcárcel Armesto na data 22/04/2024 17:31:32**

**Iago Suárez Fernández na data 22/04/2024 17:31:41**

**Noa Presas Bergantiños na data 22/04/2024 17:31:52**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 22/04/2024 17:32:00**

**Sonia Vidal Lamas na data 22/04/2024 17:32:10**

**Secundino Fernández Fernández na data 22/04/2024 17:32:21**

**María Montserrat Prado Cores na data 22/04/2024 17:32:28**

**Alexandra Fernández Gómez na data 22/04/2024 17:32:44**

**Paulo Ríos Santomé na data 22/04/2024 17:32:54**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Carmela González Iglesias na data 22/04/2024 17:33:01**

**Cristina Fernández Davila na data 22/04/2024 17:33:07**

**Brais Ruanova Vilas-Boas na data 22/04/2024 17:33:14**

**Ariadna Fernández González na data 22/04/2024 17:33:24**

**Luis Bará Torres na data 22/04/2024 17:33:33**

**Óscar Insua Lema na data 22/04/2024 17:33:39**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 22/04/2024 17:33:46**

**José Manuel Golpe Acuña na data 22/04/2024 17:33:53**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Noa Presas Bergantiños, Ariadna Fernández González e Olalla Rodil Fernández**, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á valoración por parte do goberno galego da evolución da violencia vicaria no noso país e na nosa contorna así como dos recursos e mecanismos a impulsar para previr e atender esta forma de violencia machista.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Coñecemos como violencia vicaria aquela forma de violencia machista que é directamente exercida sobre os fillos ou fillas co obxectivo de impoñer dano á muller. Esta violencia é habitualmente a continuación doutras violencias exercidas contra a nai e provócase co obxectivo de causar dano a través de “interpósita persoa”, alcanzando o seu grao máis extremo e elevado de crueldade no asasinato das crianzas.

A partir da aplicación do Convenio de Istambul e das conclusións de diferentes estudos e xurisprudencia, así como das mobilizacións de diferentes asociacións de mulleres, na última década o marco legal e de protección ante a violencia machista foi avanzando no recoñecemento e atención a esta forma específica de violencia, unha forma de violencia que até hai poucos anos nin sequera computaba nas estatísticas oficiais do Estado, contribuíndo á invisibilización, á revitimización e ao dano sobre as súas vítimas.





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

No marcos do avances dos últimos tempos, o propio Parlamento Galego aprobou no ano 2021 unha reforma da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, co obxectivo de recoñecer como vítimas de violencia de xénero aquelas mulleres que teñen ou tiveron que padecer o homicidio, asasinato ou calquera outra forma de violencia exercida sobre as fillas ou fillos da muller ou de calquera outra persoa estreitamente unida a ela, por parte de quen sexa ou fose o seu cónxuxe ou por quen mantivo con ela unha relación análoga de afectividade aínda sen convivencia. Ampliábase así, en consecuencia, o concepto de violencia de xénero e avanzábase no recoñecemento explícito deste tipo de violencia como unha forma de violencia machista. Así mesmo, na reforma da lei galega impulsouse o recoñecemento retroactivo para as vítimas.

Así as cousas, malia os avances na visibilización e recoñecemento deste tipo de violencia e malia os cambios no ámbito da lexislación, así como as medidas incluídas no Pacto de Estado, a realidade é que esta forma de violencia continúa a ser exercida con intensidade. Recentemente, diversos casos de violencia vicaria no ámbito do Estado, algúns nos que se levantaran ou non tomaran medidas de protección xudicial, están a reabrir o debate sobre as medidas que impulsar neste ámbito.

Malia estarmos aínda no primeiro semestre de 2024, as estatísticas, que no Estado español só se rexistran desde 2013, avanza a posibilidade de que este sexa xa o ano con máis vítimas de violencia vicaria de toda a serie histórica, con sete casos no que vai de ano e con 57 desde o inicio da recadación de datos.

É preciso facermos unha avaliación e reflexión sobre os mecanismos de prevención, protección e intervención na loita contra a violencia machista e no que atinxe ás e aos menores, desde o funcionamento dos Puntos de Encontro Familiar ao funcionamento dos protocolos interinstitucionais dos que nos temos dotado, os





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

mecanismos de emerxencia, as axudas económicas ou as medidas de sensibilización en distintos ámbitos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento Galego insta a Xunta de Galiza a facer unha valoración dos mecanismos de prevención, atención e intervención ante a violencia vicaria de cara a poder impulsar, no ámbito galego e estatal, propostas de mellora. Para tal obxecto reunirá a Comisión interdepartamental de Igualdade, o Observatorio Galego da Violencia de Xénero, Mesas de coordinación interinstitucional de ámbito local e xeral para recadar achegas e remitiraas á cámara galega para a súa participación das mesmas.”

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2024

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

**Ariadna Fernández González**

Deputadas do G.P. do BNG

**Olalla Rodil Fernández**

Portavoz s. do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Noa Presas Bergantiños na data 11/04/2024 18:25:29**

**Ariadna Fernández González na data 11/04/2024 18:30:31**

**Olalla Rodil Fernández na data 11/04/2024 18:30:51**





## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **Carmen Rodríguez Dacosta** e **Lara Méndez López**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en Pleno.

O Plan de prevención de incendios leva anos sendo elaborado unilateralmente pola Xunta de Galicia, segundo denuncian ano tras ano membros do Consello Forestal.

Entre eles están as organizacións sociais que detectaron fallos e eivas que afectan ao normal funcionamento na aplicación do Pladiga, como é o caso do conxunto do plano de prevención de incendios forestais da Xunta de Galicia que afectan gravemente ao patrimonio natural, á economía e ao conxunto da sociedade do país, sen que a Xunta de Galicia busque alternativas reais á situación na que se encontra a nosa comunidade autónoma en relación e esta lacra.

A crise climática global obriga a que se adopten medidas co fin de que o operativo de prevención e extinción se poida expandir e contraer en función das necesidades reais que se produzan en cada momento e para iso necesitanse medios materiais e técnicos pero tamén un servizo de prevención e extinción profesional, único e estable.

Hai unha falla de vixilancia as 24 horas do día en días de perigo alto de incendio con moitas zonas de sombra que permanecen sen atención e afastadas de poboacións que poidan alertar en tempo suficiente, hai incendios que cando se sabe deles xa teñen unhas dimensións considerables cun maior





risco de propagación, maior risco para as persoas e os bens, e incremento dos custes de extinción.

Non se poden ter pechados os puntos de vixilancia fixos, estratéxicos para unha axeitada protección dos ecosistemas forestais substituíndo estes puntos de vixilancia con profesionais exclusivamente por cámaras. A vixilancia ao través dos postos fixos segue a ser o mellor e máis eficaz método de detección e prevención de incendios. Os vixiantes son habitualmente veciños da zona onde realizan o seu traballo, coñecen os lugares e teñen unha gran experiencia na detección inmediata de incendios e diferenciación de falsas alarmas, de transmitir os datos clave do incendio como descrición, vexetación afectada inicialmente, potencial do incendio, risco inmediato para poboacións próximas para activar medidas extraordinarias de protección, así como orientar aos medios de extinción.

Non se cobren todas as baixas do persoal de prevención e extinción propias, algunhas delas non se cobren en anos, feito demostrable se se consulta con calquera brigada de calquera distrito (tanto fixos como fixos-discontínuos), moitas brigadas día tras día só entran con dous ou tres compoñentes ou incluso 1 só compoñente, a media debe de ser de catro a cinco bombeiros forestais, como mínimo, por brigada para garantir tanto a operatividade na extinción como a seguridade dos traballadores e da poboación.

Baixas de axentes forestais sen cubrir (distritos forestais onde tiña que haber entre 20-23 axentes ambientais/axentes forestais só están operativos para traballos de prevención-extinción de incendios 14-15 axentes), isto afecta directamente á eficacia do operativo de prevención-extinción de incendios, maior carga de traballo, suspensión de vacacións, incumprimento da lexislación existente en canto á compatibilidade da vida laboral e familiar, maior perigo para os ecosistemas forestais de Galicia por unha menor protección, maior tempo de reacción diante dos incendios e menor eficacia por non poder realizar





os labores propios destes profesionais por falla de persoal. Ademais, obsérvase una maior necesidade de que se cubran todas as prazas de axentes desde a implantación do Sistema Estrutural de Mando Operativo SEMOP, que establece unha mellora na coordinación de incendios pero tamén un maior número de axentes dispoñibles para a extinción.

É preciso optimizar os medios e recursos públicos dispoñibles con iso melloraremos a operatividade, melloraremos o tempo de reacción, melloraremos a extinción dos incendios e minimizaremos os seus efectos cando se produzan.

Non é certo que haxa 7.000 persoas no operativo de extinción de incendios forestais de Galicia pois moitas das persoas que din estar operativas na realidade non están a disposición ou sinxelamente son prazas vacantes ou baixas sen cubrir. Ademais, non é máis que un *bluf* no que se prevé una cantidade de medios públicos doutras administracións que en realidade non son medios de extinción ou de primeira liña de lume. O dispositivo do SPIF conta con case 3.000 persoas que dista moito da realidade que aparece nas presentacións aos medios de comunicación.

Existen incumprimentos do “Plan prevención de riscos laborais” e dos “Plans de Acción” a levar adiante nos servizos forestais públicos da Xunta de Galicia. Na maioría dos distritos forestais non hai análise de intervención, reunións para mellorar a súa operatividade e funcionamento, faltan protocolos para coordinar os propios medios con que conta a Consellaría, coordinarse axeitadamente con outros medios que integran o operativo Pladiga. Non se respectan as distintas estruturas operativas do distrito nin as funcións de cada un dos seus integrantes. Na ampla maioría dos casos funcionase por inercia e sen un obxectivo claro. Distritos onde non hai ningunha reunión ao longo de todo o ano, que ocasiona que á hora de se produciren emerxencias, se actúe nalgúns casos de maneira improvisada. Sen unificar criterios na xestión do persoal





propio, organización do traballo, horarios, vacacións, reunións de coordinación, estrutura e funcionamento dos distritos forestais. Cinco distritos forestais por provincia, 19 distritos forestais en Galicia, 19 territorios que funcionan cada un á súa maneira sen protocolos claros e sen unificación dos criterios máis básicos.

Os traballos de prevención de incendios (áreas cortalumes, devasas, faixas auxiliares de pistas e camiños, rozados, faixas de xestión de biomasa...), non se realizan ao seu debido tempo. Os traballos de prevención de incendios forestais e de xestión de biomasa deben de realizarse antes do mes de xuño de cada ano.

É de resaltar a falla de divulgación do Pladiga entre os propios integrantes que teñen que cumprir este protocolo de actuación, o Pladiga presentado todos os anos no Consello Forestal de Galicia e aprobado polo Consello da Xunta de Galicia.

É imprescindible que a Administración galega presente o Pladiga ante o Consello Forestal, órgano de carácter consultivo e de asesoramento da Xunta de Galicia e canle de participación da sociedade galega co fin de que se incorporen as achegas que realicen os participantes e se consensúe o Plan de prevención e defensa contra incendios.

Este grupo parlamentario incide na necesidade de presentar o Pladiga con anterioridade do ano en curso, os incendios forestais na actualidade non entenden de estación, ten pouca lóxica que se presente o plan todos os anos xa con case medio ano de sucesos e de prevención que xa debería estar realizada.

Por todo iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 12/04/2024 10:44:07  
**Nº Rexistro: 1664**  
Data envío: 12/04/2024 10:44:07.688

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que, de inmediato, unha vez presentado o borrador do Pladiga ante o Consello Forestal se proceda á súa aprobación de forma participativa e consensuada.

Parlamento de Galicia, 12 de abril de 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Rodríguez Dacosta na data 12/04/2024 10:36:02**

**Lara Méndez López na data 12/04/2024 10:36:14**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 12/04/2024 10:36:27**

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  981.55.15.30

4663

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-pYsD1r6DJ-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Xosé Manuel Golpe Acuña**, **Brais Ruanova Vilas-Boas** e **Ramón Fernández Alfonzo** e da deputada **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a situación do gasoducto Guítriz – Zamora e a súa inclusión no corredor europeo BarMar.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O hidróxeno verde está chamado a ser un vector enerxético de primeira magnitude. A súa aplicación como almacén enerxético vai xogar un papel significativo, tanto no sector eléctrico, como na mobilidade; pero tamén nas súas aplicacións térmicas mesturado con outros gases.

Galiza, territorio transformado de enerxía, non é allea a este novo actor do sector enerxético, e proba disto son os diversos proxectos de xeración de hidróxeno verde que están proxectados na nosa comunidade, onde destacan as iniciativas de H2 Pole (Reganosa e EDP Renovables), Julio Verne (Autoridade Portuaria de Vigo), A Coruña Green Port H2 Mobility (Enerfin), H2 Galicia (Foresa e Iberdrola) e o plan de produción de hidróxeno verde a partir de fotovoltáica para a área portuaria de Bouzas.

Todos estes proxectos precisan dunha infraestrutura que permita evacuar o hidróxeno xerado cara as redes de distribución que permita comercializar o gas xerado, establecer sinerxías con mercados e clientes potenciais e mesmamente avanzar na investigación e desenvolvemento de novos sistemas de xeración e distribución de hidróxeno.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

A Xunta de Galicia, a través de Reganosa, propuxo a creación da interconexión Guitriz – Zamora, a través dun gasoduto que de acceso á rede galega de gasodutos ao primeiro corredor de hidróxeno renovable da Unión Europea (UE), bautizado como “H2Med” e nomeado agora como “BarMar”. á convocatoria para Proxectos de Interese Común (PCI, polas súas siglas en inglés) co obxectivo de obter financiamento comunitario.

Logo da venda dos activos de distribución gasista de Reganosa a Enagás, esta última adquiriu o compromiso da promoción do gasoduto Guitriz-Zamora, mesmamente aínda que este non se inclúa nos proxectos PCI, e así figura na páxina web da compañía: <https://www.enagas.es/es/sala-comunicacion/actualidad/notas-prensa/hidroducto-guitriz-zamora/>

*Después de que este proyecto fuese presentado a la convocatoria de PCI por Reganosa en diciembre de 2022, las dos compañías cerraron un acuerdo en septiembre de este año 2023 por el que **Enagás ha pasado a ser el promotor del eje Guitriz-Zamora**. La compañía continuará impulsando y desarrollando los trabajos necesarios para poner en marcha el proyecto de este hidroducto, al mismo tiempo que el resto de los ejes de la Red Troncal Española de Hidrógeno.*

***Enagás promoverá el desarrollo de proyectos como el de Guitriz-Zamora y otros, que tras el análisis de los resultados de la Call For Interest, se consideren necesarios en la Red Troncal Española de Hidrógeno para atender la demanda nacional en España, independientemente de su inclusión en la lista de PCI.***

O Regulamento (UE) 2022/869 establece un marco para a determinación, planificación e execución dos proxectos de interese común ("PIC") necesarios para implantar os once corredores xeográficos prioritarios de infraestruturas enerxéticas estratéxicas determinados nos ámbitos da electricidade, redes marítimas, hidróxeno e electrolizadores, e os tres ámbitos prioritarios das infraestruturas enerxéticas a nivel da





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Unión (redes eléctricas intelixentes, redes de gas intelixente e redes de transporte de dióxido de carbono). Tamén establece un marco para a identificación, planificación e execución de proxectos de interese mutuo ("PIM") desenvolvidos pola Unión xunto con terceiros países nos ámbitos das redes de transporte de electricidade, hidróxeno e dióxido de carbono.

Este regulamento foi modificado polo Regulamento Delegado (UE) 2024/1041 Da Comisión dende o 28 de novembro de 2023, no que se refire á lista da Unión de proxectos de interese común e proxectos de interese mutuo. Esta Regulamento Delegado non inclúe o gasoduto Guitriz – Zamora como Proxecto de Interese Común.

Diante da constatación da falla de financiamento europeo, para a construción desta infraestrutura clave no desenrolo do hidróxeno verde en Galiza, así como da falta de información fiable sobre os acordos Reganosa – Enagás compre ter a certezas sobre do futuro deste gasoduto.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a impulsar a construción do gasoduto Guitriz-Zamora.”

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2024

Asdo.: **Xosé Manuel Golpe Acuña**  
**Ramón Fernández Alfonso**  
**Brais Ruanova Vilas-Boas**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**José Mael Golpe Acuña na data 12/04/2024 10:52:16**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 12/04/2024 10:57:17**

**Brais Ruanova Vilas-Boas na data 12/04/2024 10:58:13**

**Ana Pontón Mondelo na data 12/04/2024 10:58:16**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Xosé Manuel Golpe Acuña**, **Brais Ruanova Vilas-Boas** e **Ramón Fernández Alfonzo** e da deputada **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre o fomento de comunidades enerxéticas de base cidadá na Galiza.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A produción, distribución e consumo é un sector estratéxico da economía e debería ser un dereito fundamental da cidadanía, mais no actual contexto económico converteuse nun ben moi custoso e sometido aos vaivéns e aos intereses do mercado. A regulación do sector enerxético provoca movementos especulativos e un réxime de oligopolio no que unhas poucas empresas teñen o control de case toda a cadea do sector eléctrico, o que xera beneficios multimillonarios para un reducido grupo de actores e graves perxuizos para a maioría social. A escalada dos prezos da enerxía eléctrica que se produciu ao longo do ano 2021 e nos primeiros meses do 2022 é unha das caras máis visíbeis dun sistema cruel e inxusto, unha realidade que ten un importante impacto negativo nos sectores económicos, nas pemes, e nos fogares.

Dende o BNG defendemos cambios estruturais no modelo enerxético que pasan pola intervención pública no sector, medidas de redución do prezo, supresión dos beneficios chovidos do ceo ou creación dunha tarifa eléctrica galega que permita reducir o prezo da luz atendendo á condición de Galiza de exportadora de enerxía eléctrica. Ao mesmo tempo, nos últimos anos agromaron movementos sociais que cuestionan o sistema enerxético centralizado e oligopolístico e defenden como alternativa modelos distribuídos, de proximidade que na práctica supoñen un maior grao de socialización e



democratización do acceso á enerxía e unha sorte de empoderamento enerxético cidadán. Como resposta a estes movementos, a UE incorporou no dereito comunitario as “comunidades enerxéticas”. Fíxoo en 2018 mediante a Directiva (UE) 2018/2001 e en 2019 coa Directiva (UE) 2019/944 coas que se incorpora o concepto das “comunidades enerxéticas locais” e as figuras xurídicas das “comunidades de enerxías renovábeis” (2018) e das “comunidades cidadás de enerxía” (2019). Estas entidades defínense como “calquera asociación, cooperativa, sociedade, organización sen ánimo de lucro ou outra entidade xurídica dedicada á xeración distribuída e á realización de actividades dun xestor de rede de distribución, subministrador ou agregador a nivel local”. Estas figuras xurídicas foron trasladadas á lexislación española mediante o Real Decreto lei 23/2020 polo que se aproban medidas en materia de enerxía e noutros ámbitos para a reactivación económica (que modifican determinados aspectos da Lei 24/2013 do sector eléctrico). No citado RD 23/2020 defínense as Comunidades de Enerxías Renovábeis como “entidades xurídicas baseadas na participación aberta e voluntaria, autónomas e efectivamente controladas por socios ou membros que están situados nas proximidades dos proxectos de enerxías renovábeis que sexan propiedade destas entidades xurídicas, cuxos socios ou membros sexan persoas físicas, pemes ou entidades locais, incluídos os concellos, e cuxa finalidade primordial sexa fornecer de beneficios medioambientais, económicos ou sociais aos seus socios ou membros, ou ás zonas locais onde operan, en lugar de ganancias financeiras”. As comunidades enerxéticas poden desenvolver as seguintes actividades:

- Xeración de enerxía procedente de fontes renovábeis.
- Servizos de eficiencia e rehabilitación enerxética.
- Subministro, consumo, agregación e almacenamento de enerxía, e potencialmente distribución.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- Prestación de servizos de recarga de vehículos eléctricos ou doutros servizos enerxéticos.

Se ben esta figura xurídica forma parte da lexislación comunitaria e estatal, está pendente a súa efectiva transposición mediante o desenvolvemento dos aspectos xurídicos, técnicos e financeiros que deben regular as comunidades enerxéticas locais e a súa participación no sector enerxético. Aínda que a finais de 2020 se abriu polo goberno central unha “Consulta pública previa de comunidades enerxéticas locais” non chegou a aprobarse o instrumento xurídico que debe regularlas.

Debido a esta indefinición legal, actualmente existen moitas trabas e restricións que dificultan a creación de comunidades locais de enerxía. A falta de seguridade xurídica está a provocar a ralentización de proxectos, que moitas veces teñen que tramitarse como proxectos de autoconsumo para salvar o baleiro legal. Ademais, as limitacións aplicadas na práctica de 0.5 km de distancia entre o punto de produción e de consumo; 2 km no caso de que a instalación sexa sobre cuberta. O límite administrativo de 100 kW para a tramitación de instalación en réxime simplificado, constitúen unha dificultade engadida para o interese e a viabilidade dos proxectos de autoconsumo colectivo e de comunidades enerxéticas. Para facer fronte a esta situación, numerosos colectivos e institucións están promovendo unha serie de demandas que deben incluírse no futuro decreto regulador das comunidades enerxéticas:

- a) O incremento da distancia até 5 km e da potencia até 5 MW
- b) A simplificación dos trámites administrativos
- c) A supresión de cargos e peaxes nas modalidades fora do autoconsumo.
- d) A ampliación das modalidades de compensación de excedentes, e aplicación do balance neto.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

No ámbito galego, as comunidades de montes en mancomún dirixíronse ao goberno central solicitando a súa inclusión na figura xurídica das “comunidades enerxéticas”, xa que coa actual regulación non poden actuar como tales.

Máis alá da regulación efectiva e favorábel das comunidades enerxéticas, as institucións públicas deben actuar como impulsoras, promotoras e fomentadoras deste modelo distribuído e de proximidade, como alternativa social ao modelo intensivo e depredador dos grandes polígonos enerxéticos de iniciativa privada que están literalmente ameazando e invadindo amplas zonas da xeografía galega.

No caso do goberno galego, debe impulsar por si propio e tamén en colaboración con concellos, con cooperativas, con pemes e con organización sociais un gran proxecto de país para a información, a formación, o asesoramento e o impulso de proxectos de comunidades enerxéticas.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta a trasladar ao goberno estatal unha proposta de regulación das comunidades enerxéticas de base cidadá, especialmente as radicadas no ámbito rural que dea a resposta ás demandas expresadas na exposición de motivos, e que recoñeza ás comunidades de montes veciñais en man común como comunidades enerxéticas de pleno dereito segundo o disposto nos artigos 12 bis e seguintes da Lei 24/2013.”

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2024





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Asdo.: **Xosé Manuel Golpe Acuña**

**Ramón Fernández Alfonso**

**Brais Ruanova Vilas-Boas**

Deputados do G.P. do BNG

**Luis Bará Torres**

Portavoz s. do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**José Mael Golpe Acuña na data 12/04/2024 11:04:51**

**Ramón Fernández Alfonso na data 12/04/2024 11:08:36**

**Brais Ruanova Vilas-Boas na data 12/04/2024 11:08:54**

**Luis Bará Torres na data 12/04/2024 11:09:11**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Alexandra Fernández Gómez** e **Carmela González Iglesias** e do deputado **Brais Ruanova Vilas-Boas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a promoción de vivenda pública no desenvolvemento da 2º fase do PAU de Navia en Vigo.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza mantivo paralizado, durante 14 anos, o desenvolvemento do PAU de Navia, a pesar de que no ano 2010 xa se comprometía a impulsar a 2º fase do PAU. Dende entón, o proxecto adoeceu dunha falla de iniciativa da Xunta e dunha política de confrontación estéril entre administracións. A paralización da vivenda pública foi, de feito, unha estratexia común ao conxunto do país e baixo o goberno do PP a promoción de vivenda pública reduciuse á súa mínima expresión.

Despois de anos de parálise, o 29 de xullo de 2020 o pleno do Concello de Vigo acordaba a aprobación definitiva da segunda modificación do Plan Parcial de Navia. En dito instrumento definíase a ordenación do ámbito, que abarca 27 ha de solo, e delimita 3 polígonos de actuacións, con dúas fases para cada unha delas. Segundo as previsións do IGVS a execución da 2º fase do PAU vaise desenvolver en 4 etapas: unha primeira coa urbanización das fases A e B do polígono 1, unha segunda coa urbanización do polígono 2A, unha terceira co 2B e unha cuarta coa urbanización das fases A e B do polígono 3. Por tanto, as primeiras actuacións comprenden apenas parte do actuación global na que se prevé a construción de 1.598 novas vivendas protexidas.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

En cuanto ao modelo de vivenda protexida que se pretende existen moitas incertezas. De acordo coa ficha de características do PXOM de Vigo o 100% da vivenda será protexida, mais non se especifica canta desta será de promoción pública e de promoción privada.

Por tanto, o IGVS ten a capacidade de impulsar, en maior ou menor grao, a promoción de vivenda pública. Lamentablemente non existe unha folla de ruta clara por parte do executivo galego, que foi mudando progresivamente de posición. Nun inicio os seus anuncios reducían a oferta de vivenda de promoción pública a tan só 80 vivenda respecto dun total de 1.598 vivendas protexidas proxectadas. É dicir, apenas o 5% do total das vivendas programadas. Posteriormente, logo da crítica da oposición, aumentaron esa cifra até as 201 vivendas de promoción pública divididas en seis inmobles de 38, 40, 18, 41, 18 y 46 vivendas. Con todo segue a ser unha cifra insuficiente.

Neste momento na cidade de Vigo hai 5.664 solicitudes no Rexistro de Demandantes de Vivenda. Destas, 4.669 unidades de convivencia solicitan que esa vivenda sexa de promoción pública e das cales apenas 720 demandan que esta sexa en réxime de compra. Por tanto, o 82% dos rexistros solicitan vivenda pública para acceder a unha vivenda.

Estas cifras contrastan coa aposta do goberno, que reduce a promoción de vivenda pública nesta primeira fase ao 28% do total previsto. A pesar de contar con solo para impulsar a promoción pública de vivenda e dar así resposta á demanda, a Xunta de Galiza prefire reducir a oferta a 201 vivendas públicas para 4.669 solicitudes.

Esta decisión resulta aínda máis incomprensible tendo en conta o actual contexto de crise de prezos do aluguer no mercado libre. Nesta situación, a promoción de vivenda pública en réxime de aluguer é fundamental. Primeiro porque facilita o acceso a quen non pode acceder á vivenda a través do mercado libre. Segundo porque é a única







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

fórmula para converter en estrutural o investimento en vivenda, permitindo ampliar o cativo parque público de vivenda de Galiza.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a:

1. Ampliar a porcentaxe de vivendas de promoción pública previstas na 2º fase do PAU de Navia, de forma que responda a actual demanda acreditada no Rexistro de Demandantes de Vivenda e garantindo que, aló menos, o 50% da vivenda protexida prevista sexa de promoción pública en aluguer.

2. Establecer unha reserva de vivenda pública suficiente para responder a situacións de emerxencia habitacional, como a provocada por desafiuzamentos ou violencia machista, para facilitar a emancipación da mocidade e para o impulso do programa Housing First.

3. Definir unha estratexia de diversidade e flexibilidade tipolóxica da edificación e da vivenda, que responda á diversidade social da cidade e á vontade de tecer un barrio coa maior mestura social e espazos de interacción social.”

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2024

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

**Brais Ruanova Vilas-Boas**

**Carmela González Iglesias**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Luis Bará Torres**

Portavoz s. do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Alexandra Fernández Gómez na data 12/04/2024 11:23:19**

**Brais Ruanova Vilas-Boas na data 12/04/2024 11:29:02**

**Carmela González Iglesias na data 12/04/2024 11:29:03**

**Luis Bará Torres na data 12/04/2024 11:29:48**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Iria Carreira Pazos** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a situación do servizo de oncoloxía no CHUS .

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación laboral e asistencial no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela está nunha conxuntura crítica. Á grave situación que padece a sanidade pública galega pola serie de políticas de desmantelamento mantidas no tempo pola Xunta de Galiza do Partido Popular, súmaselle a actuación dunha Xerencia que afonda máis na precariedade laboral e no deterioro da calidade asistencial.

Nesta liña, pacientes oncolóxicas desta área sanitaria están a denunciar as demoras que padecen nas súas revisións, contrarias a calquera criterio clínico ou sanitario e que teñen repercusións sobre a súa saúde. Fronte a prazos entre 3 e 4 meses para acceder a esas revisións, as demoras chegan a superar en 8 meses ese período. Ademais das obvias consecuencias que pode supor para a súa saúde física pola patoloxía que padecen, tamén ten repercusións sobre a súa saúde mental, pola incerteza e a ansiedade de manterse na espera.

Unha situación que non é puntual, senón que se vén dando desde hai meses pola situación de desmantelamento que sofre esta área sanitaria. Nesta liña, hai un ano xa se produciron denuncias, que o BNG trasladou a esta cámara, polos atrasos e demoras nas citas após a decisión da Xerencia de obrigar a facultativas do servizo de Oncoloxía Médica a realizar gardas de Área Médica no Hospital da Barbanza pola falta de





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

profesionais no centro comarcal. Atrasos nas citas, mais tamén nas probas diagnósticas de estadiaxe que só afondan nese deterioro da asistencia que reciben as pacientes.

Todas estas problemáticas veñen dadas, entre outras cuestións, por unha carencia grave de persoal que non se limita ao cadro facultativo, senón que outras categorías profesionais coma as de farmacia, enfermaría, TCAEs, celadoras, etc. presentan cadros de persoal exiguos que non poden cubrir as demandas do servizo, tampouco as asistenciais.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a dimensionar urxentemente e de xeito adecuado os cadros de persoal de todas as categorías do servizo de Oncoloxía Médica, realizando as contratacións que sexan oportunas. Do mesmo xeito, tamén se debe realizar unha mellor planificación da actividade asistencial para garantir a calidade da atención que reciben as pacientes así como o benestar laboral do persoal, evitando atrasos nas consultas e revisións que non atendan a criterios clínicos.”

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2024

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

**Montserrat Prado Cores**

Deputadas do G.P. do BNG

**Olalla Rodil Fernández**

Portavoz s. do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Iria Carreira Pazos na data 12/04/2024 11:38:55**

**María Montserrat Prado Cores na data 12/04/2024 11:44:35**

**Olalla Rodil Fernández na data 12/04/2024 11:44:54**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores** e **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre as medidas a tomar para converter a Atención Primaria no auténtico eixo vertebrador do sistema sanitario público galego.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Levamos anos demandándolle ao PP que tome medidas para deixar de poñer en risco a saúde e a vida d@s galeg@s coa súa política de deterioro da sanidade pública galega.

Non só non atendeu ningunha das peticións, senón que segue dando pasos cara o precipicio, cara o abismo, como consecuencia seguen as listas de espera para ter cita nos centros de saúde, seguen os PACs sin médic@s, as crianzas sen pediatras.

Todas as actuacións levadas a cabo van encamiñadas cara roubarlle @s galeg@s o dereito a unha sanidade pública, universal, gratuíta e de calidade, onde as persoas sexan atendidas en función das súas necesidades de saúde e non da súa capacidade económica. O obxectivo é cambiar a tarxeta sanitaria pola tarxeta bancaria.

Os datos son clarificadores, o incremento do gasto en sanidade privada, tanto global, como por fogares e por persoa non fai máis que avanzar. Ese aumento está directamente relacionado co deterioro da sanidade pública.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Segundo o último informe anual do sistema de saúde, publicado polo Ministerio a principios de novembro, Galiza segue estando á cola en Atención Primaria 11.79%, fronte ao 14.17% da media do Estado, case 2 puntos e medio de diferenza

Entre tanto a Xunta actúa de comentarista dos problemas, na vez de actuar para solucionarlos. Nin medidas conxunturais nin estruturais para sacar á atención primaria do pozo no que a teñen metida os 15 anos de goberno do PP.

É urxente o cambio de rumbo, poñer en marcha medidas que aposten claramente pola sanidade pública, e por esa razón o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a rectificar a súa política sanitaria e a poñer en marcha de inmediato un novo modelo de Atención Primaria que garanta a atención sanitaria á poboación, no inmediato:

O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a rectificar a súa política sanitaria e a poñer en marcha de inmediato un novo modelo de Atención Primaria que garanta a atención sanitaria á poboación, no inmediato:

1.- Presentar no prazo máximo dun mes un informe do Parlamento coa seguinte información:

- Relación de centros de saúde con prazas estruturais sen cubrir.
- Número de xubilacións que se van a producir nos vindeiros cinco anos e previsión de cobertura.
- Número de galeg@s sen asignación de médic@ de familia e pediatra, desagregado por centro de saúde e concello.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

-Número de profesionais que están realizando un aumento de xornada laboral, especificando a modalidade: prolongación, intersubstitución...desagregado por categorías.

- Número medio de horas mensual que están a realizar @s profesionais
- Número medio de doentes que están atendendo cada día.
- Porcentaxe de eventualidade do persoal do Sergas, desagregado por categorías

Aumento do orzamento destinado a Atención Primaria até chegar ao 25% do total destinado a sanidade (excluído o gasto farmacéutico).No inmediato un plan de choque de 200 millóns para ir compensando os 2.193.390.705 millóns de € acumulados que deixou de investir desde 2009.

Aumento e estabilidade dos cadros de persoal para que teñan tempo para @s doentes, rematar coa precariedade e explotación nas condicións laborais, para garantir calidade asistencial e que traballar e conciliar non sexa misión imposible.

Presentar no actual período de sesión un plan para proceder á incorporación nos centros de saúde de categorías novas: psicoloxía clínica, terapeutas ocupacionais, logopedas, traballadoras sociais, podólogos, ópticos- optometristas..."

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2024

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**  
**Iria Carreira Pazos**  
Deputadas do G.P. do BNG  
**Olalla Rodil Fernández**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Portavoz s. do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 12/04/2024 11:55:07**

**Iria Carreira Pazos na data 12/04/2024 11:59:52**

**Olalla Rodil Fernández na data 12/04/2024 12:00:07**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Noa Presas Bergantiños** e **Montserrat Prado Cores** e do deputado **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ás necesidades de infraestruturas en materia de atención primaria na cidade de Ourense.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde hai décadas a cidade de Ourense arrastra diferentes débedas en materia de infraestruturas, equipamentos e servizos sanitarios. Unha das máis rechamantes é a da construción de novos centros de saúde acordes coas necesidades poboacionais.

Desde o inicio dos seus mandatos, Núñez Feijoo prometeu repetidamente a construción dun Centro de Saúde no barrio do Vinteún que permitise desconxestionar o xa de por si saturado Centro de Saúde da Ponte, e mesmo o concello, no seu día, chegou a poñer a disposición do Executivo galego os terreos necesarios para a súa construción. Cómpre recordar que naquela altura o proceso iniciouse mesmo coa apertura do expediente para a contratación e a redacción do proxecto básico e de execución pero do que nada máis se volveu saber.

Se ben é certo que ao longo deste tempo existiron dificultades urbanísticas derivadas da situación do Concello e do seu ordenamento, e diversas reclamacións xudiciais, tamén o é que durante estes anos o goberno galego fixo folga de brazos caídos negándose a impulsar partidas orzamentarias, a dialogar politicamente na procura dunha solución e que non impulsou mecanismos ao seu alcance, como pode ser a ocupación





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALIEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

directa da parcela ou a través da Lei 3/2016 do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou interese excepcional para poder impulsar o proxecto se de verdade o considerase unha prioridade.

A construción dun novo centro de saúde no Vinteún é fundamental para Ourense, tanto para desconxestionar o da Ponte, que agora tería unha imposible ampliación, como para dar un servizo máis próximo e adecuado á poboación que se estende ao logo do que é a estrada vella de Santiago. É preciso ter en conta que estamos a falar da zona da cidade de Ourense máis poboada, que acolle unha importante parte rural que debe desprazarse e que ademais, co progresivo avellentamento, é aínda máis esixente o uso dos servizos sanitarios de atención primaria.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento Galego acorda instar a Xunta de Galiza a reiniciar os trámites administrativos precisos para a construción urxente dun Centro de Saúde no barrio do Vinteún que permita mellorar a atención sanitaria da veciñanza da zona e desconxestionar o Centro de Saúde da Ponte, empregando os mecanismos legais oportunos e consignando unha partida orzamentaria específica e suficiente, con planificación plurianual, nos vindeiros orzamentos.”

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2024





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Olalla Rodil Fernández**

Portavoz s. do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 12/04/2024 12:07:22**

**María Montserrat Prado Cores na data 12/04/2024 12:11:14**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 12/04/2024 12:11:16**

**Olalla Rodil Fernández na data 12/04/2024 12:11:59**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández** e **Ariadna Fernández González**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a situación do Servizo de Axuda no Fogar e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En Galiza, o Servizo de Axuda no Fogar é o que máis persoas usuarias concentra de todos os que se inseren no SAAD.

Neste senso, cos últimos datos publicados polo INMSERSO, no noso País hai 25.495 persoas usuarias de SAF (datos de febreiro de 2024). Porén, malia ser unha peza clave na atención e o coidado das persoas dependentes, os concellos galegos e a Fegamp veñen alertando desde hai anos á Xunta de Galiza, do risco de quebra do servizo pola falta de recursos económicos e a incapacidade de moitos municipios para facer fronte – especialmente co persoal do que dispoñen-- da crecente demanda que existe.

Cómpre lembrar que Galiza conta cunha poboación maior de 65 anos que alcanza o 30% do total e cunha alta esperanza de vida que incrementará progresivamente o número de persoas usuarias, como xa vén acontecendo desde hai máis dunha década.

Na actualidade, o SAF finánciase a través de módulos de financiamento nos que a Xunta achega 12 euros a hora e o resto se divide entre as aportacións municipais e das persoas usuarias en función do seu nivel de renda e patrimonio das mesmas. Doutra





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

banda, os concellos con menos de 20 mil habitantes contan con apoios das deputacións provinciais sendo estes diferentes en función de cada provincia.

Segundo os datos do Colexio de Traballo Social de Galiza no estudo realizado en 2020 sobre a situación do SAF no noso País, o custe real da prestación do mesmo oscila entre os 21 e 23€/hora + IVE.

Pola súa banda, a Fegamp asegura que o prezo do servizo está incrementándose cada vez máis oscilando nunha media entre 19 e 25 euros/hora. De acordo cos datos da representación municipal tendo en conta a aportación do Goberno galego –contando nel as aportacións do Estado vía transferencia-- os concellos galegos están a soste o servizo con 200 millóns de euros fronte aos 112 millóns da administración autonómica.

De feito, de maneira insistente nos últimos anos, os concellos galegos veñen reclamando da Xunta unha reforma do sistema de financiamento do SAF para garantir a sostibilidade do servizo e que este se presta nas mellores condicións ao conxunto da poboación.

É evidente que un servizo tan importante para garantir o dereito a envellecer no fogar que, ademais, atende xa máis de 25 mil persoas en Galiza, esixe dun maior esforzo investidor por parte da Xunta que, cómpre lembrar, é a titular das competencias en servizos sociais e atención á dependencia tal e como recolle a Lei de servizos sociais de Galiza (2008) e a Orde que regula o SAF (2009).

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a incrementar a aportación ao financiamento do SAF até chegar nos primeiros dous anos de mandato a 20 euros/hora.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Así mesmo, a Cámara insta o Goberno galego e reunirse, de maneira inmediata coa Fegamp, para abordar a necesaria reforma do servizo co obxectivo de garantir a súa estabilidade financeira e adaptalo ás necesidades presentes e futuras da poboación galega.”

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2024

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Deputadas do G.P. do BNG

**Olalla Rodil Fernández**

Portavoz s. do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ariadna Fernández González na data 12/04/2024 12:35:06**

**Olalla Rodil Fernández na data 12/04/2024 12:40:00**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
 Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
 15702 Santiago de Compostela  
 Galiza


## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Olalla Rodil Fernández** e dos deputados **Daniel Castro García**, **Brais Ruanova Vilas-Boas** e **Iago Suárez Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a política de I+D+i da Xunta de Galiza.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo a última Memoria socioeconómica do CES, Galiza continúa á cola en niveis de investimento en I+D en relación ao PIB (1,1), por baixo da media do estado (1,43) e moi lonxe da media da UE-27 (2,26).

Esfuerzo investidor en I+D en relación ao PIB (1) 2012-21



(1) porcentaxe de gastos en I+D en relación ao PIB a prezos de mercado;  
 (2) 2019 datos provisionais e 2020 datos avance  
 Fonte: INE e EUROSTAT








OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
 Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
 15702 Santiago de Compostela  
 Galiza

Tamén en relación cos demais territorios do Estado español onde Galiza está está situada no cuadrante inferior esquerdo mentres que as Comunidades Autónomas de Madrid, Navarra, Cataluña e Euskadi, cuxos maiores niveis de PIB por habitante estarían asociados, en consecuencia, cunha maior participación do gasto en I+D sobre o conxunto do PIB, están no cuadrante superior dereito.



(1) primeira estimación  
 Fonte: INE

Esta situación leva lastrando o potencial galego na xeración de coñecemento, un sector que debera ser estratéxico para o Goberno galego.

Para o BNG a I+D+i debe ser panca e motor de desenvolvemento económico por iso, cómpre, e de maneira urxente –como sinala o propio CES na súa memoria-- é preciso incrementar o esforzo investigador en Galiza, a comezar polo ámbito público.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a incrementar o orzamento destinado a I+D+i de maneira que no próximo exercicio se sitúe no 3% do investimento da Xunta. Así mesmo, a Cámara insta o Goberno galego manter ese incremento de maneira progresiva co obxectivo de situar no final da lexislatura o esforzo investidor no entorno da media europea.”

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2024

Asdo.: **Daniel Castro García**  
**Iago Suárez Fernández**  
**Brais Ruanova Vilas-Boas**  
Deputados do G.P. do BNG  
**Olalla Rodil Fernández**  
Portavoz s. do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Castro García na data 12/04/2024 12:56:46**

**Iago Suárez Fernández na data 12/04/2024 12:57:31**

**Brais Ruanova Vilas-Boas na data 12/04/2024 12:57:44**

**Olalla Rodil Fernández na data 12/04/2024 12:58:14**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada e dos deputados **Xosé Manuel Golpe Acuña, Brais Ruanova Vilas-Boas, Camela González Iglesias, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre o peche da central térmica das Pontes.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 19 de agosto do pasado ano 2024 o BOE publicou resolución da Dirección xeral de política enerxética e minas pola que se autorizou o peche dos catro grupos da central térmica que ENDESA GENERACIÓN, S.A. ten na vila das Pontes, cada un deles con unha potencia neta de 350 MW.

Este peche prodúcese nun contexto de grande incerteza aínda 4 anos despois de ser solicitado formalmente pola sociedade propietaria da central, sen que exista a día de hoxe proxecto ningún que teña o seu futuro despexado, sen convocar o Concurso de transición xusta para adxudicar os 1.400 MW, que sería o principal valor para garantir a reindustrialización das Pontes, e finalmente, sen que exista tampouco nada parecido a un plan industrial para a reactivación económica e industrial do Concello e da comarca impulsado polo goberno galego, obrigado para calquera goberno que non renegue do exercicio das súas competencias estatutarias e das súas responsabilidades políticas.

No entanto, o grupo de investigación da UDC estima que o peche da térmica terá un forte impacto socioeconómico sobre o conxunto da comarca, nun informe no que cifra a destrución de emprego en máis de 1.400 postos de traballo e o impacto





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

económico en perdas de máis de 70 millóns de euros "polo que a implicación dos máximos responsábeis políticos é obrigada"

Na actualidade, coa autorización do peche dos 4 grupos xa oficial, non hai escusa para que non se aclare todo o relativo ao nó de transición das Pontes, e para que se impulse dun xeito urxente o concurso de transición, un proceso que para ser xusta debe ser real e debe realizarse dun xeito progresivo, solapando a redución da capacidade instalada coa posta en marcha de novos proxectos industriais para evitar un impacto traumático sobre o emprego.

E o papel do goberno galego neste escenario non pode ser o de espectador, debe exercer as súas competencias e facer, como se fixo en outros momentos de crise nas Pontes, de promotor dun plan económico e industrial no que participen, con fondos, todos os actores relevantes no territorio, a comezar polo goberno estatal e por Endesa, mais tamén a propia Xunta de Galiza a través dos seus orzamentos.

A falta de planificación e de compromiso gobernativo coas Pontes xa está a traducirse a día de hoxe, en perda de emprego, tanto na central de Endesa como en Einsa, outra das empresas emblemáticas do Concello.

Por estas razóns, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“1. O Parlamento de Galiza insta a Xunta a exixir ao Goberno do Estado o mantemento dos 1.400MW de evacuación da CT de carbón das Pontes no nó de Transición xusta do Concello das Pontes, e a convocatoria inmediata e urxente do Concurso de transición xusta para a adxudicación de 700 MW dos grupos 3 e 4 deste nó de transición co mesmo procedemento empregado para adxudicar o acceso ao nó da CT de Andorra-Teruel, mantendo dispoñíbeis para o sistema os dous grupos restantes até





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

que non se garantan as condicións socioeconómicas precisas para unha verdadeira transición coa execución dos proxectos alternativos de continuidade, momento no que a súa capacidade tamén será obxecto de concurso.

2. O Parlamento de Galiza insta a Xunta a:

2.1 Promover un Plan de reactivación económico-industrial para As Pontes no que todos os actores relevantes no territorio, goberno estatal, Endesa, e a propia Xunta, participen e contribúan con fondos propios, e coa participación do Concello e da representación sindical na xestión do Plan industrial

2.2. Promover a dotación de chan industrial no Concello das Pontes

2.3. Suspensión de todos os despedimentos colectivos que poidan producirse nas empresas do Concello en tanto non haxa posibilidades de recolocación para o persoal afectado nos novos proxectos industriais que cheguen a concretarse efectivamente no propio Concello.”

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2024

Asdo.: **Xosé Manuel Golpe Acuña**

**Brais Ruanova Vilas-Boas**

**Camela González Iglesias**

**Ramón Fernández Alfonso**

**Daniel Pérez López**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Pérez López na data 12/04/2024 12:58:31**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 12/04/2024 12:58:36**

**José Mael Golpe Acuña na data 12/04/2024 12:58:40**

**Brais Ruanova Vilas-Boas na data 12/04/2024 12:58:46**

**Carmela González Iglesias na data 12/04/2024 12:58:53**

**Ana Pontón Mondelo na data 12/04/2024 12:59:01**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Iria Taibo Corsanego** e **Mercedes Queixas Zas** e dos deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a habilitación de tradutores e tradutoras xuradas.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A tradución xurada é unha modalidade obrigatoria en moitos procedementos administrativos. Os tradutores xurados son nomeados polo Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación, e son as únicas persoas que poden emitir traducións xuradas. Para as linguas oficiais distintas do castelán, esta competencia está transferida á administración autonómica correspondente. No noso caso concreto, «corresponde á Secretaría Xeral de Política Lingüística a xestión do rexistro de profesionais de tradución e interpretación xurada de galego e de conceder as autorizacións oficiais necesarias para o exercicio da profesión», de acordo coa páxina web deste departamento.

A Xunta de Galiza mantén suspendida, na práctica, a habilitación e nomeamento de tradutores e tradutoras xuradas de e a galego. Por unha banda, a última convocatoria de exames para acreditar os coñecementos para nomear profesionais da tradución xurada foi feita no ano 2008. Por outra, o procedemento de habilitación directa a licenciados e licenciadas en Tradución e Interpretación, que data de 2002, quedou desactualizado coa entrada en vigor do Plan Boloña, no ano 2007. O decreto de 2002 permitía a habilitación de persoas tituladas que cursaran un número determinado de créditos para certificaren os seus coñecementos. Na actualidade, nin o número de





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

créditos da titulación nin a normativa permiten esta acreditación, polo que as únicas persoas que poden habilitarse como tradutoras xuradas son aquelas que cursaran os créditos correspondentes da licenciatura en Tradución e Interpretación. Polo tanto, non existe ningún procedemento que permita a súa acreditación como tradutoras e intérpretes xuradas de galego para as persoas que se gradúan na actualidade. Isto limita tanto o número de persoas que poden prestar este servizo, e o propio servizo, como as posibilidades profesionais das tituladas da Facultade de Filoloxía e Tradución.

A listaxe que se pode consultar na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística neste momento está desactualizada, pois moitas das persoas que figuran nela non están a exercer a profesión, polo que a información que ofrece a administración produce confusión e inseguridade ás persoas que precisan este tipo de documentos, que adoitan ser esixidos de xeito urxente.

Existe unha demanda do servizo de tradución xurada, polo que, para non prexudicar os cidadáns e cidadás que o solicitan, a instancias da propia administración galega ou doutras, e é preciso proceder á súa actualización de xeito urxente.

Por outra banda, a Secretaría Xeral de Política Lingüística debe velar por que a lingua galega se atope en situación de igualdade, e esta anomalía a respecto da tradución e interpretación xurada coloca o galego nunha inferioridade clara, xa que en moitas ocasións será posíbel substituír a tradución a galego polo castelán, e a falta de profesionais habilitados non facilita a elección positiva do galego. Ademais, cando é preciso facer a tradución xurada cara a unha lingua estranxeira (nalgúns casos, é o máis habitual), faise imprescindible facer unha tradución de galego a castelán e posteriormente á lingua estranxeira, o que supón un custo extra para o cidadán, e tampouco é unha solución que resulte útil nin axeitada, tanto porque resulta difícil atopar profesionais de galego a castelán como polo connotación que implica en relación co galego e coa súa utilidade.







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta o goberno galego a actualizar a habilitación de tradutores e intérpretes xurados de galego, de acordo coas súas competencias, convocando exames e actualizando a normativa de habilitación directa para persoas graduadas, facéndose asesorar pola Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo.”

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2024

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**

**Mercedes Queixas Zas**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

**Daniel Castro García,**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iria Taibo Corsanego na data 12/04/2024 13:08:41**

**Mercedes Queixas Zas na data 12/04/2024 13:14:45**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 12/04/2024 13:14:47**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Daniel Castro García na data 12/04/2024 13:15:47**

**Ana Pontón Mondelo na data 12/04/2024 13:15:48**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Secundino Fernández Fernández** e das deputadas **Sonia Vidal Lamas**, **Montserrat Valcárcel Armesto** e **Ariadna Fernández González**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a situación dos expedientes de solicitude de axuda das agroambientais na PAC 2023.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2023 entrou en funcionamento a PAC para o novo período coñecida como PEPAC 23-27. Neste novo período as explotacións agrogandeiras galegas tiveron a opción de solicitar axudas agroambientais, concretamente as *axudas relativas ás intervencións ambientais e climáticas do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 para a campaña 2023, cofinanciadas nun 80 % polo Fondo Feader*. Axudas con compromisos plurianuais e que son fundamentais para as explotacións de Galiza.

Estas axudas incluían as seguintes seguintes intervencións agroambientais do Plan Estratéxico da PAC 2023-2027:

*a) Intervención 65012. Compromisos de cultivos sostibles”*

*Subintervención 65012.02: Extensivos*

*Subintervención 65012.03: Leñosos*

*Subintervención 65012.04: Economía circular*

*b) Intervención 65013. Compromisos de fomento e xestión sostible de pastos”*





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

*Subintervención 65013.01: Extensificación de prados*

*Subintervención 65013.02: Extensificación pastos arbustivos e arborizados*

*Subintervención 65013.03: Complemento a ganderías extensivas en zonas con presenza de grandes carnívoros*

*c) Intervención 65014. Apicultura para a biodiversidade”*

*Subintervención 65014.01: Apicultura para a biodiversidade*

*d) Intervención 6503 “Compromisos agroambientais en agricultura ecolóxica”*

*Liña: Cultivos agrícolas ecolóxicos*

*Subintervención 65030.17: Conversión de cultivos agrícolas ecolóxicos*

*Subintervención 65030.18: Mantemento de cultivos agrícolas ecolóxicos*

*Liña: Viñedos para vinificación ecolóxica*

*Subintervención 65030.19: Conversión de viñedos para vinificación ecolóxica*

*Subintervención 65030.20: Mantemento de viñedos para vinificación ecolóxica*

*Liña: Gandería ecolóxica*

*Subintervención 65030.21: Conversión de gandería ecolóxica*

*Subintervención 65030.22: Mantemento de gandería ecolóxica*

*Liña: Apicultura ecolóxica*

*Subintervención 65030.23: Conversión de apicultura ecolóxica*





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

*Subintervención 65030.24: Mantemento de apicultura ecolóxica*

*e) Intervención 65051 “Compromisos de conservación de recursos xenéticos SIXC”*

*Subintervención 65051.01: Razas gandeiras autóctonas en risco de erosión xenética*

*Subintervención 65051.02: Conservación de variedades autóctonas vexetais en risco de erosión xenética*

Estas axudas son moi importantes para o mantemento, viabilidade e permanencia das explotacións agrarias galegas; sobre todo as profesionais. Afectan a explotacións agrícolas, gandeiras e apícolas. Unhas axudas que no seu día supuxeron unha diminución importante na liña de compromiso de *fomento e xestión sostible de pastos* *Subintervención 65013.01: Extensificación de prados*, a mais solicitada e máis importante para explotación gandeiras de Galiza, que lles fixo reducir nalgúns caso o 50 % a axuda recibida. Esta diminución da axuda non tivo explicación de ningún tipo.

Estas axudas xunto cos seus importes foron aprobados o pasado 28 de decembro e a resolución, por fin publicada a primeiros do mes de marzo do ano 2024. O conselleiro do Medio Rural anunciara nos medios de comunicación que se cobrarían no mes de xaneiro. Estamos en abril e a Xunta de Galiza non fixo o pago de ningunha axuda agroambiental. Non é entendible que os nosos produtores agrogandeiros teñan que estar esperando esta cantidade de tempo por unhas axudas vitais para eles e as súas explotacións. Todo isto pode afectar á viabilidade das explotacións do noso País

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

“O parlamento galego insta a Xunta de Galiza a que o FOGGA abone os expedientes de *axudas relativas ás intervencións ambientais e climáticas do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 para a campaña 2023*, antes de que acabe o período de solicitude das axudas PAC do ano 2024.”

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2024

Asdo.: **Secundino Fernández Fernández**

**Montserrat Valcárcel Armesto**

**Sonia Vidal Lamas**

**Ariadna Fernández González**

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

**Luis Bará Torres**

Portavoz s. do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Secundino Fernández Fernández na data 12/04/2024 13:25:49**

**Montserrat Valcárcel Armesto na data 12/04/2024 13:30:03**

**Sonia Vidal Lamas na data 12/04/2024 13:31:18**

**Ariadna Fernández González na data 12/04/2024 13:31:49**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Luis Bará Torres na data 12/04/2024 13:32:12**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **Paloma Castro Rey** e **Patricia Iglesias Rey**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

O acordo do 15 de setembro de 2005, polo que se aprobaba o Regulamento 1/2005, dos aspectos accesorios das actuacións xudiciais, regula expresamente no seu artigo 59.5 que o Consello Xeral do Poder Xudicial poderá acordar, en atención ao volume de asuntos penais tramitados, á poboación correspondente ao territorio do partido xudicial e ás características da súa organización xudicial, a proposta da Xunta de Xuíces e da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza correspondentes, previo informe do Ministerio de Xustiza e, se for o caso, da Comunidade Autónoma con competencia na materia, a extensión do réxime de gardas de 24 horas a un ou varios partidos xudiciais con 8 ou máis xulgados de instrución.

Os únicos partidos xudiciais en España con máis de 8 xulgados de instrución pero sen gardas de 24 horas son os da Coruña e Vigo.

No ano 2019 os xuíces de instrución de ambas cidades elevaron ao TSXG a petición de modificación das gardas actuais semanais por gardas de 24 horas cunha quenda rotatoria diaria.

A sala de goberno do TSXG deu o seu visto bo e cursou a solicitude ao CXPX que avalou cun informe esta solicitude e o Ministerio de Xustiza na mesma liña recoñecía o pasado ano que isto melloraría a calidade do servizo cara a cidadanía e que está disposto a asumir o custe das novas quendas.







A principio do mes de febreiro de 2022 as Xuntas Sectoriais de Instrución de Vigo e A Coruña, aprobaron por unanimidade reclamar ao Goberno autonómico a través do TSXG a dotación deste servizo de quendas.

E o Goberno do Estado habilitou unha partida no orzamento 2022 para a implantación deste sistema nestes dous partidos xudiciais.

Polo que a pelota queda en mans da Xunta de Galicia para que asuma a parte que lle corresponde do custo deste novo servizo.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista sempre defendemos que unha xustiza máis áxil garante o acceso á tutela xudicial efectiva, e esta modificación vai contribuír a acadar unha maior eficiencia no funcionamento destes xulgados e nas respostas á cidadanía.

Por iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a poñer a disposición os recursos económicos necesarios para a implantación do novo sistema de gardas de 24 horas, con quenda rotatoria diaria, nos xulgados da Coruña e Vigo.

Parlamento de Galicia, 11 de abril de 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 12/04/2024 15:43:08**

**Patricia Iglesias Rey na data 12/04/2024 15:43:22**





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 12/04/2024 16:30:00  
**Nº Rexistro: 1750**  
Data envío: 12/04/2024 15:47:15.497

**José Ramón Gómez Besteiro na data 12/04/2024 15:43:35**

CSV: BOPGDSPG-pYsD1r6DJ-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  981.55.15.30

4708

@PSdeG



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

O Goberno de España ante a fonda preocupación, tanto pola catastrófica situación humanitaria en Gaza e o seu efecto desproporcionado sobre a poboación civil, en particular dos nenos e nenas, como polo risco inminente de sufrir fame causada por la insuficiente entrada de axuda, iniciou unha serie de contactos cos diferentes líderes internacionais.

Hai unhas semanas o Goberno de España, xunto cos doutros 3 países: Irlanda, Eslovenia e Malta, emitiron un comunicado conxunto manifestando que a única maneira de acadar unha paz e estabilidade duradeiras na rexión e mediante a aplicación da solución de dous estados, cos estados israelí e palestino vivindo un a carón do outro, en paz e seguridade.

O presidente do Goberno español nesta rolda de consultas visitou os países da contorna Xordania, Arabia Saudí e Qatar e inicia esta semana unha serie de **contactos con mandatarios de diferentes países europeos** para compartir con estes a súa preocupación pola situación de Gaza, e trasladarlles a necesidade de **impulsar o recoñecemento de Palestina** como Estado.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista compartimos este posicionamento e cremos que é urxente e prioritario frear o desastre humanitario que Israel está a causar en Gaza, polo que ten que decretar cesamento do fogo e abrirse un



proceso político de paz que leve á materialización da solución dos dous Estados.

O Estado palestino está a ser vítima dunha das maiores traxedias humanitarias deste século e nós como galegos e galegas non podemos permanecer impasibles, polo tanto, temos que mostrar o noso apoio ao Goberno de España nese camiño de cara a busca dunha solución que poña fin a este conflito, impulsando unha conferencia de paz que leve á solución dos dous Estados.

E reclamar mentres esta non se acade:

- a) un cesamento do fogo, que pare esta masacre;
- b) a apertura dos corredores terrestres,
- c) que non se inicie a ofensiva sobre Rafah,
- d) seguir apoiando o labor da Axencia de Nacións Unidas para os Refuxiados de Palestina en Oriente Próximo (UNRWA) na franxa e no conxunto da rexión.

Por iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a amosar o seu apoio ao Goberno de España no seu posicionamento en relación co conflito existente en Oriente Medio, entendendo que é urxente e prioritario frear o desastre humanitario que Israel está a causar en Gaza, polo que apoia:

- a) A declaración dun cesamento do fogo, que pare esta masacre;
- b) A apertura dos corredores terrestres,
- c) A solicitude de que non se inicie a ofensiva sobre Rafah,
- d) Seguir apoiando o labor da Axencia de Nacións Unidas para os Refuxiados de Palestina en Oriente Próximo (UNRWA) na franxa e no conxunto da rexión.





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 12/04/2024 16:30:00  
**Nº Rexistro: 1756**  
Data envío: 12/04/2024 15:49:46,695

e) A apertura dun proceso político de paz que leve á materialización da solución dos dous Estados.

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 12/04/2024 15:38:20**

**Patricia Iglesias Rey na data 12/04/2024 15:38:32**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 12/04/2024 15:38:46**

CSV: BOPGDSPG-pYsD1r6DJ-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  981.55.15.30

4711

@PSdeG





## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **Paloma Castro Rey, Elena Mangana Espinosa e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno**.

A Fundación Amancio Ortega entregou o pasado día 24 de outubro á Xunta de Galicia a nova residencia da terceira idade cuxa construción está a rematar en Pontevedra.

No acto de entrega das chaves o presidente Rueda non quixo aclarar algunhas cuestións relativas ao funcionamento da mesma coma por exemplo se ía a ser de xestión pública ou privada.

Tampouco aclarou aspectos como as datas de remate e posta en funcionamento ou as dotacións coas que vai contar este centro.

Estamos a falar dunha residencia de máis de 5.000 metros cadrados que conta con 120 prazas para maiores repartidas en 42 habitacións dobres e 36 individuais.

Pontevedra unicamente conta coa residencia de Campolongo de xestión pública que ten un número de prazas claramente insuficiente para asumir a demanda existente neste municipio e nos concellos limítrofes.

Dende o Grupo Socialista defendemos o dereito das persoas maiores a recibir unha atención social pública e de calidade, polo que sostemos a necesidade de crear unha rede de residencias públicas tanto de titularidade como de xestión que poida atender as demandas dunha poboación cada vez máis envellecida.





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 12/04/2024 16:30:00  
**Nº Rexistro: 1761**  
Data envío: 12/04/2024 15:55:18.619

É por iso, polo que solicitamos ao Goberno da Xunta de Galicia que determine a xestión pública directa da residencia da Eiriña en Pontevedra e, polo tanto, que o seu persoal pertenza á Xunta de Galicia e teña a condición de empregado público.

Por todo o exposto, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a asumir o compromiso da xestión pública directa da residencia da Eiriña en Pontevedra e, polo tanto, que o seu persoal pertenza á Xunta de Galicia e teña a condición de empregado público.

Parlamento de Galicia, 12 de abril de 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 12/04/2024 15:33:03**

**Elena Espinosa Mangana na data 12/04/2024 15:33:13**

**Silvia Longueira Castro na data 12/04/2024 15:33:23**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 12/04/2024 15:33:41**

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  981.55.15.30

4713

@PSdeG



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Ernesto Abalde Alonso** e **Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 15 de marzo o Goberno de España, a través do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades (MICIU), anunciou o compromiso de contribuír a que as universidades públicas poidan desenvolver con garantías un modelo de profesorado estable e de calidade, propondo para iso o Programa de Incorporación de Talento Docente e Investigador que achega un total de 3.400 prazas de profesor axudante doutor desde o próximo curso 2024-2025, e que supón un custo de 150 millóns de euros anuais. Este programa sufragará o seis anos de duración do contrato nesta tipoloxía de profesorado. Desta forma, o MICIU duplica amplamente unha convocatoria ordinaria, converténdose así no maior plan de incorporación de profesorado novo da historia recente da universidade española.

O obxectivo é compensar os cambios na dedicación docente do profesorado asociado e dos novos profesores/as axudantes doutores, que se derivan do establecido pola Lei Orgánica do Sistema Universitario (LOSU).

Así mesmo, foméntase o rexuvenecemento dos persoais, pois os actuais profesores axudantes doutores teñen unha media de idade de 39 anos, cifra que se ve amplamente incrementada se atendemos á media de idade doutras figuras de persoal docente investigador que forman parte dos persoais universitarios actuais.





Todo iso supón unha aposta decidida do Goberno de España por asegurar que as nosas universidades públicas poidan implantar con éxito este novo modelo, contribuíndo con iso ao dinamismo destas institucións de educación superior, potenciando a súa capacidade de formar ao estudantado con rigor e excelencia, e de producir e transferir coñecemento que faga progresar o noso tecido produtivo e fortaleza a cohesión da nosa sociedade.

Con esta medida, ponse fin a longo prazo etapa de recortes orzamentarios que desde hai 15 anos veñen sufrindo as universidades públicas e que se iniciou coas políticas do Partido Popular, que provocaron un recorte, en apenas un quinquenio, de 1.100 millóns de euros do seu financiamento. Estas rebaixas afectaron significativamente aos persoais de profesorado nas universidades públicas, levaron á precarización de determinados colectivos de profesorado, dificultaron unha renovación con calidade das mesmas, obstaculizaron a atracción de talento e, por último, impediron o rexuvenecemento dos planteis.

A xa mencionada LOSU, aprobada polo Executivo en 2023, pon as bases para, desde formulacións progresistas, modernizar as universidades a través dun novo modelo de profesorado das universidades públicas baseado:

- nunha carreira profesional definida, transparente e sólida,
- nunha entrada no sistema de profesorado novo a partir da figura do profesor axudante doutor,
- na consolidación do profesorado na súa dobre faceta profesional como docente e como investigador,
- en forxar un persoal maioritariamente estable,
- en dispor dun profesorado asociado que achegue a súa experiencia profesional.
- a arbitrase de mecanismos para combater as bolsas de precariedade en determinados colectivos de profesorado.



Para alcanzar o seu obxectivo, a LOSU establece o principio da corresponsabilidade entre as administracións públicas para elevar o financiamento das universidades públicas. É, desde esta perspectiva e asumindo a súa responsabilidade, que o Goberno de España impulsa este Programa, acompañando ás universidades públicas no proceso de adaptación dos seus persoais ao devandito modelo.

Pero á súa vez esixe, como non podía ser doutra forma, a participación de cada unha das Comunidades Autónomas, como administracións competentes, que deberán sufragar o resto das prazas de profesorado axudante doutor que necesitan as súas universidades públicas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Sumarse ao Programa de Incorporación de Talento Docente e Investigador ás universidades públicas españolas impulsado polo Goberno de España.
2. Cumprir coas competencias autonómicas en materia de profesorado universitario, sufragando a parte correspondente das prazas de profesor ou profesora axudante doutor que sexan necesarias para que as universidades públicas do Sistema Universitario de Galicia poidan adaptar a dedicación docente do seu profesorado ao establecido pola LOSU, no marco do Programa de Incorporación de Talento Docente e Investigador do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades.

Santiago de Compostela, 12 de abril do 2024





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 12/04/2024 17:28:34  
**Nº Rexistro: 1765**  
Data envío: 12/04/2024 17:28:34.545

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Abalde Alonso na data 12/04/2024 17:14:29**

**Silvia Longueira Castro na data 12/04/2024 17:20:39**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 12/04/2024 17:20:49**

CSV: BOPGDSPG-pYsD1r6DJ-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  981.55.15.30

4717

@PSdeG





## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Noelia Pérez López, Roberto Rodríguez Martínez, Raquel Arias Rodríguez, Marisol Díaz Mouteira, Patricia García González, Marta Mariño Regueiro, Alberto Pazos Couñago, Raúl Santamaría González, Gonzalo Trenor López**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**

## Exposición de Motivos

A caída da natalidade nas últimas décadas é un problema xeneralizado no mundo occidental. Para palialo, as Administracións debemos promover políticas transversais para favorecer as condicións para a maternidade e aproveitar as innovacións científicas existentes, facéndoa accesibles para toda a poboación.

As técnicas de reprodución humana asistida están polo de agora restrinxidas ao contemplado na carteira básica de servizos do Sistema Nacional de Saúde. Estas restricións implican que a muller debe ser menor de 40 anos e non ter ningún fillo previo coa mesma parella.

Ademais das restricións anteriores, para a conxelación de ovocitos debía existir indicación médica por risco da perda da capacidade reprodutiva como consecuencia de patoloxías con risco acreditado ou por exposición a tratamentos gametotóxicos.

Aquelas mulleres que decidisen optar por estas técnicas fóra da sanidade pública terían que enfrontarse a custes arredor dos 5.000 euros por cada ciclo de estimulación ovárica (pode precisar máis de un) e 300 euros ao ano por manter os seus gametos criopreservados. E a isto inda habería que engadir a fecundación in vitro, polo que podemos ver que non é un procedemento accesible para a maioría das galegas.

Facilitar estas prestacións dende a sanidade pública foi un compromiso do Partido Popular de Galicia na campaña para as eleccións autonómicas de febreiro, pero tendo en consideración que é unha medida de gran relevancia para a sociedade galega semella importante tratar de alcanzar un acordo unánime entre todos os grupos deste Parlamento.





Por todo o exposto, as deputadas e os deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a adoptar, dentro das súas políticas estratéxicas para facer fronte ao reto demográfico, unha ampliación de medios materiais e humanos que permita estender as prestacións da sanidade pública no eido da reprodución humana asistida a través de:

- 1º- A eliminación do límite dun único fillo para o acceso á fecundación in vitro e poderase solicitar para segundo fillo e sucesivos
- 2º- O aumento da idade de acceso a estes tratamentos ata os 45 anos
- 3º- A presentación de conxelación de ovocitos na sanidade pública para as mulleres galegas sen requisito de patoloxía.”

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Alberto Pazos Couñago na data 12/04/2024 19:30:06**

**Noelia Pérez López na data 12/04/2024 19:30:40**

**Roberto Rodríguez Martínez na data 12/04/2024 19:30:45**

**Raquel Arias Rodríguez na data 12/04/2024 19:31:08**

**María Sol Díaz Mouteira na data 12/04/2024 19:31:42**

**Marta Mariño Regueiro na data 12/04/2024 19:32:44**

**Patricia García González na data 12/04/2024 19:32:54**

**Raúl Santamaría González na data 12/04/2024 19:34:30**

**Gonzalo Trenor López na data 12/04/2024 19:34:35**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)





## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Noelia Pérez López, Roberto Rodríguez Martínez, Raquel Arias Rodríguez, Marisol Díaz Mouteira, Patricia García González, Marta Mariño Regueiro, Alberto Pazos Couñago, Raúl Santamaría González, Gonzalo Trenor López**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**

## Exposición de Motivos

A Atención Primaria é o servizo sanitario máis próximo dos galegos, ao que acoden en primeiro lugar ante calquera problema de saúde. Por iso, é importante un bo funcionamento do servizo que solvete a maior parte de consultas dos doentes sen necesidade de acudir á atención hospitalaria.

A Xunta de Galicia xa foi pioneira na contratación de persoal para mellorar a calidade asistencial grazas á lexislación de medidas extraordinarias dirixidas a impulsar a provisión de postos de difícil cobertura aprobada neste Parlamento cos votos en contra de BNG e PSdeG. Esta lexislación permitiu ofertar 178 prazas de facultativo especialista en atención primaria e 60 de pediatra de atención primaria mediante concurso de méritos dende a súa aprobación.

Ademais da dotación de persoal é importante unha formación continua, mellorando os recursos humanos e técnicos do noso sistema galego de saúde. Debemos avanzar na homoxeneización dos servizos prestados nos servizos de atención primaria, xa que non en todos se proporcionan os mesmos, creando un protocolo normalizado de traballo e con equipos multidisciplinares para reducir as diferencias no servizo. Isto suporía que en todos os servizos de saúde se debería ofertar unha carteira de cirurxía menor que inclúa, por exemplo, linfomas, verrugas, cribados de lesións, etc.

A mellor maneira de abordar toda esta cuestión sería a través dun Plan Galego de Cirurxía Menor en Atención Primaria, outorgando material, coñecemento e un protocolo consensuado entre profesionais de atención primaria e hospitalaria que forneza a calidade asistencial da nosa sanidade pública.



Por todo o exposto, as deputadas e os deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a aprobar neste ano 2024 un plan de cirurxía menor en atención primaria, que desenvolva a necesaria formación ao persoal sanitario e fixe protocolos estandarizados para que, xunto coa dotación de novo equipamento tecnolóxico, se potencie a resolución neste nivel asistencial de intervencións cirúrxicas sinxelas.”

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Alberto Pazos Couñago na data 12/04/2024 19:38:40**

**Noelia Pérez López na data 12/04/2024 19:39:05**

**Roberto Rodríguez Martínez na data 12/04/2024 19:39:41**

**Raquel Arias Rodríguez na data 12/04/2024 19:40:09**

**María Sol Díaz Mouteira na data 12/04/2024 19:40:17**

**Patricia García González na data 12/04/2024 19:40:52**

**Marta Mariño Regueiro na data 12/04/2024 19:40:58**

**Raúl Santamaría González na data 12/04/2024 19:41:18**

**Gonzalo Trenor López na data 12/04/2024 19:41:22**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Ariadna Fernández González** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre o servizo de pediatría nos concellos da comarca do Deza.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un dos alicerces chave para o BNG durante todos estes anos foi a defensa dunha sanidade pública e de calidade, onde a atención e benestar dos galegos/as sexan o centro das medidas a tomar por parte do goberno da Xunta de Galiza.

Na comarca do Deza somos vítimas dunha mancha de recortes sistemáticos neste ámbito, o derradeiro deles, protagonizado polo servizo de pediatría en horario de tarde no centro de saúde de Lalín. Dito servizo foi prometido con grande propaganda xusto antes das eleccións municipais de 2023, en concreto tras unha reunión celebrada o día 6 de marzo do pasado ano entre o alcalde e a concelleira de sanidade da vila, a xerente da Área Sanitaria de Santiago e o director de Atención Primaria, co anuncio de que dotaría dunha praza de nova creación de pediatría ao centro de saúde de Lalín, permitindo que o horario de atención ás crianzas se estendera ás tardes. No abril pasado asegurábase que o/a pediatra estaría desenvolvendo a súa actividade xa no verán do 2023, feito que evidentemente é falso, nova que se considera un agravio reiterado para a sanidade de Lalín e dos pais e nais de toda a comarca por extensión, onde un grande número de usuarios/as o solicitaban e farían uso del, lembrando que hai proxenitores que agardan ata oito días por unha cita de pediatría dos seus fillos/as.







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

A data de hoxe sabemos que a praza de pediatría convocada queda baleira por a renuncia do titular que ía desenvolver este servizo, presumiblemente por as condicións laborais de total precariedade nas que a Xunta de Galiza ten sumidos aos profesionais sanitarios, sen preocupárense en absoluto de que o resultado destas políticas de recorte sempre cae enriba dos doentes, últimos afectados, xogando coa saúde de veciños e veciñas, neste caso dos máis novos.

Máis non é este o único feito indicativo do abandono que sufrimos na comarca do Deza, onde o servizo de pediatría é insuficiente e, nalgúns casos, inexistente. Agolada e Rodeiro, a pesares de que a páxina do SERGAS indica que gozan do servizo dun pediatra, carecen deste. Son atendidos durante 3 e 2 horas semanais, respectivamente, desprazándose a ditas vilas un pediatra do centro de saúde de Lalín, sempre que nel estean presentes os 3 pediatras que se atopan alí en horario de mañá. Deste xeito, nos casos de baixas laborais ou vacacións, as vilas citadas quedan sen a visita semanal, para a cal se xuntan nenos e nenas coa intención de que se leven a cabo as revisións periódicas coa maior normalidade posible. Outro dos concellos afectados é Dozón onde, directamente, non existe servizo de pediatría, sendo atendidos de xeito rutineiro en Lalín.

Estes feitos agravan máis aínda o caso da ausencia de pediatría polas tardes do centro de saúde lalinense, que atende a cotío ás crianzas de Agolada, Rodeiro e Dozón polas mañás e tería que atender a todos eles e aos de Silleda e As Cruces polas tardes, no caso de existir. Este servizo evitaría, en moitos casos, que pais e nais se visen obrigados polas circunstancias a desprazarse a Santiago, colapsando as urxencias do CHUS, xa de por si masificadas. Son case 4000 os menores de 14 anos os afectados por os recortes na sanidade nos concellos de Lalín, Silleda, As Cruces, Rodeiro e Dozón, sen esquecer que se trata de concellos rurais, onde a chave da crise demográfica é que os servizos se igualen entre estes e os das grandes vilas e cidades a todos os niveis, incluíndo a sanidade, por suposto. Non esquecer que hai moitas aldeas situadas xa a





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

máis de vinte quilómetros da capital do Deza, onde terían un servizo insuficiente ( San Salvador de Camba, A Gouxa, Bidueiros...), co cal desprazarse a Santiago é incómodo por unha cuestión de tempo e de recursos, máis aínda no caso dunha urxencia.

A situación que vive a xente da nosa comarca neste senso é inasumible e irresponsable por parte do goberno da Xunta, que olla cara outro lado sen dar solucións a un problema que ten como vítimas aos veciños e veciñas e á súa saúde, cunha falla total de empatía de quen nos goberna e esquecendo poñer aos doentes no centro, nin sendo estes crianzas

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza, coa maior premura posible, a adoptar as seguintes medidas:

1. Poñer en marcha o servizo de pediatría en horario de tarde no centro de saúde de Lalín, cubrindo a praza vacante coa maior celeridade posible.
2. Garantir a atención das crianzas no centro de saúde da súa vila no caso de Agolada, Rodeiro e Dozón, sen que deban desprazarse para ser atendidos a Lalín de xeito rutineiro.
3. Dotar coa maior premura posible a Silleda e As Cruces dunha nova praza de pediatría.”

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2024





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asdo.: Ariadna Fernández González**

**Montserrat Prado Cores**

Deputadas do G.P. do BNG

**Olalla Rodil Fernández**

Portavoz s. do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ariadna Fernández González na data 15/04/2024 09:03:37**

**María Montserrat Prado Cores na data 15/04/2024 09:04:48**

**Olalla Rodil Fernández na data 15/04/2024 09:05:08**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Iago Suárez Fernández** e da deputada **Noa Presas Bergantiños**, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a execución das obras de reforma e mellora do estado do Couto en Ourense.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado día 7 de abril de 2024 reanudouse a práctica deportiva no estadio do Couto de titularidade da administración autonómica co encontro entre a UD Ourense e o Betanzos CF. A práctica deportiva no estadio do Couto estaba suspendida dende hai varios meses nos que os clubs usuarios das instalacións tiveron que desprazarse a outros campos para poder participar nas competicións deportivas oficiais. Campos, nomeadamente o de Oira, sen capacidade nas bancadas para acoller á totalidade das socias e seareiras habituais dos encontros deportivos dos clubs desprazados.

O día 9 de maio de 2022 o Secretario Xeral para o Deporte da Xunta de Galiza asinou o contrato das obras de reforma e mellora do estadio do Couto en Ourense, por importe de 1.804.235,11 € (IVE incluído) e cun prazo de execución das obras de 7 meses, sen posibilidade de prorrogar o devandito prazo.

O día 22 de xuño de 2023 a Secretaría Xeral Técnica da Vicepresidencia Segunda e Consellaría de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galiza asinou o



contrato para das obras de rexeneración do campo de fútbol de céspede natural no estadio do Couto en Ourense. O importe contrato acadou a suma de 765.307,20 €, e o prazo de execución do mesmo era de 21 semanas que permitiría aos clubs de Ourense disputar a temporada 23/24 no seu estadio.

A realidade foi que malia as previsións e compromisos contractuais os clubs non dispuxeron do estadio do Couto ate abril de 2024, isto é, máis de dous anos despois da formalización do contrato de reforma e mellora do estadio, cuxo prazo de execución era de 7 meses; e case un ano da subscripción do contrato para a rexeneración do céspede, cuxo remate estaba previsto e contratado en 3 meses.

Apreciándose unha mellora nas condicións do céspede do campo de fútbol que permitía a práctica deportiva en condicións de seguridade, e ás seareiras desfrutar dos encontros, o certo é que as actuacións realizadas nas instalacións resultaban a todas luces insuficientes, tanto polo seu alcance e execución, como pola cuestionable calidade dos materiais empregados.

A efectos ilustrativos da realidade que se atoparon as usuarias do estadio no día da nova posta en servizo das instalacións, após case dous anos privados delas, foi a de problemas de accesibilidade interior e exterior, falta de pintado en partes do estadio -p.e. fondos – sendo de tan baixa calidade a dos espazos “pintados” que se apreciaba sen dificultade o estado anterior. As canalizacións de pluviais, escasamente estabilizadas, rematan en altura provocando o deterioro das paredes polas que discorren. Continúan os valados que separan o campo das gradas e que non só dificultan a visión polos espectadores, senón que o que é mías importante implican un risco para a evacuación en casos de emerxencia, razón pola que hai décadas desapareceron dos campos de fútbol europeos. A calidade das láminas metálicas ficou en evidencia ao recibir o impacto dos balóns. As luminarias das instalacións ou o sistema eléctrico non foron renovados nin





OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

para mellorar a súa funcionalidade, nin sequera para eliminar os riscos que implica o precario cableado.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

- a) Corrixir as deficiencias na execución das obras de reforma e mellora do estadio do Couto en Ourense contratadas no seu día,
- b) A exixencia das responsabilidades pola demora na execución das obras, compensando as entidades deportivas polos prexuízos sufridos
- c) Á realización das actuacións necesarias para a mellora efectiva das instalacións, que permitan o uso e desfrute das mesmas e condicións de seguridade e benestar.”

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2024

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

**Iago Suárez Fernández**

**Noa Presas Bergantiños**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 15/04/2024 09:16:58**

**Iago Suárez Fernández na data 15/04/2024 09:20:15**

**Noa Presas Bergantiños na data 15/04/2024 09:20:31**

**Ana Pontón Mondelo na data 15/04/2024 09:20:47**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, **Luis Bará Torres** e **Paulo Ríos Santomé** e da deputada **Noa Presas Bergantiños**, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a inmediata e urxente realización de actuacións de acondicionamento e seguridade viaria na denominada estrada da Granxa en Ourense.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai meses dende o grupo parlamentar do BNG denunciabamos o abandono e falla de mantemento, mesmo en extremos tan básicos como os que se refiren á seguridade viaria, das vías da titularidade da Xunta de Galiza no concello de Ourense.

Entre as rúas de titularidade autonómica que presentaban peor estado estaba a rúa da Granxa, na que nos últimos meses e anos se tiñan producido un importante número de accidentes, atropelos incluídos, con feridos de consideración e mesmo con consecuencias letais.

A insistencia veciñal, tanto directamente como por medio das representantes institucionais, levou á Xunta de Galiza a asumir as súas responsabilidades e promover a realización de obras que, como se reclamaba, permitan o uso da rúa, tanto viario como peonil, en condicións de seguridade.







OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

A renovación do firme, eliminación das fochancas, acondicionamento beirarrúas, incremento dos pasos de peón e a mellora da sinalización constituían actuacións necesarias e urxentes para reducir os riscos do uso da vía.

Transcorridos 8 meses do inicio das obras demandadas, a incompleta execución das mesmas esta a agravar a situación de perigo para as usuarias da estrada. Actualmente, e dende hai tempo, a rúa se encontra sen delimitación dos carrís de circulación, sen pasos de peóns durante varios quilómetros da vía, sen a recuperación de rotondas, cunha con deficiencias importantes na sinalización ... A paralización ou ralentización extraordinarias da execución das obras está a provocar un importante incremento do risco de sinistralidade viaria que exige a inmediata conclusión da mesma nos termos indicados.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a que con carácter inmediato e sen maior dilación proceda a total execución das obras de humanización, acondicionamento e mellora da seguridade viaria e peonil na rúa da Granxa en Ourense.”

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2024

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

**Paulo Ríos Santomé**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## **Noa Presas Bergantiños**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Luis Bará Torres**

Portavoz s. do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 15/04/2024 11:21:02**

**Paulo Ríos Santomé na data 15/04/2024 11:25:27**

**Noa Presas Bergantiños na data 15/04/2024 11:25:43**

**Luis Bará Torres na data 15/04/2024 11:26:04**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, **Paloma Castro Rey e Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno**.

O 28 de marzo aprobouse a Lei 7/23 de protección dos dereitos e o benestar dos animais co fin de dar resposta á crecente sensibilización da cidadanía e ante a necesidade de garantir a protección dos animais en xeral e, particularmente, dos animais que viven no entorno humano.

Esta lei recolle unha serie de conceptos e termos que unifican e harmonizan as definicións existentes nas normativas vixentes a nivel autonómico ou local, para unha mellor aplicación atendendo aos principios de eficacia e seguridade xurídica.

Establece a obriga ao resto de administracións públicas de cooperar e colaborar en materia de protección animal e compartir información que garanta o cumprimento dos obxectivos desta lei, mediante ferramentas que favorezan a coordinación como as seguintes:

- a) Convenios con outras administracións públicas orientados á sensibilización da sociedade contra calquera forma de maltrato animal.
- b) Protocolos, plans, instrumentos e proxectos de xestión de centros de protección animal.
- c) Creación dun marco cos requisitos mínimos dos centros de recollida e atención de animais.
- d) Un plan estatal de protección animal cada 3 anos coma un instrumento de planificación básico para o establecemento e a definición de



obxectivos, accións e criterios encamiñados a erradicar da nosa sociedade o maltrato animal en todas as súas vertentes e promover a acción coordinada das administracións públicas para a adopción de medidas que promovan a protección animal.

- e) Un plan estatístico nacional de protección animal encargado de promover a adopción de políticas públicas orientadas á mellora da calidade de vida dos animais dentro do marco das respectivas competencias.
- f) E un sistema central de rexistros para a protección animal que constituirá un sistema de información único, cuxo obxectivo fundamental é servir de apoio ás diferentes administracións públicas no exercicio das súas competencias en materia de protección e dereitos dos animais.

Desde o Grupo Socialista esiximos ao Goberno galego que cumpra a lei e as obrigas que esta impón transcorridos 6 meses desde a súa aprobación e unha vez finalizado o período de *vacatio legis*,

A Administración autonómica ten a obriga de fomentar a protección animal e previr o alto grado de abandono de animais do noso país, co establecemento da implicación aos poderes públicos e á cidadanía no respecto a todos os animais.

Por todo o exposto, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a cumprir as obrigas que impón a Lei 7/23 do 28 de marzo, de protección dos dereitos e o benestar dos animais habilitando os mecanismos necesarios para facilitar a coordinación e colaboración co Estado en materia de protección e dereitos dos animais.

Parlamento de Galicia, 12 de abril de 2024





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/04/2024 12:03:06  
**Nº Rexistro: 1805**  
Data envío: 15/04/2024 12:03:06.476

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 12/04/2024 13:55:16**

**Carlos López Font na data 12/04/2024 13:55:35**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 12/04/2024 13:55:55**

CSV: BOPGDSPG-pYsD1r6DJ-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  981.55.15.30

4735

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Noa Presas Bergantiños, Iria Taibo Corsanego e Cristina Fernández Davila** e dos deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago Suárez Fernández e Oscar Insua Lema**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A representación política é un dos ámbitos onde, nas últimas décadas, se teñen dado pasos adiante a prol da igualdade. Porén, aínda a día de hoxe queda moito por facer e son relevantes as decisións que os diferentes gobernos tomen a respecto da participación, representación e presenza das mulleres nos seus equipos.

A lei galega de igualdade, reformada unilateralmente polo goberno do Partido Popular en novembro de 2023, recolle o principio de presenza ou de composición equilibrada de mulleres e homes no nomeamento de altos cargos e de persoas titulares do sector público, así como na designación de persoas representantes da Administración en órganos colexiados.

Aínda que a maioría absoluta do anterior goberno impediu a maior concreción de moitos aspectos da lei galega, recóllese na súa Disposición adicional primeira, respecto da presenza ou composición equilibrada que *“para os efectos desta lei, entenderase por composición equilibrada a presenza de mulleres e homes de forma que, no conxunto a que se refira, as persoas de cada sexo non superen o 60 por cento nin sexan menos do 40 por cento”*. Así as cousas, coñecida a composición do Consello de goberno da Xunta de Galiza, entendéndoo como unha unidade, incumpriría esta máxima





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

xa que as mulleres representan só o 38,46% do Consello de goberno. Esta decisión, na liña doutras recentes como a falta de mulleres na constitución da Sociedade para o Desenvolvemento de Proxectos Estratéxicos de Galiza, contribúe a retrasar o avance cara a igualdade nos ámbitos de poder e decisión.

É preciso lembrar tamén que o VIII Plan estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2022-2027 recolle unha diagnose respecto da situación da muller en distintos ámbitos e un eixo específico respecto do “*Apoderamento, sororidade e participación social*” no que sinala que “*a presenza de mulleres en espazos de poder e decisión está lonxe de ser semellante á dos homes*” e que, por iso, un dos eixos “*de actuación neste ámbito ten que ver co impulso do acceso das mulleres ás esferas de decisión e co fomento do seu liderado.*” e desenvolver “*accións de fomento do liderado feminino e de impulso da participación equilibrada de mulleres nos espazos de toma de decisións na esfera económica, política, cultural, científica etc., incluídos órganos e estruturas organizativas de todo tipo de asociacións e entidades sociais, económicas e de participación cidadá.*”

Máis aínda, sinálase que “*cómpre seguir traballando para alcanzar unha representación equilibrada de mulleres e homes en cargos de responsabilidade e postos de dirección dos departamentos e entes instrumentais da Administración autonómica, así como en órganos de consulta e valoración como tribunais, comisións, xurados etc*”

Polo tanto, é evidente que a composición do Consello da Xunta non envía unha mensaxe de compromiso cos avances en materia de igualdade e que non supón un exemplo para as demais administracións nin para o ámbito privado.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

“O Parlamento Galego acorda, por resolución, reprobar o incumprimento por parte do goberno galego do principio de presenza ou de composición equilibrada de mulleres e homes no nomeamento do Consello da Xunta ao ser a representación das mulleres inferior ao 40% que recolle a lexislación en materia de igualdade.”

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2024

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

**Iria Taibo Corsanego**

**Cristina Fernández Davila**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

**Oscar Insua Lema**

**Iago Suárez Fernández**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 15/04/2024 12:03:54**

**Iria Taibo Corsanego na data 15/04/2024 12:08:37**

**Cristina Fernández Davila na data 15/04/2024 12:08:56**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 15/04/2024 12:09:39**

**Óscar Insua Lema na data 15/04/2024 12:09:57**

**Iago Suárez Fernández na data 15/04/2024 12:10:39**

**Ana Pontón Mondelo na data 15/04/2024 12:10:53**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres** e das deputadas **Alexandra Fernández Gómez** e **Montserrat Valcárcel Armesto**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a Estratexia de cambio climático e enerxía e o cumprimento dos obxectivos fixados pola UE para 2030.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. O noso planeta sofre unha grave crise ambiental provocada por un modelo de desenvolvemento baseado na depredación de recursos naturais. A alteración dos equilibrios ecolóxicos, a perda masiva de biodiversidade, a emerxencia climática, os fenómenos meteorolóxicos extremos, a perda de recursos hídricos e as secas, os incendios de grandes dimensións son manifestacións dramáticas dunha realidade que pon en risco o futuro do planeta e da humanidade.

Para facerlle fronte a esta crise ambiental e a unha das súas manifestacións máis alarmantes, o cambio climático, aprobáronse diversos acordos internacionais, o último deles o Acordo de París, no que establecen obxectivos de redución de gases de efecto invernadoiro coa finalidade de acadar a neutralidade climática en 2050.

2. O parlamento europeo aprobou en 2021 a lei europea do clima, na que se compromete a reducir as emisións de dióxido de carbono nun 55% en 2023 a respecto de 1990. Esta norma transforma o obxectivo político da neutralidade climática en 2050 nunha obriga legal: a UE no seu conxunto e cada un dos Estados por separado deben lograr a neutralidade en carbono para 2050 e que a partir de entón a Unión Europea deberá acadar un saldo negativo.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Para acadar este reto, o parlamento europeo acordou un obxectivo máis ambicioso e pide unha redución do 60% para 2030. Asemade propón que a Comisión estableza un obxectivo intermedio para 2040 coa finalidade de garantir que se avanza polo bo camiño cara ao obxectivo de 2050. Ademais, o acordo da eurocámara prevé a creación dun organismo independente encargado de avaliar se a política é coherente e avaliar os avances.

3. En marzo de 2023, o parlamento europeo aprobou novas regras para incrementar os obxectivos de redución de gases de efecto invernadoiro en sectores non cubertos polo réxime de comercio dos dereitos de emisión, nomeadamente o transporte, a agricultura, a construción e a xestión de residuos. Os obxectivos para 2030 pasan por un incremento da redución de emisións do 30% ao 40% con respecto aos niveis de 2005. Segundo os obxectivos vinculantes, o Estado español debe acadar unha redución do 37,7%

4. Malia os anuncios que se fixeron nos últimos anos, a Xunta aínda non revisou a pouco ambiciosa e indefinida Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050, e tampouco levou a cabo a avaliación do Primeiro Plan Operativo para o período 2019-2023. Por outra parte, a normativa europea en materia de diversidade biolóxica, transición enerxética, aforro e eficiencia enerxética, transporte, residuos ou xestión forestal obrigan a unha completa redefinición e revisión das estratexias de clima e enerxía. A preocupante crise ambiental obriga a acelerar moitas reformas, tanto no ámbito das reformas sectoriais como no eido das mudanzas estruturais.

5. A redución das emisións de gases de efecto invernadoiro en Galiza está directamente relacionado co peche das centrais térmicas e coa parada de actividade de Alcoa. Precisamos un plan de acción integral, rigoroso e continuado no tempo, que vaia máis alá do ecopostureo e as medidas para a galería.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta o Goberno galego a:

1. Abrir un amplo proceso de participación institucional e social para elaborar unha nova Estratexia Galega de Clima e Enerxía e un Plan Operativo aliñados coa Lei Europea do Clima e coa normativa que a desenvolve. A elaboración e aprobación da Estratexia deberá comprometer a todos os ámbitos institucionais e deberá procurar a implicación de todos os sectores económicos e sociais. A Estratexia establecerá como obxectivo para 2030 a redución de emisións de CO2 do 55% a respecto de 1990.

2. Crear un organismo independente encargado de avaliar o desenvolvemento e cumprimento da Estratexia de Cambio Climático e Enerxía así como o cumprimento dos obxectivos de redución de emisión de CO2 e de gases de efecto invernadoiro.”

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2024

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

**Montserrat Valcárcel Armesto**

Deputadas do G.P. do BNG

**Luis Bará Torres**

Portavoz s. do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Alexandra Fernández Gómez na data 15/04/2024 12:39:53**

**Montserrat Valcárcel Armesto na data 15/04/2024 12:42:22**

**Luis Bará Torres na data 15/04/2024 12:42:38**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Ramón Fernández Alfonso** e **Xosé Manuel Golpe Acuña** e da deputada **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre o necesario impulso do Fondo de compensación das vítimas do amianto para a súa xusta reparación económica.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 21/2022 de creación dun Fondo de compensación para as vítimas do amianto prevé na súa disposición adicional única a aprobación dun regulamento de desenvolvemento no prazo de 3 meses desde a publicación oficial da lei, que tivo lugar o 19 de outubro do 2022.

Vai, polo tanto, máis dun ano da publicación da Lei e o regulamento aínda non existe. Para o BNG resulta inxustificábel unha demora semellante que ademais ven engadirse a un proceso artificialmente prolongado, atrasando cada un dos sucesivos trámites lexislativos ou provocando discusións aberrantes sobre aspectos que deberan estar fora de toda dúbida.

Temos que lembrar que o proxecto de lei foi tomado en consideración por segunda vez no Congreso dos deputados o 13 de abril do ano 2021, e que o período para a presentación de emendas en comisión foi prorrogado nada menos que 20 veces pola mesa do congreso da anterior lexislatura, antes da aprobación final da Lei para a creación do Fondo 21/2022.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Na actualidade, tanto o BNG como as asociacións de vítimas do amianto, tivemos coñecemento dun borrador ou proposta de Regulamento elaborado polo anterior goberno que non satisfai a ningún.

De feito, de aprobarse esta versión do Regulamento que coñecemos poderíamos dicir sen medo a nos enganar que o Fondo de compensación quedaría moi lonxe de cumprir os obxectivos e as expectativas de todas as entidades, sindicatos e partidos políticos que temos defendido ou feito nosa a demanda da creación deste Fondo de compensación para as vítimas do amianto, unha demanda que nace con un espírito e uns obxectivos moi determinados, e con unhas referencias internacionais tamén moi claras entre os países da nosa contorna.

Desde o BNG temos realizado un traballo a partir da proposta de Regulamento elaborada polo goberno estatal, consultando con diferentes persoas expertas na materia, así como coa asociación AGAVIDA e o sindicato CIG. E o resultado deste traballo é unha serie de propostas para modificar o borrador de Regulamento que consideramos gañarían peso político de contar co respaldo, tamén, das forzas políticas galegas con representación neste Parlamento.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a que promova as actuacións necesarias para modificar a proposta do goberno estatal de Regulamento de desenvolvemento da Lei 21/2022 de creación dun Fondo de compensación para as vítimas do amianto, nos seguintes termos:

1. Ampliar as patoloxías do anexo I incluíndo o cancro de útero, a fibrose, as placas pleurais e a asbestose sen repercusión





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

2. Ampliar as patoloxías para ser persoa beneficiaria pola vía do artigo 3.c) a todas as do anexo I reformado, así como eliminar o requisito de estar inscrita no RETEA

3. Dotar ao Fondo dunha estrutura descentralizada resolvéndose as solicitudes ao Fondo desde organismos de carácter provincial

4. Establecer que a Xurisdición social será a competente para coñecer en vía xudicial dos recursos presentados contra as resolucións do Fondo así como de calquera outro asunto relacionado

5. Constituiranse comisións de seguimento a nivel autonómico con idéntica composición que a comisión estatal mais reservando 4 dos 8 postos adjudicados á administración xeral do estado para a administración autonómica, que así mesmo nomeará ás persoas representantes da comunidade científica. A representación das organizacións patronais e sindicais entenderanse referidas ao ámbito autonómico correspondente, e os postos reservados para a Federación de vítimas entenderase a favor das asociacións de vítimas con máis implantación no territorio da Comunidade autónoma. Estas comisións poderán realizar funcións de intermediación previa á vía xudicial, elaboración de memorias, informes ou recomendacións, e dotaranse dun regulamento de funcionamento propio.

6. As compensacións económicas calcularanse como promedio do que veñen decretando os xulgados e tribunais para cada unha das patoloxías nos últimos 24 meses antes da entrada en vigor do regulamento

7. Unha mesma persoa poderá ser beneficiaria de máis de unha compensación en función dos criterios xudiciais vixentes a este respecto

8. As compensacións económicas percibidas polas persoas beneficiarias estarán exentas de tributación







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

9. A resolución favorábel da solicitude por parte do Fondo dará lugar ao dereito ao recargo de prestacións.”

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2024

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

**Xosé Manuel Golpe Acuña**

**Iria Carreira Pazos**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ramón Fernández Alfonso na data 15/04/2024 13:56:10**

**José Mauel Golpe Acuña na data 15/04/2024 14:02:44**

**Iria Carreira Pazos na data 15/04/2024 14:03:09**

**Ana Pontón Mondelo na data 15/04/2024 14:04:39**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGU  
OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Rosana Pérez Fernández** e dos deputados **Luis Bará Torres** e **Xosé Manuel Golpe Acuña**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa ás necesarias e urxentes actuacións a levar a cabo para facerlle fronte á problemática medioambiental que aínda persiste, derivada das instalacións da mina de San Fins (Lousame).

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Goberno galego fixo caso omiso durante anos aos informes dos seus propios técnicos sobre os graves riscos que suporía a autorización de vertidos residuais industriais procedentes da mina de San Fins.

Diante das innumerábeis denuncias de distintos colectivos e das súas mobilizacións e diante das moitas iniciativas ao respecto do Grupo do BNG no Parlamento, a Xunta de Galiza non só desoíu todas elas senón que os tachou unha e outra vez de alarmistas, de demagogos, de ir en contra do progreso e do desenvolvemento industrial e de enganar á cidadanía.

Foron anos nos que o Goberno tamén desprezou as lexítimas reivindicacións das confrarías da ría de Muros e Noia, nos que subestimou os miles de postos de traballo que se poñían en risco coas actuacións temerarias dunha concesionaria que era consentida pola propia Xunta de Galiza.

Dende o ano 2016, cando se inicia o longo e irregular proceso de autorización, as análises realizadas constataron sempre contaminación por metais pesados e un alto risco ambiental debido ao gran volume de auga contaminada e pola súa proximidade aos bancos marisqueiros.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Con base neses informes solicitouse, mesmo por varias Corporacións Municipais da ría, a paralización do proxecto de vertidos que, finalmente, foi autorizado en febreiro de 2023.

Agora, despois de continuaren os flagrantes incumprimentos da concesionaria, e tamén as denuncias e as mobilizacións da cidadanía, Augas de Galicia vén de comezar os trámites para revogar o permiso que ela mesma autorizara, máis dun ano despois de que as condicións impostas á empresa foran quebrantadas dende o primeiro momento.

Con todo, os vertidos residuais industriais non son a única ameaza que representa o complexo mineiro de San Fins. Seguen vixentes e pendentes de resolver problemas tan graves como o estado das presas de residuos mineiros, o baleirado das plantas inundadas da mina, ou mesmo o abandono da explotación sen un plan de peche que asuma o conxunto da súa problemática ambiental.

Son vellos asuntos coñecidos polo Goberno galego que debe enfrontar definitivamente para tratar de evitar que as consecuencias recaian sobre outras actividades e sectores, sobre o erario público, ou que cheguen a producir unha afectación irreparábel na contorna e na ría de Muros e Noia.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego

1.- Á revisión de oficio e declaración de nulidade da Resolución do 28 de decembro de 2009, “de aprobación dos proxectos de explotación e de restauración e mellora das instalacións de tratamento do Grupo Mineiro San Finx”.

2.- Requiritir á empresa concesionaria o desenvolvemento urxente do programa de intervencións proposto por Augas de Galicia no seu informe sobre a titularidade das presas de





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

residuos mineiros, nomeadamente procedendo á retirada dos acumulados nas dúas presas de residuos, á súa demolición e á restauración ambiental do leito degradado e da contorna das instalacións mineiras.

3.- Acometer as medidas, no caso de que a concesionaria non atendese o requirimento, subsidiariamente con cargo ao patrimonio dos responsábeis subsidiarios e emprender as accións legais oportunas na súa contra.”

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2024

Asdo.: **Luis Bará Torres**  
**Xosé Manuel Golpe Acuña**  
Deputados do G.P. do BNG  
**Rosana Pérez Fernández**  
Portavoz s. do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Rosana Pérez Fernández na data 15/04/2024 18:50:42**

**José Mauel Golpe Acuña na data 15/04/2024 18:50:46**

**Luis Bará Torres na data 15/04/2024 18:50:56**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Oscar Insua Lema** e da deputada **Rosana Pérez Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa ao novo retraso do proxecto do porto mixto en Corcubión por ter que someterse a avaliación de impacto ambiental ordinaria.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 10 de abril a Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático publicaba no DOG o anuncio polo que se facía público o informe de impacto ambiental do proxecto de Remodelación das instalacións portuarias de Corcubión, promovido por Portos de Galiza. O informe conclúe que son previsibles efectos adversos significativos sobre o medio ambiente, e polo tanto consideran que é necesario someter o proxecto a avaliación ambiental ordinaria.

O obxecto do proxecto é o deseño dunha solución para mellorar o abrigo xeral de todas as zonas do porto, tanto deportivas como pesqueiras, e dotar de novas prazas de ataque á flota pesqueira e á flota deportiva. O proxecto inclúe a construción dun dique de abrigo en dúas aliñacións co que se crearán 24 prazas para embarcacións pesqueiras e 170 prazas para embarcacións deportivas. Construiranse tamén dúas explanadas para dotar ao porto de novos espazos de servizo terrestre para as embarcacións e crearanse unhas 25 prazas de aparcamento para a zona pesqueira e 40 prazas para a zona deportiva.

O concello de Corcubión leva reclamando hai máis de 30 anos a construción de instalacións portuarias para o deporte e a pesca náutica, co fin de ordenar os amarres na





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

enseada da ría, de dotar de maior seguridade ás embarcacións, dado que cada inverno van ás pedras uns dous ou tres barcos, e de fomentar o turismo náutico na única ría atlántica que por si mesma ten unha morfoloxía de porto de abrigo natural. Esta demanda histórica nunca foi atendida, a pesar das promesas reiterativas que vimos escoitando hai xa anos dende a consellería. Hoxe esta infraestrutura é demandada por todos os axentes empresarias e sociais da vila, comezando pola propia Confraría de Pescadores ou polo clube marítimo Carrumeiro, ademais doutros colectivos veciñais, mais no orzamento da Xunta para este ano 2024 non se incluíu ningunha partida para levar a cabo este proxecto.

O informe de impacto ambiental conclúe que é necesario que o proxecto de Portos de Galiza se someta a avaliación ambiental ordinaria, polo que volven a retrasarse os prazos para que o porto mixto en Corcubión sexa unha realidade. Chama a atención que o informe emitido pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, ente da propia Consellería que impulsa o proxecto, non informara a Portos de Galiza sobre os recursos marisqueiros e acuícolas que se podían ver afectados á hora de redactar o documento de inicio ambiental e ter xa deseñadas as medidas correctoras e protectoras sen esperar a ter que facelo nun novo trámite ou ter que modificar o proxecto.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a realizar o trámite de avaliación de impacto ambiental ordinaria á maior brevidade posible, así como os trámites necesarios sucesivos e a incluír nos orzamentos do vindeiro ano unha partida con dotación suficiente para licitar e iniciar a execución das obras do Porto Mixto de Corcubión no 2025.”





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2024

Asdo.: **Oscar Insua Lema**  
Deputado do G.P. do BNG  
**Rosana Pérez Fernández**  
Portavoz s. do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Óscar Insua Lema na data 16/04/2024 09:08:14**

**Rosana Pérez Fernández na data 16/04/2024 09:13:50**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Mercedes Queixas Zas** e **Iria Taibo Corsanego** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a necesidade de dar conta dos traballos da Mesa de Cultura para avaliar o grao de desenvolvemento das prioridades de actuación recollidas no eixe 4.3 do “Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030” referentes á cultura e lingua galegas.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consello da Xunta aprobou o 10 de marzo de 2022 o denominado “Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030”, que no seu traslado ao Parlamento de Galiza contou unicamente cos votos favorables do Partido Popular para a súa aprobación no pleno do 13 de setembro do mesmo ano.

Entre as prioridades de actuación recollidas neste documento atopamos no 4.3. “Potenciar a cultura e a lingua galega como elementos clave para construír unha sociedade inclusiva e cohesionada e que contribúa á calidade de vida da cidadanía”, o que se traduce en catro obxectivos estratéxicos. Para a avaliación do grao de desenvolvemento desta prioridade de actuación e dos seus obxectivos, recolle o documento 7 indicadores, todos eles cuantitativos, baseados principalmente en cifras de axudas, actuacións e asistentes.

A única ferramenta de avaliación dos obxectivos deste documento é, polo momento, o informe de seguimento anual referido ao ano 2022, publicado o pasado mes de novembro. Nesta avaliación só se teñen en conta indicadores numéricos,







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

cuantitativos, de resultado e produtividade elaborados a partir de datos propios da Xunta de Galiza, sen contar con datos externos para coñecer o impacto desta estratexia no sistema cultural galego.

Na propia definición da estratexia que pretende plasmar este documento recóllese o proceso de avaliación como parte dun esquema iterativo que se repite “sucesivas veces ao longo do período de vixencia da planificación estratéxica, posto que normalmente a estratexia debe ser redeseñada ou polo menos axustada para adaptarse a cambios da contorna, a circunstancias derivadas da súa propia implementación, ou en función dos resultados intermedios que se van obtendo.” (páxina 393 do Tomo II).

O Consello da Cultura Galega, órgano de asesoramento e consulta en materia de cultura dos poderes públicos de Galiza, ven de facer público o Barómetro da Cultura Galega 202, o documento que mide o estado e a evolución da actividade cultural do último ano no noso país, elaborado polo Observatorio da Cultura Galega. Para alén do detalle dos datos que ofrece este barómetro, recollidos a través da participación de máis de 1.000 entidades públicas, empresas e profesionais do sector cultural, cómpre sinalar unha conclusión xenérica: “as persoas enquisadas perciben unha evolución algo menos favorable en 2023 en comparación co 2022. Así mesmo, as expectativas que tiñan hai un ano non se cumpriron, xa que pensaban que 2023 sería un ano mellor do que realmente foi (...) Isto permite afirmar que a cultura está sufrindo unha minoración na súa velocidade de crecemento”.

Fronte ás visións contrapostas en materia de cultura e lingua recollidas, dunha parte pola Xunta de Galiza na súa avaliación parcial do “Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030”, e doutra banda polo sistema cultural galego segundo os datos recollidos polo Observatorio da Cultura Galega, cómpre exercer de maneira efectiva os labores de avaliación da estratexia para redirixir o rumbo no referente ás prioridades de actuación en materia de lingua e cultura galegas. Achegámonos á marca dos 2 anos desde a





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

aprobación deste documento, pensado para un horizonte de 8, e débese aproveitar a ocasión para corrixir as políticas que se estean a demostrar erradas na diagnose ou no propio desenvolvemento do Plan.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a dar conta das avaliacións da Mesa de Cultura a respecto do grao de desenvolvemento das prioridades de actuación recollidas no eixe 4.3 do Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030 referentes á cultura e lingua galegas.”

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2024

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

**Iria Taibo Corsanego**

**Daniel Castro García**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 16/04/2024 09:25:43**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Iria Taibo Corsanego na data 16/04/2024 09:30:22**

**Daniel Castro García na data 16/04/2024 09:30:43**

**Ana Pontón Mondelo na data 16/04/2024 09:31:05**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Noa Presas Bergantiños** e **Rosana Pérez Fernández** e dos deputados **Ramón Fernández Alfonso**, **Oscar Insua Lema** e **Brais Ruanova Vilas-Boas**, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ao endebedamento de Galiza e ás actuacións nas que debe colaborar o goberno galego para atender un dos principais problemas económicos do noso país.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A débeda pública galega é un dos principais problemas económicos da Galiza de hoxe e da Galiza do futuro. Na orixe e existencia deste problema hai dúas patas fundamentais. Dunha banda, un modelo económico de relación co Estado español absolutamente inxusto e centralista, polo cal Galiza, ademais de ter un sistema financiamento inxusto e cuxa revisión leva bloqueada unha década, vese sometida desde a crise financeira de 2008 a un marco inxusto de reparto do déficit que limita o seu autogoberno e brinda maior capacidade ao Estado malia non ser o responsable dos servizos públicos esenciais. Este marco foi unicamente flexibilizado na etapa da crise da covid-19 prevéndose a súa recuperación total no inmediato. Doutra banda, hai unha responsabilidade fundamental na mala xestión económica do Partido Popular, que triplicou a débeda ao tempo que non preservou os servizos públicos dos efectos das crises económicas nin apostou pola transformación económica do noso país.





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Existen incumprimentos do “Plan prevención de riscos laborais” e dos “Plans de Acción” a levar adiante nos servizos forestais públicos da Xunta de Galicia. Na maioría dos distritos forestais non hai análise de intervención, reunións para mellorar a súa operatividade e funcionamento, faltan protocolos para coordinar os propios medios con que conta a Consellaría, coordinarse axeitadamente con outros medios que integran o operativo Pladiga. Non se respectan as distintas estruturas operativas do distrito nin as funcións de cada un dos seus integrantes. Na ampla maioría dos casos funcionase por inercia e sen un obxectivo claro. Distritos onde non hai ningunha reunión ao longo de todo o ano, que ocasiona que á hora de se produciren emerxencias, se actúe nalgúns casos de maneira improvisada. Sen unificar criterios na xestión do persoal propio, organización do traballo, horarios, vacacións, reunións de coordinación, estrutura e funcionamento dos distritos forestais. Cinco distritos forestais por provincia, 19 distritos forestais en Galicia, 19 territorios que funcionan cada un





á súa maneira sen protocolos claros e sen unificación dos criterios máis básicos.

Os traballos de prevención de incendios (áreas cortalumes, devasas, faixas auxiliares de pistas e camiños, rozados, faixas de xestión de biomasa...), non se realizan ao seu debido tempo. Os traballos de prevención de incendios forestais e de xestión de biomasa deben de realizarse antes do mes de xuño de cada ano.

É de resaltar a falla de divulgación do Pladiga entre os propios integrantes que teñen que cumprir este protocolo de actuación, o Pladiga presentado todos os anos no Consello Forestal de Galicia e aprobado polo Consello da Xunta de Galicia.

É imprescindible que a Administración galega presente o Pladiga ante o Consello Forestal, órgano de carácter consultivo e de asesoramento da Xunta de Galicia e canle de participación da sociedade galega co fin de que se incorporen as achegas que realicen os participantes e se consensúe o Plan de prevención e defensa contra incendios.

Este grupo parlamentario incide na necesidade de presentar o Pladiga con anterioridade do ano en curso, os incendios forestais na actualidade non entenden de estación, ten pouca lóxica que se presente o plan todos os anos xa con case medio ano de sucesos e de prevención que xa debería estar realizada.

Por todo iso, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1ª. Que valoración realiza o Goberno galego do atraso inxustificado na publicación do Pladiga?





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 12/04/2024 10:43:22  
**Nº Rexistro: 1662**  
Data envío: 12/04/2024 10:43:22.038

2ª. Cando vai o Goberno galego presentar o borrador do Pladiga ao Consello Forestal?

3ª. Como se vai planificar o proceso de achegas ao Consello Forestal polos seus membros?

4ª. Cando prevé o Goberno galego levar o Pladiga ao Consello da Xunta?

5ª. Como xustifica o Goberno galego o incumprimento da normativa autonómica e estatal sobre os plans de prevención de incendios?

Parlamento de Galicia, 12 de abril de 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Rodríguez Dacosta na data 12/04/2024 10:31:57**

**Lara Méndez López na data 12/04/2024 10:32:10**

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  981.55.15.30

5177

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Xosé Manuel Golpe Acuña, Brais Ruanova Vilas-Boas e Ramón Fernández Alfonso**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a situación do gasoduto Guitriz – Zamora e a súa inclusión no corredor europeo BarMar.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O hidróxeno verde está chamado a ser un vector enerxético de primeira magnitude. A súa aplicación como almacén enerxético vai xogar un papel significativo, tanto no sector eléctrico, como na mobilidade; pero tamén nas súas aplicacións térmicas mesturado con outros gases.

Galiza, territorio transformado de enerxía, non é allea a este novo actor do sector enerxético, e proba disto son os diversos proxectos de xeración de hidróxeno verde que están proxectados na nosa comunidade, onde destacan as iniciativas de H2 Pole (Reganosa e EDP Renovables), Julio Verne (Autoridade Portuaria de Vigo), A Coruña Green Port H2 Mobility (Enerfin), H2 Galicia (Foresa e Iberdrola) e o plan de produción de hidróxeno verde a partir de fotovoltaica para a área portuaria de Bouzas.

Todos estes proxectos precisan dunha infraestrutura que permita evacuar o hidróxeno xerado cara as redes de distribución que permita comercializar o gas xerado, establecer sinerxías con mercados e clientes potenciais e mesmamente avanzar na investigación e desenvolvemento de novos sistemas de xeración e distribución de hidróxeno.

A Xunta de Galicia, a través de Reganosa, propuxo a creación da interconexión Guitriz – Zamora, a través dun gasoduto que de acceso á rede galega de gasodutos ao







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

primeiro corredor de hidróxeno renovable da Unión Europea (UE), bautizado como “H2Med” e nomeado agora como “BarMar”. á convocatoria para Proxectos de Interese Común (PCI, polas súas siglas en inglés) co obxectivo de obter financiamento comunitario.

Logo da venda dos activos de distribución gasista de Reganosa a Enagás, esta última adquiriu o compromiso da promoción do gasoducto Guitriz-Zamora, mesmamente aínda que este non se inclúa nos proxectos PCI, e así figura na páxina web da compañía: <https://www.enagas.es/es/sala-comunicacion/actualidad/notas-prensa/hidroducto-guitriz-zamora/>

*Después de que este proyecto fuese presentado a la convocatoria de PCI por Reganosa en diciembre de 2022, las dos compañías cerraron un acuerdo en septiembre de este año 2023 por el que **Enagás ha pasado a ser el promotor del eje Guitriz-Zamora**. La compañía continuará impulsando y desarrollando los trabajos necesarios para poner en marcha el proyecto de este hidroducto, al mismo tiempo que el resto de los ejes de la Red Troncal Española de Hidrógeno.*

***Enagás promoverá el desarrollo de proyectos como el de Guitriz-Zamora y otros, que tras el análisis de los resultados de la Call For Interest, se consideren necesarios en la Red Troncal Española de Hidrógeno para atender la demanda nacional en España, independientemente de su inclusión en la lista de PCI.***

O Regulamento (UE) 2022/869 establece un marco para a determinación, planificación e execución dos proxectos de interese común ("PIC") necesarios para implantar os once corredores xeográficos prioritarios de infraestruturas enerxéticas estratéxicas determinados nos ámbitos da electricidade, redes marítimas, hidróxeno e electrolizadores, e os tres ámbitos prioritarios das infraestruturas enerxéticas a nivel da Unión (redes eléctricas intelixentes, redes de gas intelixente e redes de transporte de dióxido de carbono). Tamén establece un marco para a identificación, planificación e





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

execución de proxectos de interese mutuo ("PIM") desenvolvidos pola Unión xunto con terceiros países nos ámbitos das redes de transporte de electricidade, hidróxeno e dióxido de carbono.

Este regulamento foi modificado polo Regulamento Delegado (UE) 2024/1041 Da Comisión dende o 28 de novembro de 2023, no que se refire á lista da Unión de proxectos de interese común e proxectos de interese mutuo. Esta Regulamento Delegado non inclúe o gasoduto Guitriz – Zamora como Proxecto de Interese Común.

Diante da constatación da falla de financiamento europeo, para a construción desta infraestrutura clave no desenrolo do hidróxeno verde en Galiza, así como da falta de información fiable sobre os acordos Reganosa – Enagás compre ter a certeza sobre do futuro deste gasoduto.

Por todo o exposto fórmase a seguinte interpelación:

Logo do rexeitamento da Comisión Europea do hidroducto Guitriz – Zamora como Proxecto de Interese Común, cal e a posición e medidas que a Xunta de Galiza vai adoptar para garantir a súa construción?

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2024

Asdo.: **Xosé Manuel Golpe Acuña**

**Ramón Fernández Alfonso**

**Brais Ruanova Vilas-Boas**

Deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**José Mael Golpe Acuña na data 12/04/2024 10:56:53**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 12/04/2024 10:56:58**

**Brais Ruanova Vilas-Boas na data 12/04/2024 10:58:04**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Xosé Manuel Golpe Acuña, Brais Ruanova Vilas-Boas e Ramón Fernández Alfonso**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre o fomento de comunidades enerxéticas de base cidadá na Galiza.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A produción, distribución e consumo é un sector estratéxico da economía e debería ser un dereito fundamental da cidadanía, mais no actual contexto económico converteuse nun ben moi custoso e sometido aos vaivéns e aos intereses do mercado. A regulación do sector enerxético provoca movementos especulativos e un réxime de oligopolio no que unhas poucas empresas teñen o control de case toda a cadea do sector eléctrico, o que xera beneficios multimillonarios para un reducido grupo de actores e graves perxuízos para a maioría social. A escalada dos prezos da enerxía eléctrica que se produciu ao longo do ano 2021 e nos primeiros meses do 2022 é unha das caras máis visíbeis dun sistema cruel e inxusto, unha realidade que ten un importante impacto negativo nos sectores económicos, nas pemes, e nos fogares.

Dende o BNG defendemos cambios estruturais no modelo enerxético que pasan pola intervención pública no sector, medidas de redución do prezo, supresión dos beneficios chovidos do ceo ou creación dunha tarifa eléctrica galega que permita reducir o prezo da luz atendendo á condición de Galiza de exportadora de enerxía eléctrica. Ao mesmo tempo, nos últimos anos agromaron movementos sociais que cuestionan o sistema enerxético centralizado e oligopolístico e defenden como alternativa modelos distribuídos, de proximidade que na práctica supoñen un maior grao de socialización e democratización do acceso á enerxía e unha sorte de empoderamento enerxético





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

ciudadán. Como resposta a estes movementos, a UE incorporou no dereito comunitario as “comunidades enerxéticas”. Fíxoo en 2018 mediante a Directiva (UE) 2018/2001 e en 2019 coa Directiva (UE) 2019/944 coas que se incorpora o concepto das “comunidades enerxéticas locais” e as figuras xurídicas das “comunidades de enerxías renovábeis” (2018) e das “comunidades cidadás de enerxía” (2019). Estas entidades defínense como “calquera asociación, cooperativa, sociedade, organización sen ánimo de lucro ou outra entidade xurídica dedicada á xeración distribuída e á realización de actividades dun xestor de rede de distribución, subministrador ou agregador a nivel local”. Estas figuras xurídicas foron trasladadas á lexislación española mediante o Real Decreto lei 23/2020 polo que se aproban medidas en materia de enerxía e noutros ámbitos para a reactivación económica (que modifican determinados aspectos da Lei 24/2013 do sector eléctrico). No citado RD 23/2020 defínense as Comunidades de Enerxías Renovábeis como “entidades xurídicas baseadas na participación aberta e voluntaria, autónomas e efectivamente controladas por socios ou membros que están situados nas proximidades dos proxectos de enerxías renovábeis que sexan propiedade destas entidades xurídicas, cuxos socios ou membros sexan persoas físicas, pemes ou entidades locais, incluídos os concellos, e cuxa finalidade primordial sexa fornecer de beneficios medioambientais, económicos ou sociais aos seus socios ou membros, ou ás zonas locais onde operan, en lugar de ganancias financeiras”. As comunidades enerxéticas poden desenvolver as seguintes actividades:

- Xeración de enerxía procedente de fontes renovábeis.
- Servizos de eficiencia e rehabilitación enerxética.
- Subministro, consumo, agregación e almacenamento de enerxía, e potencialmente distribución.
- Prestación de servizos de recarga de vehículos eléctricos ou doutros servizos enerxéticos.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Se ben esta figura xurídica forma parte da lexislación comunitaria e estatal, está pendente a súa efectiva transposición mediante o desenvolvemento dos aspectos xurídicos, técnicos e financeiros que deben regular as comunidades enerxéticas locais e a súa participación no sector enerxético. Aínda que a finais de 2020 se abriu polo goberno central unha “Consulta pública previa de comunidades enerxéticas locais” non chegou a aprobarse o instrumento xurídico que debe regularlas.

Debido a esta indefinición legal, actualmente existen moitas trabas e restricións que dificultan a creación de comunidades locais de enerxía. A falta de seguridade xurídica está a provocar a ralentización de proxectos, que moitas veces teñen que tramitarse como proxectos de autoconsumo para salvar o baleiro legal. Ademais, as limitacións aplicadas na práctica de 0.5 km de distancia entre o punto de produción e de consumo; 2 km no caso de que a instalación sexa sobre cuberta. O límite administrativo de 100 kW para a tramitación de instalación en réxime simplificado, constitúen unha dificultade engadida para o interese e a viabilidade dos proxectos de autoconsumo colectivo e de comunidades enerxéticas. Para facer fronte a esta situación, numerosos colectivos e institucións están promovendo unha serie de demandas que deben incluírse no futuro decreto regulador das comunidades enerxéticas:

- a) O incremento da distancia até 5 km e da potencia até 5 MW
- b) A simplificación dos trámites administrativos
- c) A supresión de cargos e peaxes nas modalidades fora do autoconsumo.
- d) A ampliación das modalidades de compensación de excedentes, e aplicación do balance neto.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

No ámbito galego, as comunidades de montes en mancomún dirixíronse ao goberno central solicitando a súa inclusión na figura xurídica das “comunidades enerxéticas”, xa que coa actual regulación non poden actuar como tales.

Máis alá da regulación efectiva e favorábel das comunidades enerxéticas, as institucións públicas deben actuar como impulsoras, promotoras e fomentadoras deste modelo distribuído e de proximidade, como alternativa social ao modelo intensivo e depredador dos grandes polígonos enerxéticos de iniciativa privada que están literalmente ameazando e invadindo amplas zonas da xeografía galega.

No caso do goberno galego, debe impulsar por si propio e tamén en colaboración con concellos, con cooperativas, con pemes e con organización sociais un gran proxecto de país para a información, a formación, o asesoramento e o impulso de proxectos de comunidades enerxéticas.

Por todo o exposto fórmase a seguinte interpelación:

Que iniciativas e medidas concretas levou e está levando a Xunta de Galiza para o fomento, implantación e facilitación da creación das comunidades enerxéticas?

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2024

Asdo.: **Xosé Manuel Golpe Acuña**

**Ramón Fernández Alfonso**

**Brais Ruanova Vilas-Boas**

Deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**José Mael Golpe Acuña na data 12/04/2024 11:08:15**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 12/04/2024 11:08:19**

**Brais Ruanova Vilas-Boas na data 12/04/2024 11:09:06**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Alexandra Fernández Gómez, Carmela González Iglesias e Brais Ruanova Vilas-Boas**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a promoción de vivenda pública no desenvolvemento da 2º fase do PAU de Navia en Vigo.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza mantivo paralizado, durante 14 anos, o desenvolvemento do PAU de Navia, a pesar de que no ano 2010 xa se comprometía a impulsar a 2º fase do PAU. Dende entón, o proxecto adoeceu dunha falla de iniciativa da Xunta e dunha política de confrontación estéril entre administracións. A paralización da vivenda pública foi, de feito, unha estratexia común ao conxunto do país e baixo o goberno do PP a promoción de vivenda pública reduciuse á súa mínima expresión.

Despois de anos de parálise, o 29 de xullo de 2020 o pleno do Concello de Vigo acordaba a aprobación definitiva da segunda modificación do Plan Parcial de Navia. En dito instrumento definíase a ordenación do ámbito, que abarca 27 ha de solo, e delimita 3 polígonos de actuacións, con dúas fases para cada unha delas. Segundo as previsións do IGVS a execución da 2º fase do PAU vaise desenvolver en 4 etapas: unha primeira coa urbanización das fases A e B do polígono 1, unha segunda coa urbanización do polígono 2A, unha terceira co 2B e unha cuarta coa urbanización das fases A e B do polígono 3. Por tanto, as primeiras actuacións comprenden apenas parte do actuación global na que se prevé a construción de 1.598 novas vivendas protexidas.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

En cuanto ao modelo de vivenda protexida que se pretende existen moitas incertezas. De acordo coa ficha de características do PXOM de Vigo o 100% da vivenda será protexida, mais non se especifica canta desta será de promoción pública e de promoción privada.

Por tanto, o IGVS ten a capacidade de impulsar, en maior ou menor grao, a promoción de vivenda pública. Lamentablemente non existe unha folla de ruta clara por parte do executivo galego, que foi mudando progresivamente de posición. Nun inicio os seus anuncios reducían a oferta de vivenda de promoción pública a tan só 80 vivenda respecto dun total de 1.598 vivendas protexidas proxectadas. É dicir, apenas o 5% do total das vivendas programadas. Posteriormente, logo da crítica da oposición, aumentaron esa cifra até as 201 vivendas de promoción pública divididas en seis inmobles de 38, 40, 18, 41, 18 y 46 vivendas. Con todo segue a ser unha cifra insuficiente.

Neste momento na cidade de Vigo hai 5.664 solicitudes no Rexistro de Demandantes de Vivenda. Destas, 4.669 unidades de convivencia solicitan que esa vivenda sexa de promoción pública e das cales apenas 720 demandan que esta sexa en réxime de compra. Por tanto, o 82% dos rexistros solicitan vivenda pública para acceder a unha vivenda.

Estas cifras contrastan coa aposta do goberno, que reduce a promoción de vivenda pública nesta primeira fase ao 28% do total previsto. A pesar de contar con solo para impulsar a promoción pública de vivenda e dar así resposta á demanda, a Xunta de Galiza prefire reducir a oferta a 201 vivendas públicas para 4.669 solicitudes.

Esta decisión resulta aínda máis incomprensible tendo en conta o actual contexto de crise de prezos do aluguer no mercado libre. Nesta situación, a promoción de vivenda pública en réxime de aluguer é fundamental. Primeiro porque facilita o acceso a quen non pode acceder á vivenda a través do mercado libre. Segundo porque é a única





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

fórmula para converter en estrutural o investimento en vivenda, permitindo ampliar o cativo parque público de vivenda de Galiza.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

- Cantas das 703 vivendas protexidas previstas no primeiro polígono serán de promoción pública?
- Cantas das 718 vivendas protexidas previstas no segundo polígono serán de promoción pública?
- Cantas das 147 vivendas protexidas previstas no terceiro polígono serán de promoción pública?
- Que valoración fai a Xunta da actual demanda de vivenda de promoción pública acreditada no Rexistro de Demandantes de Vivenda en Vigo?
- Considera suficiente a oferta prevista para dar resposta a actual demanda?
- Vai a Xunta de Galiza ampliar a oferta de vivenda de promoción pública prevista co fin de paliar a actual crise de acceso á vivenda?
- Cantas vivendas públicas das previstas estarán dirixidas a poboacións especiais?

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2024

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

**Brais Ruanova Vilas-Boas**

**Carmela González Iglesias**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Alexandra Fernández Gómez na data 12/04/2024 11:28:24**

**Brais Ruanova Vilas-Boas na data 12/04/2024 11:28:36**

**Carmela González Iglesias na data 12/04/2024 11:29:32**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a situación do servizo de oncoloxía no CHUS .

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación laboral e asistencial no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela está nunha conxuntura crítica. Á grave situación que padece a sanidade pública galega pola serie de políticas de desmantelamento mantidas no tempo pola Xunta de Galiza do Partido Popular, súmaselle a actuación dunha Xerencia que afonda máis na precariedade laboral e no deterioro da calidade asistencial.

Nesta liña, pacientes oncolóxicas desta área sanitaria están a denunciar as demoras que padecen nas súas revisións, contrarias a calquera criterio clínico ou sanitario e que teñen repercusións sobre a súa saúde. Fronte a prazos entre 3 e 4 meses para acceder a esas revisións, as demoras chegan a superar en 8 meses ese período. Ademais das obvias consecuencias que pode supor para a súa saúde física pola patoloxía que padecen, tamén ten repercusións sobre a súa saúde mental, pola incerteza e a ansiedade de manterse na espera.

Unha situación que non é puntual, senón que se vén dando desde hai meses pola situación de desmantelamento que sofre esta área sanitaria. Nesta liña, hai un ano xa se produciron denuncias, que o BNG trasladou a esta cámara, polos atrasos e demoras nas citas após a decisión da Xerencia de obrigar a facultativas do servizo de Oncoloxía Médica a realizar gardas de Área Médica no Hospital da Barbanza pola falta de





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

profesionais no centro comarcal. Atrasos nas citas, mais tamén nas probas diagnósticas de estadiaxe que só afondan nese deterioro da asistencia que reciben as pacientes.

Todas estas problemáticas veñen dadas, entre outras cuestións, por unha carencia grave de persoal que non se limita ao cadro facultativo, senón que outras categorías profesionais coma as de farmacia, enfermaría, TCAEs, celadoras, etc. presentan cadros de persoal exiguos que non poden cubrir as demandas do servizo, tampouco as asistenciais.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

- É consciente o goberno galego da situación que están a sufrir as pacientes oncolóxicas da área sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza?
- Considera que o cadro de persoal deste servizo é suficiente para as súas necesidades? Que opinión lle merece ao executivo a situación laboral do persoal?
- Que medidas concretas se teñen tomado ante as denuncias reiteradas de atrasos nas consultas de Oncoloxía Médica e na realización de probas diagnósticas para mellorar a calidade asistencial?
- Ten prevista a elaboración dun sistema de identificación de prazas que permita coñecer a situación do persoal?
- Que medidas ten contempladas para evitar que se continúen producindo atrasos e demoras nas consultas e revisións oncolóxicas, contrarias ao criterio clínico e científico?

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2024





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Asdo.: Asdo.: **Iria Carreira Pazos**  
**Montserrat Prado Cores**  
Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iria Carreira Pazos na data 12/04/2024 11:44:07**

**María Montserrat Prado Cores na data 12/04/2024 11:44:11**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos** deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre as medidas a tomar para converter a Atención Primaria no auténtico eixo vertebrador do sistema sanitario público galego.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Levamos anos demandándolle ao PP que tome medidas para deixar de poñer en risco a saúde e a vida d@s galeg@s coa súa política de deterioro da sanidade pública galega.

Non só non atendeu ningunha das peticións, senón que segue dando pasos cara o precipicio, cara o abismo, como consecuencia seguen as listas de espera para ter cita nos centros de saúde, seguen os PACs sin médic@s, as crianzas sen pediatras.

Todas as actuacións levadas a cabo van encamiñadas cara roubarlle @s galeg@s o dereito a unha sanidade pública, universal, gratuíta e de calidade, onde as persoas sexan atendidas en función das súas necesidades de saúde e non da súa capacidade económica. O obxectivo é cambiar a tarxeta sanitaria pola tarxeta bancaria.

Os datos son clarificadores, o incremento do gasto en sanidade privada, tanto global, como por fogares e por persoa non fai máis que avanzar. Ese aumento está directamente relacionado co deterioro da sanidade pública.







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Segundo o último informe anual do sistema de saúde, publicado polo Ministerio a principios de novembro, Galiza segue estando á cola en Atención Primaria 11.79%, fronte ao 14.17% da media do Estado, case 2 puntos e medio de diferenza

Entre tanto a Xunta actúa de comentarista dos problemas, na vez de actuar para solucionarlos. Nin medidas conxunturais nin estruturais para sacar á atención primaria do pozo no que a teñen metida os 15 anos de goberno do PP.

É urxente o cambio de rumbo, poñer en marcha medidas que aposten claramente pola sanidade pública, e por esa razón fórmulase a seguinte interpelación:

Cal é a planificación da Xunta de Galiza para garantir que a Atención Primaria sexa o auténtico eixo vertebrador do sistema sanitario?

Por que non elabora un Plan de Ordenación de Recursos Humanos a partir do cal presentar un plano de redimensionamento e estabilidade do cadro de persoal?

Que alternativa lles oferta @s galeg@s diante da escaseza de facultativ@s de Medicina de Familia e Comunitaria, pediatras, enfermeiras...?

Por que non incorpora a Atención Primaria categorías imprescindíbeis para prestar unha atención integral: psicoloxía, terapia ocupacional, logopedia, traballo social...?

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2024

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Iria Carreira Pazos**

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 12/04/2024 11:59:15**

**Iria Carreira Pazos na data 12/04/2024 11:59:18**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández e Ariadna Fernández González**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a situación do Servizo de Axuda no Fogar e as medias que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En Galiza, o Servizo de Axuda no Fogar é o que máis persoas usuarias concentra de todos os que se inseren no SAAD.

Neste senso, cos últimos datos publicados polo INMSERSO, no noso País hai 25.495 persoas usuarias de SAF (datos de febreiro de 2024). Porén, malia ser unha peza clave na atención e o coidado das persoas dependentes, os concellos galegos e a Fegamp veñen alertando desde hai anos á Xunta de Galiza, do risco de quebra do servizo pola falta de recursos económicos e a incapacidade de moitos municipios para facer fronte – especialmente co persoal do que dispoñen-- da crecente demanda que existe.

Cómpre lembrar que Galiza conta cunha poboación maior de 65 anos que alcanza o 30% do total e cunha alta esperanza de vida que incrementará progresivamente o número de persoas usuarias, como xa vén acontecendo desde hai máis dunha década.

Na actualidade, o SAF finánciase a través de módulos de financiamento nos que a Xunta achega 12 euros a hora e o resto se divide entre as aportacións municipais e das persoas usuarias en función do seu nivel de renda e patrimonio das mesmas. Doutra banda, os concellos con menos de 20 mil habitantes contan con apoios das deputacións provinciais sendo estes diferentes en función de cada provincia.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Segundo os datos do Colexio de Traballo Social de Galiza no estudo realizado en 2020 sobre a situación do SAF no noso País, o custe real da prestación do mesmo oscila entre os 21 e 23€/hora + IVE.

Pola súa banda, a Fegamp asegura que o prezo do servizo está incrementándose cada vez máis oscilando nunha media entre 19 e 25 euros/hora. De acordo cos datos da representación municipal tendo en conta a aportación do Goberno galego –contando nel as aportacións do Estado vía transferencia-- os concellos galegos están a soste o servizo con 200 millóns de euros fronte aos 112 millóns da administración autonómica.

De feito, de maneira insistente nos últimos anos, os concellos galegos veñen reclamando da Xunta unha reforma do sistema de financiamento do SAF para garantir a sostibilidade do servizo e que este se presta nas mellores condicións ao conxunto da poboación.

É evidente que un servizo tan importante para garantir o dereito a envellecer no fogar que, ademais, atende xa máis de 25 mil persoas en Galiza, esixe dun maior esforzo investidor por parte da Xunta que, cómpre lembrar, é a titular das competencias en servizos sociais e atención á dependencia tal e como recolle a Lei de servizos sociais de Galiza (2008) e a Orde que regula o SAF (2009).

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

- Como valora a Xunta de Galiza a situación na que se atopa o SAF en Galiza?
- Vai atender o Goberno galego as demandas da Fegamp e revisar o modelo de financiamento do SAF?
- Vai incrementar a Xunta a súa aportación ao financiamento do SAF nesta lexislatura?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2024

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**  
**Ariadna Fernández González**  
Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 12/04/2024 12:39:21**

**Ariadna Fernández González na data 12/04/2024 12:39:28**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
 Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
 15702 Santiago de Compostela  
 Galiza


## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Daniel Castro García, Brais Ruanova Vilas-Boas e Iago Suárez Fernández**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a política de I+D+i da Xunta de Galiza.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo a última Memoria socioeconómica do CES, Galiza continúa á cola en niveis de investimento en I+D en relación ao PIB (1,1), por baixo da media do estado (1,43) e moi lonxe da media da UE-27 (2,26).

Esfuerzo investigador en I+D en relación ao PIB (1) 2012-21




(1) porcentaxe de gastos en I+D en relación ao PIB a prezos de mercado;  
 (2) 2019 datos provisionais e 2020 datos avance  
 Fonte: INE e EUROSTAT

Tamén en relación cos demais territorios do Estado español onde Galiza está está situada no cuadrante inferior esquerdo mentres que as Comunidades Autónomas de



Madrid, Navarra, Cataluña e Euskadi, cuxos maiores niveis de PIB por habitante estarían asociados, en consecuencia, cunha maior participación do gasto en I+D sobre o conxunto do PIB, están no cuadrante superior dereito.



(1) primeira estimación  
 Fonte: INE

Esta situación leva lastrando o potencial galego na xeración de coñecemento, un sector que debера ser estratéxico para o Goberno galego.

Para o BNG a I+D+i debe ser panca e motor de desenvolvemento económico por iso, cómpre, e de maneira urxente –como sinala o propio CES na súa memoria-- é preciso incrementar o esforzo investidor en Galiza, a comezar polo ámbito público.

Por todo o exposto fórmase a seguinte interpelación:

- Como valora a Xunta de Galiza a situación da I+D+i?
- Vai incrementar o Goberno galego o orzamento destinado a esta materia?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- Que medidas vai adoptar para impulsar a política de I+D+i nesta nova lexislatura?

- Que mudanzas vai implicar a nova estrutura do Xunta de Galiza en materia de I+D+i?

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2024

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Daniel Castro García**

**Iago Suárez Fernández**

**Brais Ruanova Vilas-Boas**

Deputada e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 12/04/2024 12:55:29**

**Daniel Castro García na data 12/04/2024 12:57:04**

**Iago Suárez Fernández na data 12/04/2024 12:57:07**

**Brais Ruanova Vilas-Boas na data 12/04/2024 12:58:11**







BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Xosé Manuel Golpe Acuña, Brais Ruanova Vilas-Boas, Camela González Iglesias, Ramón Fernández Alfonzo e Daniel Pérez López**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre o peche da central térmica das Pontes.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 19 de agosto do pasado ano 2024 o BOE publicou resolución da Dirección xeral de política enerxética e minas pola que se autorizou o peche dos catro grupos da central térmica que ENDESA GENERACIÓN, S.A. ten na vila das Pontes, cada un deles con unha potencia neta de 350 MW.

Este peche prodúcese nun contexto de grande incerteza aínda 4 anos despois de ser solicitado formalmente pola sociedade propietaria da central, sen que exista a día de hoxe proxecto ningún que teña o seu futuro despexado, sen convocar o Concurso de transición xusta para adxudicar os 1.400 MW, que sería o principal valor para garantir a reindustrialización das Pontes, e finalmente, sen que exista tampouco nada parecido a un plan industrial para a reactivación económica e industrial do Concello e da comarca impulsado polo goberno galego, obrigado para calquera goberno que non renegue do exercicio das súas competencias estatutarias e das súas responsabilidades políticas.

No entanto, o grupo de investigación da UDC estima que o peche da térmica terá un forte impacto socioeconómico sobre o conxunto da comarca, nun informe no que cifra a destrución de emprego en máis de 1.400 postos de traballo e o impacto





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

económico en perdas de máis de 70 millóns de euros "polo que a implicación dos máximos responsábeis políticos é obrigada"

Na actualidade, coa autorización do peche dos 4 grupos xa oficial, non hai escusa para que non se aclare todo o relativo ao nó de transición das Pontes, e para que se impulse dun xeito urxente o concurso de transición, un proceso que para ser xusta debe ser real e debe realizarse dun xeito progresivo, solapando a redución da capacidade instalada coa posta en marcha de novos proxectos industriais para evitar un impacto traumático sobre o emprego.

E o papel do goberno galego neste escenario non pode ser o de espectador, debe exercer as súas competencias e facer, como se fixo en outros momentos de crise nas Pontes, de promotor dun plan económico e industrial no que participen, con fondos, todos os actores relevantes no territorio, a comezar polo goberno estatal e por Endesa, mais tamén a propia Xunta de Galiza a través dos seus orzamentos.

A falta de planificación e de compromiso gobernativo coas Pontes xa está a traducirse a día de hoxe, en perda de emprego, tanto na central de Endesa como en Einsa, outra das empresas emblemáticas do Concello.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

1. Que opina a Xunta de Galiza do proceso de transición xusta nos concellos galegos afectados?
2. Por que a Xunta de Galiza rexeita promover un Plan para a reactivación económico e industrial do Concello das Pontes contribuíndo con fondos propios?
3. Coñece a Xunta de Galiza o informe da UDC sobre o impacto do peche da central térmica das Pontes? Que opinión lle merece?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

4. Coñece a Xunta de Galiza o Plan industrial que se activou con motivo do peche da mina das Pontes? Que valoración fai dos resultados de aquel plan? Por que rexeita promover agora un modelo semellante?

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2024

Asdo.: **Xosé Manuel Golpe Acuña**

**Brais Ruanova Vilas-Boas**

**Camela González Iglesias**

**Ramón Fernández Alfonzo**

**Daniel Pérez López**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**José Mauel Golpe Acuña na data 12/04/2024 13:01:31**

**Brais Ruanova Vilas-Boas na data 12/04/2024 13:01:37**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 12/04/2024 13:01:46**

**Daniel Pérez López na data 12/04/2024 13:01:53**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Carmela González Iglesias na data 12/04/2024 13:02:00**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Iria Taibo Corsanego, Mercedes Queixas Zas, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Daniel Castro García**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a habilitación de tradutores e tradutoras xuradas.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A tradución xurada é unha modalidade obrigatoria en moitos procedementos administrativos. Os tradutores xurados son nomeados polo Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación, e son as únicas persoas que poden emitir traducións xuradas. Para as linguas oficiais distintas do castelán, esta competencia está transferida á administración autonómica correspondente. No noso caso concreto, «corresponde á Secretaría Xeral de Política Lingüística a xestión do rexistro de profesionais de tradución e interpretación xurada de galego e de conceder as autorizacións oficiais necesarias para o exercicio da profesión», de acordo coa páxina web deste departamento.

A Xunta de Galiza mantén suspendida, na práctica, a habilitación e nomeamento de tradutores e tradutoras xuradas de e a galego. Por unha banda, a última convocatoria de exames para acreditar os coñecementos para nomear profesionais da tradución xurada foi feita no ano 2008. Por outra, o procedemento de habilitación directa a licenciados e licenciadas en Tradución e Interpretación, que data de 2002, quedou desactualizado coa entrada en vigor do Plan Boloña, no ano 2007. O decreto de 2002 permitía a habilitación de persoas tituladas que cursaran un número determinado de créditos para certificaren os seus coñecementos. Na actualidade, nin o número de





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

créditos da titulación nin a normativa permiten esta acreditación, polo que as únicas persoas que poden habilitarse como tradutoras xuradas son aquelas que cursaran os créditos correspondentes da licenciatura en Tradución e Interpretación. Polo tanto, non existe ningún procedemento que permita a súa acreditación como tradutoras e intérpretes xuradas de galego para as persoas que se gradúan na actualidade. Isto limita tanto o número de persoas que poden prestar este servizo, e o propio servizo, como as posibilidades profesionais das tituladas da Facultade de Filoloxía e Tradución.

A listaxe que se pode consultar na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística neste momento está desactualizada, pois moitas das persoas que figuran nela non están a exercer a profesión, polo que a información que ofrece a administración produce confusión e inseguridade ás persoas que precisan este tipo de documentos, que adoitan ser esixidos de xeito urxente.

Existe unha demanda do servizo de tradución xurada, polo que, para non prexudicar os cidadáns e cidadás que o solicitan, a instancias da propia administración galega ou doutras, e é preciso proceder á súa actualización de xeito urxente.

Por outra banda, a Secretaría Xeral de Política Lingüística debe velar por que a lingua galega se atope en situación de igualdade, e esta anomalía a respecto da tradución e interpretación xurada coloca o galego nunha inferioridade clara, xa que en moitas ocasións será posíbel substituír a tradución a galego polo castelán, e a falta de profesionais habilitados non facilita a elección positiva do galego. Ademais, cando é preciso facer a tradución xurada cara a unha lingua estranxeira (nalgúns casos, é o máis habitual), faise imprescindible facer unha tradución de galego a castelán e posteriormente á lingua estranxeira, o que supón un custo extra para o cidadán, e tampouco é unha solución que resulte útil nin axeitada, tanto porque resulta difícil atopar profesionais de galego a castelán como polo connotación que implica en relación co galego e coa súa utilidade.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

- Está prevista a convocatoria de novos exames para a habilitación de tradutoras e tradutores e intérpretes xurados?
- Está previsto contactar coa Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo para a convocatoria destes exames?
- Ten previsto o goberno galego actualizar a normativa de habilitación directa de tradutores e intérpretes xurados de galego graduados en Tradución e Interpretación, habilitando, se fose preciso, algunha formación adicional?

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2024

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**

**Mercedes Queixas Zas**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

**Daniel Castro García,**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iria Taibo Corsanego na data 12/04/2024 13:14:15**

**Mercedes Queixas Zas na data 12/04/2024 13:14:19**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 12/04/2024 13:15:19**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Daniel Castro García na data 12/04/2024 13:15:21**





## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paloma Castro Rey e Carlos López Font**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **interpelación**.

O 28 de marzo aprobouse a Lei 7/23 de protección dos dereitos e o benestar dos animais co fin de dar resposta á crecente sensibilización da cidadanía e ante a necesidade de garantir a protección dos animais en xeral e, particularmente, dos animais que viven no entorno humano.

Esta lei recolle unha serie de conceptos e termos que unifican e harmonizan as definicións existentes nas normativas vixentes a nivel autonómico ou local, para unha mellor aplicación atendendo aos principios de eficacia e seguridade xurídica.

Establece a obriga ao resto de administracións públicas de cooperar e colaborar en materia de protección animal e compartir información que garanta o cumprimento dos obxectivos desta lei, mediante ferramentas que favorezan a coordinación como as seguintes:

- a) Convenios con outras administracións públicas orientados á sensibilización da sociedade contra calquera forma de maltrato animal.
- b) Protocolos, plans, instrumentos e proxectos de xestión de centros de protección animal.
- c) Creación dun marco cos requisitos mínimos dos centros de recollida e atención de animais.
- d) Un plan estatal de protección animal cada 3 anos coma un instrumento de planificación básico para o establecemento e a definición de obxectivos, accións e criterios encamiñados a erradicar da nosa



sociedade o maltrato animal en todas as súas vertentes e promover a acción coordinada das administracións públicas para a adopción de medidas que promovan a protección animal.

- e) Un plan estatístico nacional de protección animal encargado de promover a adopción de políticas públicas orientadas á mellora da calidade de vida dos animais dentro do marco das respectivas competencias.
- f) E un sistema central de rexistros para a protección animal que constituirá un sistema de información único, cuxo obxectivo fundamental é servir de apoio ás diferentes administracións públicas no exercicio das súas competencias en materia de protección e dereitos dos animais.

Desde o Grupo Socialista esiximos ao Goberno galego que cumpra a lei e as obrigas que esta impón transcorridos 6 meses desde a súa aprobación e unha vez finalizado o período de *vacatio legis*,

A Administración autonómica ten a obriga de fomentar a protección animal e previr o alto grado de abandono de animais do noso país, co establecemento da implicación aos poderes públicos e á cidadanía no respecto a todos os animais.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

Transcorrido un tempo prudencial desde a aprobación da Lei 7/23 do 28 de marzo, de protección dos dereitos e o benestar dos animais, ¿cando ten previsto o Goberno galego cumprir as obrigas que nela se establecen implementando os mecanismos necesarios para facilitar a coordinación e colaboración co Estado en materia de protección e dereitos dos animais?

Parlamento de Galicia, 12 de abril de 2024





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 12/04/2024 16:30:00  
**Nº Rexistro: 1742**  
Data envío: 12/04/2024 14:01:28.929

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 12/04/2024 13:47:00**

**Carlos López Font na data 12/04/2024 13:53:45**

CSV: BOPGDSPG-pYsD1r6DJ-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  981.55.15.30

5213

@PSdeG





## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **interpelación**.

O acordo do 15 de setembro de 2005, polo que se aprobaba o Regulamento 1/2005, dos aspectos accesorios das actuacións xudiciais, regula expresamente no seu artigo 59.5 que o Consello Xeral do Poder Xudicial poderá acordar, en atención ao volume de asuntos penais tramitados, á poboación correspondente ao territorio do partido xudicial e ás características da súa organización xudicial, a proposta da Xunta de Xuíces e da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza correspondentes, previo informe do Ministerio de Xustiza e, se for o caso, da Comunidade Autónoma con competencia na materia, a extensión do réxime de gardas de 24 horas a un ou varios partidos xudiciais con 8 ou máis xulgados de instrución.

Os únicos partidos xudiciais en España con máis de 8 xulgados de instrución pero sen gardas de 24 horas son os da Coruña e Vigo.

No ano 2019 os xuíces de instrución de ambas cidades elevaron ao TSXG a petición de modificación das gardas actuais semanais por gardas de 24 horas cunha quenda rotatoria diaria.

A sala de goberno do TSXG deu o seu visto bo e cursou a solicitude ao CXPX que avalou cun informe esta solicitude e o Ministerio de Xustiza na mesma liña recoñecía o pasado ano que isto melloraría a calidade do servizo cara a cidadanía e que está disposto a asumir o custe das novas quendas.





A principio do mes de febreiro de 2022 as Xuntas Sectoriais de Instrución de Vigo e A Coruña, aprobaron por unanimidade reclamar ao Goberno autonómico a través do TSXG a dotación deste servizo de quendas.

E o Goberno do Estado habilitou unha partida no orzamento 2022 para a implantación deste sistema nestes dous partidos xudiciais.

Polo que a pelota queda en mans da Xunta de Galicia para que asuma a parte que lle corresponde do custo deste novo servizo.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista sempre defendemos que unha xustiza máis áxil garante o acceso á tutela xudicial efectiva, e esta modificación vai contribuír a acadar unha maior eficiencia no funcionamento destes xulgados e nas respostas á cidadanía.

Por iso, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Considera o Goberno galego que unha xustiza máis áxil garante o acceso ao dereito fundamental á tutela xudicial efectiva?
2. Concorda o Goberno galego en que son precisos servizos de garda 24 horas na xurisdición penal para as cidades da Coruña e Vigo, os únicos partidos xudiciais en España con máis de 8 xulgados de instrución pero sen gardas de 24 horas?
3. Ante a petición do TSXG, vai o Goberno galego pór a disposición os recursos económicos necesarios para a posta en marcha deste sistema?

Parlamento de Galicia, 12 de abril de 2024





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 12/04/2024 16:30:00  
**Nº Rexistro: 1748**  
Data envío: 12/04/2024 15:46:36.952

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 12/04/2024 15:41:46**

**Patricia Iglesias Rey na data 12/04/2024 15:42:01**

CSV: BOPGDSPG-pYsD1r6DJ-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  981.55.15.30

5216

@PSdeG



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **interpelación**.

O Goberno de España ante a fonda preocupación, tanto pola catastrófica situación humanitaria en Gaza e o seu efecto desproporcionado sobre a poboación civil, en particular dos nenos e nenas, como polo risco inminente de sufrir fame causada por la insuficiente entrada de axuda, iniciou unha serie de contactos cos diferentes líderes internacionais.

Hai unhas semanas o Goberno de España, xunto cos doutros 3 países: Irlanda, Eslovenia e Malta, emitiron un comunicado conxunto manifestando que a única maneira de acadar unha paz e estabilidade duradeiras na rexión e mediante a aplicación da solución de dous estados, cos estados israelí e palestino vivindo un a carón do outro, en paz e seguridade.

O presidente do Goberno español nesta rolda de consultas visitou os países da contorna Xordania, Arabia Saudí e Qatar e inicia esta semana unha serie de **contactos con mandatarios de diferentes países europeos** para compartir con estes a súa preocupación pola situación de Gaza, e trasladarlles a necesidade de **impulsar o recoñecemento de Palestina** como Estado.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista compartimos este posicionamento e cremos que é urxente e prioritario frear o desastre humanitario que Israel está a causar en Gaza, polo que ten que decretar cesamento do fogo e abrirse un proceso político de paz que leve á materialización da solución dos dous Estados.





O Estado palestino está a ser vítima dunha das maiores traxedias humanitarias deste século e nós como galegos e galegas non podemos permanecer impasibles, polo tanto, temos que mostrar o noso apoio ao Goberno de España nese camiño de cara a busca dunha solución que poña fin a este conflito, impulsando unha conferencia de paz que leve á solución dos dous Estados.

E reclamar mentres esta non se acade:

- a) un cesamento do fogo, que pare esta masacre;
- b) a apertura dos corredores terrestres,
- c) que non se inicie a ofensiva sobre Rafah,
- d) seguir apoiando o labor da Axencia de Nacións Unidas para os Refuxiados de Palestina en Oriente Próximo (UNRWA) na franxa e no conxunto da rexión.

Por iso, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

Vai o Goberno galego apoiar ao Goberno de España no seu posicionamento en relación co conflito existente en Oriente Medio, entendendo que é urxente e prioritario frear o desastre humanitario que Israel está a causar en Gaza?

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 12/04/2024 15:36:48**







Grupo  
Parlamentario  
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 12/04/2024 16:30:00  
Nº Rexistro: 1754  
Data envío: 12/04/2024 15:49:13.212

Patricia Iglesias Rey na data 12/04/2024 15:37:03

CSV: BOPGDSPG-pYsD1r6DJ-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

[gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) / 981.55.15.30

5219

@PSdeG





## Á MESA DO PARLAMENTO

**Julio Ernesto Abalde Alonso** e **Silvia Longueira Castro**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O pasado 15 de marzo o Goberno de España, a través do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades (MICIU), anunciou o compromiso de contribuír a que as universidades públicas poidan desenvolver con garantías un modelo de profesorado estable e de calidade, propondo para iso o Programa de Incorporación de Talento Docente e Investigador que achega un total de 3.400 prazas de profesor axudante doutor desde o próximo curso 2024-2025, e que supón un custo de 150 millóns de euros anuais. Este programa sufragará o seis anos de duración do contrato nesta tipoloxía de profesorado. Desta forma, o MICIU duplica amplamente unha convocatoria ordinaria, converténdose así no maior plan de incorporación de profesorado novo da historia recente da universidade española.

O obxectivo é compensar os cambios na dedicación docente do profesorado asociado e dos novos profesores/as axudantes doutores, que se derivan do establecido pola Lei Orgánica do Sistema Universitario (LOSU).

Así mesmo, foméntase o rexuvenecemento dos persoais, pois os actuais profesores axudantes doutores teñen unha media de idade de 39 anos, cifra que se ve amplamente incrementada se atendemos á media de idade doutras figuras de persoal docente investigador que forman parte dos persoais universitarios actuais.

Todo iso supón unha aposta decidida do Goberno de España por asegurar que as nosas universidades públicas poidan implantar con éxito este novo modelo,



contribuíndo con iso ao dinamismo destas institucións de educación superior, potenciando a súa capacidade de formar ao estudiantado con rigor e excelencia, e de producir e transferir coñecemento que faga progresar o noso tecido produtivo e fortaleza a cohesión da nosa sociedade.

Con esta medida, ponse fin a longo prazo etapa de recortes orzamentarios que desde hai 15 anos veñen sufrindo as universidades públicas e que se iniciou coas políticas do Partido Popular, que provocaron un recorte, en apenas un quinquenio, de 1.100 millóns de euros do seu financiamento. Estas rebaixas afectaron significativamente aos persoais de profesorado nas universidades públicas, levaron á precarización de determinados colectivos de profesorado, dificultaron unha renovación con calidade das mesmas, obstaculizaron a atracción de talento e, por último, impediron o rexuvenecemento dos planteis.

A xa mencionada LOSU, aprobada polo Executivo en 2023, pon as bases para, desde formulacións progresistas, modernizar as universidades a través dun novo modelo de profesorado das universidades públicas baseado:

- nunha carreira profesional definida, transparente e sólida,
- nunha entrada no sistema de profesorado novo a partir da figura do profesor axudante doutor,
- na consolidación do profesorado na súa dobre faceta profesional como docente e como investigador,
- en forxar un persoal maioritariamente estable,
- en dispor dun profesorado asociado que achegue a súa experiencia profesional.
- a arbitrase de mecanismos para combater as bolsas de precariedade en determinados colectivos de profesorado.

Para alcanzar o seu obxectivo, a LOSU establece o principio da corresponsabilidade entre as administracións públicas para elevar o



financiamento das universidades públicas. É, desde esta perspectiva e asumindo a súa responsabilidade, que o Goberno de España impulsa este Programa, acompañando ás universidades públicas no proceso de adaptación dos seus persoais ao devandito modelo.

Pero á súa vez esixe, como non podía ser doutra forma, a participación de cada unha das Comunidades Autónomas, como administracións competentes, que deberán sufragar o resto das prazas de profesorado axudante doutor que necesitan as súas universidades públicas.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Tendo en conta que o Goberno Central, a pesar de non ter competencias en educación universitaria, fai un esforzo de 150 millóns de euros anuais en todo o estado, o 80 % do custe total do programas, ten o goberno da Xunta de Galicia previsto asinar o convenio, aportando o 20 % do programa correspondente a Galicia?
2. Ten previsto o Goberno da Xunta de Galicia un programa específico para favorecer para a captación e estabilización de profesorado universitario para facer fronte a adecuación da dedicación do profesorado ao novo marco lexislativo?
3. Tendo en conta que Galicia esta entre as comunidades co profesorado mais envellecido e a USC e a universidade mais envellecida de todo o estado, ten pensado o Goberno da Xunta de Galicia un plan específico para evitar o envellecemento dos plantes de profesorado das universidades publicas de Galicia?

Santiago de Compostela, 12 de abril do 2024





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 12/04/2024 17:29:02  
**Nº Rexistro: 1767**  
Data envío: 12/04/2024 17:29:02.638

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Abalde Alonso na data 12/04/2024 17:13:08**

**Silvia Longueira Castro na data 12/04/2024 17:13:18**

CSV: BOPGDSPG-pYsD1r6DJ-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  981.55.15.30

5223

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Mercedes Queixas Zas, Iria Taibo Corsanego e Daniel Castro García**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a necesidade de o goberno do Partido Popular dar conta nesta cámara do proxecto que desenvolverá o programa 151A Fomento da Lingua Galega.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O proxecto de orzamentos da Xunta de Galiza para o ano 2024, aprobado co único apoio dos votos do Partido Popular, confirmou a deriva orzamentaria en negativo que o goberno veu aplicando ao programa 151A Fomento da Lingua Galega ao longo dos últimos 15 anos.

Ao mesmo tempo que o goberno do PP se gababa de contar cuns orzamentos en crecemento histórico, desde a Consellería de Cultura Educación, Formación profesional e Universidades, que no global tamén presenta un orzamento superior ao ano 2023, destina ao programa 151A Fomento da Lingua Galega unha cantidade exígua, mantendo practicamente conxelada a do ano pasado.

A falta de impulso orzamentario para avanzar en normalización lingüística é unha instrución política do PP que se ratifica por máis un ano e que, de o analizarmos en datos de progresión económica dos quince anos de goberno do Partido Popular, nos permite concluír que o orzamento para 2024 aínda non é nin a metade do correspondente a 2009.

Unha política de investimento económico regresivo, sostido ao longo dos últimos 15 anos de goberno do PP, que reforza a renuncia do goberno a pór en





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

andamento accións normalizadoras para o galego. Unha renuncia que ten como consecuencia o freo aos necesarios avances na restitución do galego en todos os usos sociais para superar a persistente desigualdade da nosa lingua e, en consecuencia, a negación dunha política progresiva de normalización lingüística tal e como regula o reiteradamente incumplido o marco legislativo por parte do propio goberno galego, así como vulnerando os dereitos lingüísticos dos falantes.

Sorprende que na recente intervención do candidato á presidencia da Xunta no debate de investidura, o Sr. Rueda esqueceu comprometerse cun programa de goberno explícito deseñado a favor dun futuro para o galego.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

Que proxecto se compromete a desenvolver o goberno galego para avanzar na restitución de todos os usos da lingua galega e garantir os dereitos lingüísticos dos falantes?

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2024

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

**Iria Taibo Corsanego**

**Daniel Castro García**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 15/04/2024 09:29:38**

**Iria Taibo Corsanego na data 15/04/2024 09:29:45**

**Daniel Castro García na data 15/04/2024 09:30:24**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Rosana Pérez Fernández, Ramón Fernández Alfonso, Oscar Insua Lema e Brais Ruanova Vilas-Boas**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á valoración do goberno galego respecto da súa execución orzamentaria e ás melloras que vai impulsar.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente o goberno galego facía públicos e remitía á Cámara os datos de execución orzamentaria respecto do exercicio económico do ano 2023. Analizados os datos, podemos observar como o nivel global de execución dos orzamentos de 2023 a 31/12/2023 foi dun 92,9%, ficando sen executar 1.051 millóns de euros no total de seccións. Máis concretamente, a execución global das consellarías propiamente ditas deixou sen executar a contía de 858M€.

Entre as seccións con menor nivel relativo de execución están, como en exercicios precedentes, Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Promoción do Emprego e Igualdade, Xustiza e Turismo, Medio Rural, Infraestruturas e Mobilidade ou Mar. Así, en termos absolutos quedaron sen executar 200 M€ en Emprego e Igualdade, 130 M€ en Xustiza e Turismo, 120 M€ en Medio Rural, 105 M€ en Medio Ambiente, 92 M€ en Política Social e Xuventude, etc.

Os estados de execución mostran de forma clara cales son aqueles ámbitos das políticas públicas son menos atendidas e que habitualmente arrastran datos semellantes,





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

polo que non é suficiente unha explicación baseada na plurianualidade de fondos e programas.

Na análise por capítulos cómpre sinalar que malia a propaganda do goberno Rueda, voltamos constatar a baixa execución relativa dos capítulos de transferencias de capital e de Investimentos reais. En concreto, en 2023 deixáronse sen realizar transferencias de capital por case 494 M€, un 22% dos créditos vixentes, e Investimentos reais por case 80M€ ou o 16% dos créditos vixentes.

Canto á execución por programas, non superan un nivel de execución do 50% programas relacionados o agro e sector agro-alimentario, a eficiencia enerxética, a formación profesional de persoas ocupadas e desempregadas, programas de solidariedade ou acceso á vivenda.

Por outra banda, algúns destes programas observan un alza nos créditos dispostos que se contradí co seu posterior nivel de execución e tamén volven ser amplas as modificacións orzamentarias e o recurso ao fondo de contixencia, práctica habitual do goberno que implica cambios de calado sen información suficiente.

Por estes motivos fórmase a seguinte interpelación:

Cal é a valoración do goberno galego do resultado da súa execución orzamentaria respecto de 2023 e das súas deficiencias?

Cales son as razóns de que haxa áreas que arrastran unha maior falta de execución, como as seccións de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Promoción do Emprego e Igualdade ou Medio Rural?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Que valoración lle merece a falta de execución referente aos capítulos de transferencias de capital e de Investimentos reais?

Como valora a evolución das modificacións orzamentarias?

E do recurso ao fondo de continxencia?

Vai impulsar as melloras e recomendacións ditadas polo Consello de Contas?

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2024

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Ramón Fernández Alfonso**

**Oscar Insua Lema**

**Brais Ruanova Vilas-Boas**

**Rosana Pérez Fernández**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 15/04/2024 10:18:41**

**Ramón Fernández Alfonso na data 15/04/2024 10:18:46**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Óscar Insua Lema na data 15/04/2024 10:19:25**

**Brais Ruanova Vilas-Boas na data 15/04/2024 10:19:29**

**Rosana Pérez Fernández na data 15/04/2024 10:20:09**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Iria Taibo Corsanego, Cristina Fernández Davila, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago Suárez Fernández e Oscar Insua Lema**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A representación política é un dos ámbitos onde, nas últimas décadas, se teñen dado pasos adiante a prol da igualdade. Porén, aínda a día de hoxe queda moito por facer e son relevantes as decisións que os diferentes gobernos tomen a respecto da participación, representación e presenza das mulleres nos seus equipos.

A lei galega de igualdade, reformada unilateralmente polo goberno do Partido Popular en novembro de 2023, recolle o principio de presenza ou de composición equilibrada de mulleres e homes no nomeamento de altos cargos e de persoas titulares do sector público, así como na designación de persoas representantes da Administración en órganos colexiados.

Aínda que a maioría absoluta do anterior goberno impediu a maior concreción de moitos aspectos da lei galega, recóllese na súa Disposición adicional primeira, respecto da presenza ou composición equilibrada que *“para os efectos desta lei, entenderase por composición equilibrada a presenza de mulleres e homes de forma que, no conxunto a que se refira, as persoas de cada sexo non superen o 60 por cento nin sexan menos do 40 por cento”*. Así as cousas, coñecida a composición do Consello de goberno da Xunta de Galiza, entendéndoo como unha unidade, incumpiría esta máxima xa que as mulleres representan só o 38,46% do Consello de goberno. Esta decisión, na



liña doutras recentes como a falta de mulleres na constitución da Sociedade para o Desenvolvemento de Proxectos Estratéxicos de Galiza, contribúe a retrasar o avance cara a igualdade nos ámbitos de poder e decisión.

É preciso lembrar tamén que o VIII Plan estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2022-2027 recolle unha diagnose respecto da situación da muller en distintos ámbitos e un eixo específico respecto do “*Apoderamento, sororidade e participación social*” no que sinala que “*a presenza de mulleres en espazos de poder e decisión está lonxe de ser semellante á dos homes*” e que, por iso, un dos eixos “*de actuación neste ámbito ten que ver co impulso do acceso das mulleres ás esferas de decisión e co fomento do seu liderado.*” e desenvolver “*accións de fomento do liderado feminino e de impulso da participación equilibrada de mulleres nos espazos de toma de decisións na esfera económica, política, cultural, científica etc., incluídos órganos e estruturas organizativas de todo tipo de asociacións e entidades sociais, económicas e de participación cidadá.*”

Máis aínda, sinálase que “*cómpre seguir traballando para alcanzar unha representación equilibrada de mulleres e homes en cargos de responsabilidade e postos de dirección dos departamentos e entes instrumentais da Administración autonómica, así como en órganos de consulta e valoración como tribunais, comisións, xurados etc*”

Polo tanto, é evidente que a composición do Consello da Xunta non envía unha mensaxe de compromiso cos avances en materia de igualdade e que non supón un exemplo para as demais administracións nin para o ámbito privado.

Por todo o exposto fórmase a seguinte interpelación:





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Vai rectificar o a Presidencia da Xunta o incumprimento dos seus propios criterios de presenza equilibrada de mulleres e homes no nomeamento do Consello da Xunta?

Considera que incumprir os seus propios criterios de presenza equilibrada de mulleres e homes no nomeamento do Consello da Xunta é un bo exemplo para o ámbito privado e outros ámbitos públicos?

Por que decide o goberno galego favorecer unha estrutura piramidal canto á presenza de mulleres no ámbito dos espazos de decisión, cando contradi as recomendacións na materia?

Considera o goberno galego que ter menos dun 40% de mulleres dirixíndoo vai en detrimento do impulso do acceso das mulleres ás esferas de decisión e co fomento do seu liderado?

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2024

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

**Iria Taibo Corsanego**

**Cristina Fernández Davila**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

**Oscar Insua Lema**

**Iago Suárez Fernández**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Noa Presas Bergantiños na data 15/04/2024 12:08:07**

**Iria Taibo Corsanego na data 15/04/2024 12:08:13**

**Cristina Fernández Davila na data 15/04/2024 12:09:10**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 15/04/2024 12:09:13**

**Óscar Insua Lema na data 15/04/2024 12:10:14**

**Iago Suárez Fernández na data 15/04/2024 12:10:16**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez e Montserrat Valcárcel Armesto**, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a Estratexia de cambio climático e enerxía e o cumprimento dos obxectivos fixados pola UE para 2030.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. O noso planeta sofre unha grave crise ambiental provocada por un modelo de desenvolvemento baseado na depredación de recursos naturais. A alteración dos equilibrios ecolóxicos, a perda masiva de biodiversidade, a emerxencia climática, os fenómenos meteorolóxicos extremos, a perda de recursos hídricos e as secas, os incendios de grandes dimensións son manifestacións dramáticas dunha realidade que pon en risco o futuro do planeta e da humanidade.

Para facerlle fronte a esta crise ambiental e a unha das súas manifestacións máis alarmantes, o cambio climático, aprobáronse diversos acordos internacionais, o último deles o Acordo de París, no que establecen obxectivos de redución de gases de efecto invernadoiro coa finalidade de acadar a neutralidade climática en 2050.

2. O parlamento europeo aprobou en 2021 a lei europea do clima, na que se compromete a reducir as emisións de dióxido de carbono nun 55% en 2023 a respecto de 1990. Esta norma transforma o obxectivo político da neutralidade climática en 2050 nunha obriga legal: a UE no seu conxunto e cada un dos Estados por separado deben lograr a neutralidade en carbono para 2050 e que a partir de entón a Unión Europea deberá acadar un saldo negativo.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Para acadar este reto, o parlamento europeo acordou un obxectivo máis ambicioso e pide unha redución do 60% para 2030. Asemade propón que a Comisión estableza un obxectivo intermedio para 2040 coa finalidade de garantir que se avanza polo bo camiño cara ao obxectivo de 2050. Ademais, o acordo da eurocámara prevé a creación dun organismo independente encargado de avaliar se a política é coherente e avaliar os avances.

3. En marzo de 2023, o parlamento europeo aprobou novas regras para incrementar os obxectivos de redución de gases de efecto invernadoiro en sectores non cubertos polo réxime de comercio dos dereitos de emisión, nomeadamente o transporte, a agricultura, a construción e a xestión de residuos. Os obxectivos para 2030 pasan por un incremento da redución de emisións do 30% ao 40% con respecto aos niveis de 2005. Segundo os obxectivos vinculantes, o Estado español debe acadar unha redución do 37,7%

4. Malia os anuncios que se fixeron nos últimos anos, a Xunta aínda non revisou a pouco ambiciosa e indefinida Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050, e tampouco levou a cabo a avaliación do Primeiro Plan Operativo para o período 2019-2023. Por outra parte, a normativa europea en materia de diversidade biolóxica, transición enerxética, aforro e eficiencia enerxética, transporte, residuos ou xestión forestal obrigan a unha completa redefinición e revisión das estratexias de clima e enerxía. A preocupante crise ambiental obriga a acelerar moitas reformas, tanto no ámbito das reformas sectoriais como no eido das mudanzas estruturais.

5. A redución das emisións de gases de efecto invernadoiro en Galiza está directamente relacionado co peche das centrais térmicas e coa parada de actividade de Alcoa. Precisamos un plan de acción integral, rigoroso e continuado no tempo, que vaia máis alá do ecopostureo e as medidas para a galería.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

. Considera necesario o goberno galego elaborar e aprobar unha nova Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050, á luz da Lei Europea do Clima e do mandato do parlamento europeo?

. Cre o goberno galego que tanto a elaboración como a aprobación e execución desta Estratexia debe comprometer a todos os ámbitos institucionais e a unha ampla representación da sociedade galega?

. Comparte o goberno galego a necesidade de crear un organismo independente encargado de avaliar os avances da Estratexia e de velar polo cumprimento dos obxectivos e prazos para a redución das emisións?

. Cre a Xunta que se debería modificar a estrutura do goberno para que a loita contra a crise ambiental e a emerxencia climática teña un maior rango institucional e capacidade de impulsar e coordinar as políticas do goberno nesta materia?

. Que previsións ten o goberno galego en relación cos obxectivos e contido da lei do clima

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2024

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Alexandra Fernández Gómez**

**Montserrat Valcárcel Armesto**

Deputado e deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Bará Torres na data 15/04/2024 12:43:56**

**Alexandra Fernández Gómez na data 15/04/2024 12:46:04**

**Montserrat Valcárcel Armesto na data 15/04/2024 12:46:30**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Ramón Fernández Alfonso, Xosé Manuel Golpe Acuña e Iria Carreira Pazos**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre o necesario impulso do Fondo de compensación das vítimas do amianto para a súa xusta reparación económica.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 21/2022 de creación dun Fondo de compensación para as vítimas do amianto prevé na súa disposición adicional única a aprobación dun regulamento de desenvolvemento no prazo de 3 meses desde a publicación oficial da lei, que tivo lugar o 19 de outubro do 2022.

Vai, polo tanto, máis dun ano da publicación da Lei e o regulamento aínda non existe. Para o BNG resulta inxustificábel unha demora semellante que ademais ven engadirse a un proceso artificialmente prolongado, atrasando cada un dos sucesivos trámites lexislativos ou provocando discusións aberrantes sobre aspectos que deberan estar fora de toda dúbida.

Temos que lembrar que o proxecto de lei foi tomado en consideración por segunda vez no Congreso dos deputados o 13 de abril do ano 2021, e que o período para a presentación de emendas en comisión foi prorrogado nada menos que 20 veces pola mesa do congreso da anterior lexislatura, antes da aprobación final da Lei para a creación do Fondo 21/2022.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Na actualidade, tanto o BNG como as asociacións de vítimas do amianto, tivemos coñecemento dun borrador ou proposta de Regulamento elaborado polo anterior goberno que non satisfai a ningún.

De feito, de aprobarse esta versión do Regulamento que coñecemos poderíamos dicir sen medo a nos enganar que o Fondo de compensación quedaría moi lonxe de cumprir os obxectivos e as expectativas de todas as entidades, sindicatos e partidos políticos que temos defendido ou feito nosa a demanda da creación deste Fondo de compensación para as vítimas do amianto, unha demanda que nace con un espírito e uns obxectivos moi determinados, e con unhas referencias internacionais tamén moi claras entre os países da nosa contorna.

Desde o BNG temos realizado un traballo a partir da proposta de Regulamento elaborada polo goberno estatal, consultando con diferentes persoas expertas na materia, así como coa asociación AGAVIDA e o sindicato CIG. E o resultado deste traballo é unha serie de propostas para modificar o borrador de Regulamento que consideramos gañarían peso político de contar co respaldo, tamén, das forzas políticas galegas con representación neste Parlamento.

Por todo o exposto fórmase a seguinte interpelación:

Que actuacións ten pensado realizar a Xunta de Galiza para que o Regulamento de desenvolvemento da Lei 21/2022 de creación dun Fondo de compensación para as vítimas do amianto dea cumprimento real e efectivo ás demandas e lexítimas expectativas das persoas vítimas?

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2024





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**  
**Xosé Manuel Golpe Acuña**  
**Iria Carreira Pazos**  
Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ramón Fernández Alfonso na data 15/04/2024 14:01:08**

**José Mauel Golpe Acuña na data 15/04/2024 14:01:16**

**Iria Carreira Pazos na data 15/04/2024 14:03:22**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Rosana Pérez Fernández, Xosé Manuel Golpe Acuña e Luis Bará Torres**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa ás necesarias e urxentes actuacións a levar a cabo para facerlle fronte á problemática medioambiental que aínda persiste, derivada das instalacións da mina de San Fins (Lousame).

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Goberno galego fixo caso omiso durante anos aos informes dos seus propios técnicos sobre os graves riscos que suporía a autorización de vertidos residuais industriais procedentes da mina de San Fins.

Diante das innumerábeis denuncias de distintos colectivos e das súas mobilizacións e diante das moitas iniciativas ao respecto do Grupo do BNG no Parlamento, a Xunta de Galiza non só desoíu todas elas senón que os tachou unha e outra vez de alarmistas, de demagogos, de ir en contra do progreso e do desenvolvemento industrial e de enganar á cidadanía.

Foron anos nos que o Goberno tamén desprezou as lexítimas reivindicacións das confrarías da ría de Muros e Noia, nos que subestimou os miles de postos de traballo que se poñían en risco coas actuacións temerarias dunha concesionaria que era consentida pola propia Xunta de Galiza.

Dende o ano 2016, cando se inicia o longo e irregular proceso de autorización, as análises realizadas constataron sempre contaminación por metais pesados e un alto risco ambiental debido ao gran volume de auga contaminada e pola súa proximidade aos bancos marisqueiros.







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Con base neses informes solicitouse, mesmo por varias Corporacións Municipais da ría, a paralización do proxecto de vertidos que, finalmente, foi autorizado en febreiro de 2023.

Agora, despois de continuaren os flagrantes incumprimentos da concesionaria, e tamén as denuncias e as mobilizacións da cidadanía, Augas de Galicia vén de comezar os trámites para revogar o permiso que ela mesma autorizara, máis dun ano despois de que as condicións impostas á empresa foran quebrantadas dende o primeiro momento.

Con todo, os vertidos residuais industriais non son a única ameaza que representa o complexo mineiro de San Fins. Seguen vixentes e pendentes de resolver problemas tan graves como o estado das presas de residuos mineiros, o baleirado das plantas inundadas da mina, ou mesmo o abandono da explotación sen un plan de peche que asuma o conxunto da súa problemática ambiental.

Son vellos asuntos coñecidos polo Goberno galego que debe afrontar definitivamente para tratar de evitar que as consecuencias recaian sobre outras actividades e sectores, sobre o erario público, ou que cheguen a producir unha afectación irreparábel na contorna e na ría de Muros e Noia.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

. Que valoración fai o Goberno galego do incumprimento sistemático da lexislación nos últimos 15 anos dos complexos mineiros, como por exemplo o de San Fins en Lousame?

. Após a recente revogación da autorización de vertidos residuais industriais á empresa concesionaria, que medidas vai tomar a Xunta de Galiza para evitar que se sigan producindo vertidos contaminantes procedentes da mina de San Fins ao medio?

. Após a recente resolución de Augas de Galicia, que actuacións vai levar a cabo a Xunta de Galiza para subsanar todos os problemas que aínda persisten, nomeadamente no que





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

se refire á colmatación das presas de residuos e á restauración ambiental do leito degradado do río e da contorna das instalacións?

. Vai iniciar o procedemento de revisión de oficio da Resolución do 28 de decembro de 2009? Vai declarar a nulidade dos proxectos de explotación e restauración incluídos nesa Resolución?

. Vai obrigar á empresa concesionaria mineira a adoptar e executar as medidas propostas por Augas de Galicia no seu informe sobre a titularidade das presas de residuos mineiros?

. Vai levar a cabo o cumprimento do programa de intervención proposto por Augas de Galicia no seu informe sobre a titularidade das presas de residuos mineiros, en particular no referido á retirada dos acumulados nas dúas presas de residuos así como á restauración ambiental do leito degradado e á demolición das presas con cargo ao patrimonio da empresa mineira de San Fins ou, de ser o caso, subsidiariamente?

. Que plan de actuacións e que prazo temporal se marca o Goberno galego para facerlle fronte á problemática medioambiental causada polas instalacións mineiras de San Fins?

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2024

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

**Xosé Manuel Golpe Acuña**

**Luis Bará Torres**

Deputada e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Rosana Pérez Fernández na data 15/04/2024 18:49:39**

**José Mauel Golpe Acuña na data 15/04/2024 18:49:44**

**Luis Bará Torres na data 15/04/2024 18:49:51**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Oscar Insua Lema e Rosana Pérez Fernández**, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa ao novo retraso do proxecto do porto mixto en Corcubión por ter que someterse a avaliación de impacto ambiental ordinaria.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 10 de abril a Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático publicaba no DOG o anuncio polo que se facía público o informe de impacto ambiental do proxecto de Remodelación das instalacións portuarias de Corcubión, promovido por Portos de Galiza. O informe conclúe que son previsibles efectos adversos significativos sobre o medio ambiente, e polo tanto consideran que é necesario someter o proxecto a avaliación ambiental ordinaria.

O obxecto do proxecto é o deseño dunha solución para mellorar o abrigo xeral de todas as zonas do porto, tanto deportivas como pesqueiras, e dotar de novas prazas de ataque á flota pesqueira e á flota deportiva. O proxecto inclúe a construción dun dique de abrigo en dúas aliñacións co que se crearán 24 prazas para embarcacións pesqueiras e 170 prazas para embarcacións deportivas. Construiranse tamén dúas explanadas para dotar ao porto de novos espazos de servizo terrestre para as embarcacións e crearanse unhas 25 prazas de aparcamento para a zona pesqueira e 40 prazas para a zona deportiva.

O concello de Corcubión leva reclamando hai máis de 30 anos a construción de instalacións portuarias para o deporte e a pesca náutica, co fin de ordenar os amarres na





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

enseada da ría, de dotar de maior seguridade ás embarcacións, dado que cada inverno van ás pedras uns dous ou tres barcos, e de fomentar o turismo náutico na única ría atlántica que por si mesma ten unha morfoloxía de porto de abrigo natural. Esta demanda histórica nunca foi atendida, a pesar das promesas reiterativas que vimos escoitando hai xa anos dende a consellería. Hoxe esta infraestrutura é demandada por todos os axentes empresarias e sociais da vila, comezando pola propia Confraría de Pescadores ou polo clube marítimo Carrumeiro, ademais doutros colectivos veciñais, mais no orzamento da Xunta para este ano 2024 non se incluíu ningunha partida para levar a cabo este proxecto.

O informe de impacto ambiental conclúe que é necesario que o proxecto de Portos de Galiza se someta a avaliación ambiental ordinaria, polo que volven a retrasarse os prazos para que o porto mixto en Corcubión sexa unha realidade. Chama a atención que o informe emitido pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, ente da propia Consellería que impulsa o proxecto, non informara a Portos de Galiza sobre os recursos marisqueiros e acuícolas que se podían ver afectados á hora de redactar o documento de inicio ambiental e ter xa deseñadas as medidas correctoras e protectoras sen esperar a ter que facelo nun novo trámite ou ter que modificar o proxecto.

Por todo o exposto fórmase a seguinte interpelación:

Que valoración fai o goberno sobre o novo retraso e das consecuencias que iso supón no concello de Corcubión e na Costa da Morte?

Cal foi a razón pola que os redactores do informe de inicio ambiental non contemplaron as afeccións ambientais sobre os recursos marisqueiros e acuícolas indicados pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, tendo en conta que é a propia consellería a promotora do proxecto?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Cal é a razón pola cal a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro considera que hai que ter en conta a opinión doutras confrarías afectadas (Fisterra e Lira) que participan en plans conxuntas da navalla e do ourizo, cando estas tiveron o mesmo prazo que calquera interesado para facer alegacións? Por que razón non lles avisaron ás devanditas confrarías para que alegaran en tempo e prazo no mesmo trámite?

Vai incluír o goberno para os orzamentos de 2025 unha partida orzamentaria suficiente para comezar as obras nese ano?

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2024

Asdo.: **Oscar Insua lema**

**Rosana Pérez Fernández**

Deputado e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Óscar Insua Lema na data 16/04/2024 09:13:18**

**Rosana Pérez Fernández na data 16/04/2024 09:13:23**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Mercedes Queixas Zas, Iria Taibo Corsanego e Daniel Castro García**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a necesidade de dar conta dos traballos da Mesa de Cultura para avaliar o grao de desenvolvemento das prioridades de actuación recollidas no eixe 4.3 do “Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030” referentes á cultura e lingua galegas.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consello da Xunta aprobou o 10 de marzo de 2022 o denominado “Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030”, que no seu traslado ao Parlamento de Galiza contou unicamente cos votos favorables do Partido Popular para a súa aprobación no pleno do 13 de setembro do mesmo ano.

Entre as prioridades de actuación recollidas neste documento atopamos no 4.3. “Potenciar a cultura e a lingua galega como elementos clave para construír unha sociedade inclusiva e cohesionada e que contribúa á calidade de vida da cidadanía”, o que se traduce en catro obxectivos estratéxicos. Para a avaliación do grao de desenvolvemento desta prioridade de actuación e dos seus obxectivos, recolle o documento 7 indicadores, todos eles cuantitativos, baseados principalmente en cifras de axudas, actuacións e asistentes.

A única ferramenta de avaliación dos obxectivos deste documento é, polo momento, o informe de seguimento anual referido ao ano 2022, publicado o pasado mes de novembro. Nesta avaliación só se teñen en conta indicadores numéricos, cuantitativos, de resultado e produtividade elaborados a partir de datos propios da Xunta





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

de Galiza, sen contar con datos externos para coñecer o impacto desta estratexia no sistema cultural galego.

Na propia definición da estratexia que pretende plasmar este documento recóllese o proceso de avaliación como parte dun esquema iterativo que se repite “sucesivas veces ao longo do período de vixencia da planificación estratéxica, posto que normalmente a estratexia debe ser redeseñada ou polo menos axustada para adaptarse a cambios da contorna, a circunstancias derivadas da súa propia implementación, ou en función dos resultados intermedios que se van obtendo.” (páxina 393 do Tomo II).

O Consello da Cultura Galega, órgano de asesoramento e consulta en materia de cultura dos poderes públicos de Galiza, ven de facer público o Barómetro da Cultura Galega 202, o documento que mide o estado e a evolución da actividade cultural do último ano no noso país, elaborado polo Observatorio da Cultura Galega. Para alén do detalle dos datos que ofrece este barómetro, recollidos a través da participación de máis de 1.000 entidades públicas, empresas e profesionais do sector cultural, cómpre sinalar unha conclusión xenérica: “as persoas enquisadas perciben unha evolución algo menos favorable en 2023 en comparación co 2022. Así mesmo, as expectativas que tiñan hai un ano non se cumpriron, xa que pensaban que 2023 sería un ano mellor do que realmente foi (...) Isto permite afirmar que a cultura está sufrindo unha minoración na súa velocidade de crecemento”.

Fronte ás visións contrapostas en materia de cultura e lingua recollidas, dunha parte pola Xunta de Galiza na súa avaliación parcial do “Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030”, e doutra banda polo sistema cultural galego segundo os datos recollidos polo Observatorio da Cultura Galega, cómpre exercer de maneira efectiva os labores de avaliación da estratexia para redirixir o rumbo no referente ás prioridades de actuación en materia de lingua e cultura galegas. Achegámonos á marca dos 2 anos desde a aprobación deste documento, pensado para un horizonte de 8, e débese aproveitar a







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

ocasión para corrixir as políticas que se estean a demostrar erradas na diagnose ou no propio desenvolvemento do Plan.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

- Cantas reunións da Mesa de Cultura se teñen convocados?
- Por que razón o goberno non fai públicas as convocatorias de reunión e actas da Mesa de Cultura?
- Que accións implementou nos dous primeiros anos desde a aprobación do Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030?
- Que valoración fai o goberno do grao de desenvolvemento das prioridades de actuación recollidas no eixe 4.3 do “Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030” referentes á cultura e lingua galegas nos dous primeiros anos de desenvolvemento?
- Vai analizar o goberno, xunto cos sectores culturais, se a orientación e o grao de desenvolvemento da súa estratexia son aptos para satisfacer as demandas do sistema cultural galego?
- Que liñas de actuación porá en marcha o novo goberno do PP?

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2024

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

**Iria Taibo Corsanego**

**Daniel Castro García**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 16/04/2024 09:29:51**

**Iria Taibo Corsanego na data 16/04/2024 09:29:56**

**Daniel Castro García na data 16/04/2024 09:30:58**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Rosana Pérez Fernández, Ramón Fernández Alfonso, Oscar Insua Lema e Brais Ruanova Vilas-Boas**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa ao endebedamento de Galiza e ás actuacións nas que debe colaborar o goberno galego para atender un dos principais problemas económicos do noso país.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A débeda pública galega é un dos principais problemas económicos da Galiza de hoxe e da Galiza do futuro. Na orixe e existencia deste problema hai dúas patas fundamentais. Dunha banda, un modelo económico de relación co Estado español absolutamente inxusto e centralista, polo cal Galiza, ademais de ter un sistema financiamento inxusto e cuxa revisión leva bloqueada unha década, vese sometida desde a crise financeira de 2008 a un marco inxusto de reparto do déficit que limita o seu autogoberno e brinda maior capacidade ao Estado malia non ser o responsable dos servizos públicos esenciais. Este marco foi unicamente flexibilizado na etapa da crise da covid-19 prevéndose a súa recuperación total no inmediato. Doutra banda, hai unha responsabilidade fundamental na mala xestión económica do Partido Popular, que triplicou a débeda ao tempo que non preservou os servizos públicos dos efectos das crises económicas nin apostou pola transformación económica do noso país.

Así as cousas, segundo os últimos datos do Protocolo de Déficit Excesivo das Administracións Públicas que elabora periodicamente o Banco de España o noso país





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

ten unha débeda de 12.170 millóns no IV trimestre de 2023, a cuarta cifra máis alta da historia, acadada tamén no ano 2023. Así mesmo, a isto habería que sumar as colaboracións público privadas, que nos orzamentos para 2024 se sitúa en 1.906,3, o que nos dá unha cifra total de máis de catorce mil millóns de euros de débeda total nunha estimación conservadora.

A evolución da débeda é preocupante nun duplo sentido. Dunha banda, polo que supón de impacto para as finanzas públicas e máis aínda toda vez que a súa comisión non corrixiu desigualdades sociais e territoriais. Doutra banda, o reparto inxusto da débeda entre as administracións, por mor dun sistema centralista mediante o cal aínda que o Estado acapara para si a maior capacidade de endebedamento, non ten un trato xusto acorde co reparto de recursos en función do reparto de competencias. Esta cuestión, que lastrou de forma importante a Galiza na crise financeira, é novamente un debate importante e necesario toda vez que dunha banda se reabriu no ámbito do Estado a negociación respecto do Fondo de Liquidez Autonómica e, asemade, estamos a volver á senda de déficit que foi flexibilizada durante a pandemia da covid-19 e a primeira fase da crise da inflación.

No marco destas circunstancias, no Debate sobre o Estado da Nación de 2023 os grupos parlamentarios dos Populares de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego chegaron a un acordo político a respecto das eivas do sistema de financiamento e da demanda dun trato xusto para Galiza na súa negociación e na negociación das débedas das comunidades de réxime común. Dito acordo, recollía os seguintes termos “*O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a demandar do Goberno de España a urxente convocatoria do Consello de Política Fiscal e Financeira, onde se aborde a reforma do modelo de financiamento autonómico, no que Galicia traballará a prol de avanzar no autogoberno económico e financeiro para blindar o autogoberno e garantir uns servizos públicos de calidade e as necesidades de transformación económica,*





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

*defendendo unha financiación xusta para Galicia, mellorando a proposta actual de poboación axustada e para defender a ponderación adecuada dos sobrecustes que a dispersión e o envellecemento implican na prestación dos servizos públicos galegos, así como doutros factores que condicionan o desenvolvemento socioeconómico galego. Así mesmo, defenderase a valoración un modelo xusto de Financiamento Local que supere a discriminación histórica dos concellos galegos e no caso de condonación ás comunidades que se adheriran ao FLA, se compense equitativamente ás comunidades que non o fixeron.”*

O nacionalismo galego, en coherencia coa súa demanda da Axenda Galega no Estado e dun trato xusto para o noso país e en coherencia co respecto e seguimento dos acordos políticos emanados da cámara galega, conseguiu un acordo de investidura que compromete ao novo goberno do Estado a que en caso de condonacións totais ou parciais da débeda adquirida por CC.AA. adheridas ao Fondo de Liquidez Autonómica, establecemento de medidas compensatorias análogas para a Galiza.

O acordo impulsado polo Bloque Nacionalista Galego abre a porta a avanzar na resolución dun dos principais problemas de Galiza e hipoteca para xeracións e gobernos futuros, máis aínda nun momento de novas restricións de gasto e retirada dos recursos extraordinarios de financiamento dos que gozou o goberno da Xunta desde o ano 2020. É preciso que o goberno galego actúe desde unha posición de país, sen subordinarse á estratexia estatal do Partido que o forma, e defenda os intereses dos galegos e galegas.

Por estes motivos fórmase a seguinte interpelación:

Que actuacións vai impulsar o goberno galego para aproveitar a vía aberta para que Galiza reduza a súa débeda e avance nunhas finanzas máis fortes?





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Cando vai deixar de obstaculizar que Galiza poida reducir unha parte da súa débeda e negociar co Estado a concreción dos seus termos?

Que valoración fai o goberno galego da hipoteca que deixa aos galegos e galegas e a futuros gobernos?

Cal é a valoración do goberno galego do impacto na débeda pública no futuro das finanzas galegas tendo en conta o cambio de contexto nas condicións para o endebedamento ao deixarse atrás a flexibilización aplicada na pandemia?

Como prevé abordar o descenso de recursos extraordinarios para 2025?

Como valora o goberno galego a volta á senda do déficit?

Como valora o aumento do endebedamento desde o inicio do seu goberno malia non ter servido para blindar os nosos servizos públicos e fortalecer o noso autogoberno?

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2024

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

**Ramón Fernández Alfonso**

**Oscar Insua Lema**

**Brais Ruanova Vilas-Boas**

**Rosana Pérez Fernández**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 16/04/2024 10:15:10**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 16/04/2024 10:15:16**

**Óscar Insua Lema na data 16/04/2024 10:17:03**

**Brais Ruanova Vilas-Boas na data 16/04/2024 10:17:06**

**Rosana Pérez Fernández na data 16/04/2024 10:18:02**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Paulo Ríos Santomé e Montserrat Prado Cores**, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre as medidas a tomar para dotar á comarca do Morrazo dun servizo axeitado de emerxencias do 061.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O servizo de emerxencias do 061 na comarca do Morrazo, presenta serias eivas que deben ser subsanadas o antes posíbel.

Trátase dun servizo esencial, un servizo que salva vidas, e que atende a unha poboación importante en número repartida en varias localidades. Tal e como se pode comprobar diariamente, perante o crecemento notábel de demanda na área de Vigo e nomeadamente no Morrazo, na actualidade, o servizo de emerxencias non ten capacidade de atender correctamente á poboación.

O persoal traballador do 061 do Morrazo leva anos pedindo que se amplíe a flota de ambulancias na comarca para ser quen de atender dun xeito eficaz as emerxencias e axudar a salvar máis vidas. É por iso que levan anos pedindo unha nova ambulancia para a comarca.

Ante a negativa desta ampliación, o persoal sanitario denunciou que o 061 manipula os datos e oculta as cifras do seguinte xeito:

1. Estanse a ocultar de forma deliberada os tempos de espera nos que unha persoa agarda pola prestación de asistencia urxente por parte do seu persoal sanitario. De maneira que que cando existe unha demanda de asistencia sanitaria que precisa da







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

activación dunha ambulancia, nos informes tan só se ten en conta o tempo que esta tarda en chegar ao lugar dende que é activada, pero en ningún caso ten en conta o tempo que se tarda en esperar a que o recurso estea dispoñible. Deste xeito, tal e como confirma o propio persoal do servizo, é habitual que unha persoa teña que agardar durante máis dunha hora a que haxa unha ambulancia dispoñible, pero que só compute os 25 minutos que tarda, por exemplo, en chegar dende o hospital de Vigo en canto queda libre.

2. Aínda que nos consta que o persoal que traballa na Central de Coordinación fai o imposible para enviar a mellor e máis pronta axuda posible, o seu labor vese limitado pola falta de recursos. A esta alcaldía, cónstalle tamén que cando se detecta a necesidade de asistencia dun caso moi grave, inténtase enviar o recurso dispoñible máis próximo. Malia isto, é habitual ver que as ambulancias da zona estean ocupadas e teñan que acudir outras dende lonxe ou depender de ambulancias de tipo A cun só profesional que non pode prestar asistencia ao ter que se encargar de conducir.

3. Cando se solicita información sobre a actividade asistencial, tan só se ofrece información das ambulancias de Cangas e Moaña, sen mostrar a actividade que realizan outros recursos (propios e alleos á rede do 061) na co-marca de O Morrazo.

4. Temos a certeza de que o motivo real polo que tan só se observe un lixeiro aumento de actividade das ambulancias do 061 con base en Cangas e Moaña nos informes emitidos, é que estas unidades non poden realizar xa máis servizos dos que fan en determinadas franxas horarias. Porén, non poden atender máis emerxencias das que cobren nestes horarios de maior actividade (principalmente durante o día) porque están constantemente ocupadas.

5. Nos informes recibidos tampouco se achega información ao respecto de que perante a falta de recursos nunha emerxencia vital (tempo-dependente), a xente poida verse na obriga de se trasladar pola súa conta ou mesmo ser trasladada pola policía ou por protección civil (como xa temos constancia que aconteceu). Así mesmo, resulta





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

frecuente (sobre todo en época estival) que por falta de ambulancias, o persoal do PAC e do Centro de Saúde teña que trasladarse en taxi ou en medios improvisados cando ten que acudir a atender unha situación de extrema gravidade co atraso e as limitacións que supón a falta do persoal sanitario da ambulancia e do seu material.

Resulta especialmente grave que o 061 se negue a contestar por escrito a información sobre a actividade asistencial no Morrazo solicitada pola CIG, polos concellos do Morrazo (Moaña, Bueu e Cangas) e mesmo polo grupo parlamentar do BNG, feito que incumpre o regulamento da propia cámara, ao respecto de:

1. Como se realiza o cálculo exacto de “tempo medio de espera por unha ambulancia?”

2. Cantas veces sucedeu durante os anos 2020 e 2021 que o tempo entre que se determinou a necesidade dunha ambulancia e esta puido ser finalmente activada superou 1 hora de espera?

3. Cantas veces sucedeu durante os anos 2020 e 2021 que o tempo entre que se activou unha ambulancia para un servizo catalogado como “Emerxencia” e esta chega ao lugar da asistencia superou os 20 minutos? En que datas?

4. Cantas veces sucedeu durante os anos 2020 e que ante a falta de ambulancia tivo que ser mobilizado o persoal do PAC / Centro de Saúde para un servizo catalogado como “Emerxencia” polos seus medios ou en taxis? En que datas?

5. Cantas veces sucedeu durante os anos 2020 e 2021 que ante a falta de ambulancia tivo que ser mobilizado o persoal do PAC / Centro de Saúde para un servizo catalogado como “Emerxencia” tendo que ser recollido polas forzas de seguridade ou protección civil? En que datas?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

6. Cantas veces sucedeu durante os anos 2020 e 2021 que tras determinar-se a necesidade dunha ambulancia polo persoal do 061 e ante a falta de recursos, tivo que trasladarse o paciente polos seus medios? En que datas?

7. Que tipo de contratación realizou o 061 para reforzar a Rede de Transporte Sanitario Urxente na Area Sanitaria de Vigo nos anos 2020 e 2021? Con que empresas? Cantos servizos realizaron mensualmente durante estes anos? Cantos destes servizos estaban catalogados como “Emerxencias”? Cal é o prezo abonado por servizo realizado? Que tipo de ambulancias utilizan estas empresas para a prestación de asistencia sanitaria urxente? Con que tripulación e con cantos profesionais por ambulancia? En que instalacións da area sanitaria de Vigo realizan as tarefas obrigatorias de desinfección e de que tipo? Efectúa o 061 algún tipo de control de calidade sobre estas empresas como si o fai coas da rede pública? En caso afirmativo, en que consisten os controis?

Non podemos permitir que a falta dunha ambulancia máis do 061 no Morrazo provoque retrasos que aumentan o sufrimento e a desesperanza das persoas, que a súa saúde se deteriore e que no caso das emerxencias tempo-dependentes” (infarto, Ictus, problemas respiratorios graves, hipoglicemia, parada cardíaca, etc.) a vida das persoas se poña innecesariamente en perigo.

Resulta incomprensíbel que non se tivese reforzado a flota de ambulancias nunha situación tan crítica como é unha crise sanitaria nun servizo vital á hora de combater a pandemia xerada pola COVID-19.

Máis cando este reforzo xa era totalmente necesario na comarca, xa que co número de ambulancias existente non se pode dar servizo aos milleiros de persoas da comarca. Isto sen contar o crecemento poboacional, en épocas estivais, derivadas do turismo, mentres que noutros lugares do país si se dan estes reforzos polas mesmas causas.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Con COVID ou sen ela, a comarca do Morrazo precisa de aumentar a súa flota de ambulancias debidamente equipadas, para dar unha asistencia áxil e axeitada.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

Ante a necesidade de mellorar as condicións de traballo e o servizo de emerxencias do 061 na comarca do Morrazo, que medidas vai adoptar a Xunta de Galiza e en que prazos sen van efectivizar?

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2024

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

**Montserrat Prado**

Deputado e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Paulo Ríos Santomé na data 16/04/2024 10:51:59**

**María Montserrat Prado Cores na data 16/04/2024 10:52:03**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Paulo Ríos Santomé e Luis Bará Torres**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre as medidas necesarias a tomar para o fomento do sistema de transporte público por estrada mediante a implementación da “Tarxeta 30 Toda Galiza”.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O transporte colectivo de carácter público é un elemento fundamental á hora de vertebrar o noso país, cumprindo tamén unha labor social á hora de democratizar o acceso ao transporte e garantir que áreas con complicacións engadidas na súa comunicación, poidan tela.

Alén de este valor, o transporte público é de vital importancia á hora de facer máis sustentábel o desprazamento de persoas por estrada, polo que un bo servizo público de transporte axudará a reducir o número de vehículos persoais nas estradas e polo tanto as súas emisións.

Hoxe máis ca nunca se pon de manifesto a importancia do transporte público, cunha crise enerxética, económica e social que dificulta os desprazamentos continuados no transporte privado.

Segundo o INE, unhas 150.000 persoas desprázanse diariamente entre diferentes concellos galegos, xa sexa por traballo, estudos ou xestións de calquera tipo. A maioría destes desprazamentos son realizados en vehículos particulares, xa que, tal e como sinalan expertas da UDC, o servizo de transporte público non é útil para a maior parte destes desprazamentos, por falta de horarios, itinerarios e paradas.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

O incremento da inflación repercute especialmente na mobilidade das familias, da xente moza e da clase traballadora, ante a carestía dos carburantes ao que se engade o custe das peaxes, entre as máis caras do Estado. Neste contexto, faise necesario adoptar medidas para incentivar e facer máis accesíbel o transporte público, coa implementación dunha tarxeta plana de transporte intermodal que por un importe mensual de 30 euros permitiría a calquera persoa viaxar por todo o País vía tren, autobús, barco e taxi rural.

A implementación desta tarxeta vai na liña das medidas adoptadas por unha grande parte dos países europeos, que contan cunha tarifa plana que axude no fomento do transporte público e dunha mobilidade máis sustentábel. Para acadar isto é necesario adoptar medidas estruturais, polo que esta tarifa plana deberá estar enmarcada nun proceso de revisión e fondas mudanzas do sistema público de transporte en Galiza, onde as diferentes administracións cheguen a acordos para ter unha Galiza mellor conectada e vertebrada, e facer do transporte público un verdadeiro motor de avance social e ambiental no noso país.

Por todo o exposto fórmase a seguinte interpelación:

- . É coñecedora a Xunta de Galiza das continuadas queixas das usuarias do transporte público por estrada no conxunto do país.
- . Cre a Xunta de Galiza que o actual modelo de transporte público por estrada cubre as necesidades da poboación?
- . Cal é o compromiso da Xunta de Galiza co papel social, democratizador e ambiental que debe cumprir o servizo de transporte público por estrada?
- . Que medidas ten pensado adoptar a Xunta de Galiza para fomentar o transporte público por estrada?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

. Que valoración fai a Xunta de Galiza da implementación dunha tarifa plana de transporte como a “Tarxeta 30 Toda Galiza”?

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2024

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

**Luis Bará Torres**

Deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Paulo Ríos Santomé na data 16/04/2024 11:36:54**

**Luis Bará Torres na data 16/04/2024 11:37:01**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGU  
OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Paulo Ríos Santomé, Iago Suárez Fernández e Luis Bará Torres**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, para que o Goberno galego adopte as medidas necesarias para dotar dun mellor e maior servizo de transporte público por estrada ás vilas do rural galego.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O transporte público debe ser un servizo fundamental que as administracións públicas deben ofrecer á cidadanía, debido ao seu carácter vertebrador, dinamizador e democratizador da sociedade.

Alén destas características, o transporte público vén de gañar, nos últimos anos, unha importancia superior, xa que debe exercer como un dos eixos fundamentais na loita contra o cambio climático, reducindo cada vez máis o uso dos vehículos privados e gañando en calidade ambiental.

Estas son algunhas das potencialidades dun bo servizo público de transporte, mais para que estas potencialidades poidan ser explotadas, é fundamental que as políticas públicas de mobilidade se deseñen en consonancia a estas potencialidades.

Atender a cuestións tan importantes como a intermodalidade, é central para conseguir facer que o uso deste servizo sexa útil e atractivo para a poboación.

Actualmente, o rural galego vive un problema maiúsculo coas súas liñas de transporte público, xa que á perda de calidade nos últimos anos, debemos engadirlle a eliminación de paradas e traxectos, atrasos etc.







BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Cando unha usuaria dunha vila do rural quere utilizar o transporte público para moverse entre diferentes cidades, vive unha auténtica odisea, xa que as conexións entre as vilas e as cidades do rural son moi escasas e dunha duración por traxecto moi elevada.

Concretamente, se falamos das persoas que cursan estudos universitarios fóra da súa provincia, esta odisea repítese todas as semanas, tendo que asumir traxectos que multiplican por tres e por catro a súa duración en relación ao que tardarían un vehículo privado. Todo isto acrecentado nas persoas maiores de 21 anos que non teñen recoñecido o dereito ás bonificacións coa tarxeta Xente Nova.

É por isto que se está a fallar na planificación e execución das políticas públicas de mobilidade interurbana no rural, xa que na contra de facilitar un desprazamento máis limpo e barato, practicamente obrigan ás usuarias e usuarios e depender dun vehículo particular.

Por todo isto fórmulase a seguinte interpelación:

Que medidas vai adoptar a Xunta de Galiza para mellorar o servizo de transporte público por estrada no rural galego, concretamente entre as vilas e as cidades de referencia?

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2024

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

**Iago Suárez Fernández**

**Luis Bará Torres**

Deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Bará Torres na data 16/04/2024 11:41:43**

**Iago Suárez Fernández na data 16/04/2024 11:41:47**

**Paulo Ríos Santomé na data 16/04/2024 11:41:57**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Iria Taibo Corsanego, Mercedes Queixas Zas e Daniel Castro García,** deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación,** a lingua galega na UNED.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai uns días, un alumno do grao de Antropoloxía na UNED suspendeu un exame presencial na súa delegación de Pontevedra por usar o galego. O profesor da materia rexeitou a proba porque non estaba escrita en español.

A Lei de normalización lingüística, aprobada en 1983, indica, no seu Artigo 12, “o galego, como lingua propia de Galicia, é tamén lingua oficial no ensino en tódolos niveis educativos”, e no 15 “os profesores e os alumnos no nivel universitario teñen o dereito a empregar, oralmente e por escrito, a lingua oficial da súa preferencia” e “as autoridades educativas adoptarán as medidas oportunas a fin de que a lingua non constitúa obstáculo para facer efectivo o dereito que teñen os alumnos a recibir coñecementos”. Os Estatutos da UNED indican “a UNED, como Universidade Nacional, asume como misións fundamentais a inserción e coordinación entre os diferentes centros asociados de cada unha das Comunidades Autónomas, así como o apoio ás linguas e culturas de España”.

O alumnado da UNED debe poder acceder aos seus estudos ou, como mínimo, poder examinarse en galego.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

- De que datos dispón o goberno galego en relación co uso e coa demanda da lingua galega nos centros galegos da UNED, tanto por parte do alumnado como do profesorado?
- Que pasos vai dar o goberno galego para demandar que o alumnado da UNED poida usar o galego con normalidade?
- Existe algunha vía de interlocución entre o goberno galego e a dirección dos centros galegos da UNED para a coordinación e para o apoio ao uso da lingua galega?
- Cales son as medidas previstas para que o alumnado poida elixir a lingua galega na UNED?

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2024

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**

**Mercedes Queixas Zas**

**Daniel Castro García**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iria Taibo Corsanego na data 16/04/2024 11:58:40**

**Mercedes Queixas Zas na data 16/04/2024 11:58:45**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Daniel Castro García na data 16/04/2024 11:59:45**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Paulo Ríos Santomé, Iago Suárez Fernández e Luis Bará Torres**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á posta en funcionamento do servizo de transporte nocturno “Noitebús”.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O transporte público debe ser un servizo fundamental que as administracións públicas deben ofrecer á cidadanía, debido ao seu carácter vertebrador e democratizador da sociedade.

Alén destas características, o transporte público vén de gañar, nos últimos anos, unha importancia superior, xa que debe exercer como un dos eixos fundamentais na loita contra o cambio climático, reducindo cada vez máis o uso dos vehículos privados e gañando en calidade ambiental.

Outra das características dun bo servizo público de transportes, é a súa capacidade de dinamización social, especialmente entre a mocidade, que moitas veces non contan coa capacidade de dispoñer dun vehículo privado.

Alá por mediados dos anos 2000, o goberno bipartito botou a andar unha iniciativa moi importante para a mocidade galega. O Noitebús.

Esta iniciativa tiña como obxectivo a dinamización das actividades de ocio da mocidade galega, dun xeito colectivo e máis seguro. Esta era unha iniciativa con grande valor engadido, xa que era quen de aglutinar á mocidade do rural e ofrecerlles un





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

servizo de mobilidade adaptado á súa realidade, dun xeito moito máis seguro que o vehículo privado.

Esta era unha iniciativa que contaba con preto de 200 liñas en todo o país, e que funcionaba nas catro provincias galegas, cun moi bo acollemento, uso e demanda.

Coa chegada do Partido Popular á Xunta, este servizo foi totalmente desmantelado, aludindo a criterios económicos, sen reparar nos criterios, sociais, ambientais e de seguranza, os cales deberan estar por enriba dos criterios de rendibilidade económica para unha administración pública.

Hoxe, a mocidade galega vive unha situación complicada en moitos planos, como poden ser o emprego ou o acceso a unha vivenda digna, mais tamén vive unha situación complicada en termos de asociacionismo, da relación no grupo de pares, e non existen iniciativas públicas que favorezan estas cuestións.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

Ante a necesidade e a demanda dun servizo de transporte nocturno para a mocidade, “Noitebús” que medidas vai adoptar a Xunta de Galiza para deseñar un novo plan que atenda a estas necesidades?

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2024

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Iago Suárez Fernández**  
**Luis Bará Torres**  
Deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Paulo Ríos Santomé na data 16/04/2024 12:04:15**

**Iago Suárez Fernández na data 16/04/2024 12:04:19**

**Luis Bará Torres na data 16/04/2024 12:04:28**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Brais Ruanova Vilas-Boas e Rosana Pérez Fernández**, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a situación do sector mar-industria e o acceso aos fondos de recuperación e resiliencia.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector mar industria é un sector estratéxico para Galiza, onde representa preto do 5% do PIB galego con milleiros de empregos ás costas, onde en comarcas como a do Barbanza pode representar até preto do 70% do emprego.

Este sector está a vivir tempos de incerteza e de inestabilidade, principalmente debido aos procesos de inflación, á baixada da demanda e ás subas dos tipos de interese. Todo isto explica a baixada do volume de exportacións, non así en facturación, onde medra.

Esta inflación está a repercutir nos custos de produción, enerxéticos, de materiais e financeiros, provocando certa incerteza nun sector que é chave na cadea de valor dos produtos pesqueiros e acuícolas.

Durante os últimos anos levamos vendo como este sector tan crítico para a industria galega (5% sobre o 16% industrial) perdeu a súa “galeguidade” no sentido de perda de capital galego e control nas principais empresas do sector, como Iberconsa, Albo, Calvo, etc. Esta situación leva a outra vía de escape de capital galego cara outros territorios e a perda de recursos de investimento para o sector, a pesar de que no que a implantación de empresas se refire, Galiza conta con máis do 50% das empresas do sector de todo o estado, mostra do peso deste sector.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Con todo, este mes de abril de 2024 recibíuse a boa nova da aceptación da cadea mar-industria dentro do Plan de recuperación para Europa: Next GenerationEU o que permitiu ao Goberno do Estado anunciar un PERTE mar-industria (dentro PERTE Agroalimentario).

Este PERTE anunciouse cunha partida de 40 millóns de euros para o sector, cun máximo de 2,5 millóns de euros por empresa, contías que son insuficientes para o volume de produción e as necesidades de empresas da envergadura de, por exemplo, grandes conserveiras afincadas en Galiza, aínda que si supoñen un avance cara o recoñecemento dun sector tan importante para a economía galega, como así o mostraron dende as patronais do sector.

Dentro deste panorama é preciso que Galiza se sitúe á cabeza da adquisición destas fontes de financiamento, lembrando que máis do 50% das industrias transformadoras de produtos pesqueiros e acuícolas se sitúan no país, e o impacto que este sector ten na nosa economía. Así mesmo este financiamento debe servir para asentar traballo, mellorar tecnoloxicamente o sector e, por enriba de todo, avanzar cara mellores condicións nun sector altamente feminizado.

Seguindo nesta liña, cómpre lembrar tamén das fortalezas dun sector tan propio, onde esta cadea de valor ofrece oportunidades para alén dos propios procesos de transformación dos produtos do mar, se non que son un amplo eido de investigación e innovación no desenvolvemento de telecomunicacións, no deseño de buques, no uso de novos materiais, en tecnoloxías ópticas de clasificación, etc.

Así e todo, é preciso que a Xunta de Galiza asuma as súas competencias en materia de industria e sexa parte activa na negociación destes PERTES, establecendo un





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

diálogo con tódolos actores implicados para garantir un trato xusto para Galiza e o seu sector mar-industria.

Darlle voz e corpo a este sector debería ser unha prioridade de calquera goberno galego cunha mínima vocación industrial, e artellar un foro sectorial permanente con capacidade de análise e de planificación, o punto de partida básico.

Por todo o exposto fórmulase a seguinte interpelación:

. Que opina a Xunta de Galiza da entrada de capital estranxeiro no sector galego Mar-Industria? Como valora o impacto para o emprego no noso país de futuras reestruturacións como a compra de Wofco a Fandicosta, a paralización da venda de Nueva Pescanova ou a situación insostible de Atunlo, cun ERE que afecta a máis dun cento de persoas no seu centro de traballo do Grove?

. Que ten pensado facer a Xunta de Galiza no actual contexto de cambios e de crise no sector Mar-Industria para consolidar a actividade e o emprego deste sector estratéxico?

. Que actuacións está a desenvolver a Xunta de Galiza para garantir o acceso do sector galego Mar-Industria aos fondos de recuperación e resiliencia (PERTE)?

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2024

Asdo.: **Brais Ruanova Vilas-Boas**

**Rosana Pérez Fernández**

Deputado e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Brais Ruanova Vilas-Boas na data 16/04/2024 16:16:20**

**Rosana Pérez Fernández na data 16/04/2024 16:16:23**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **interpelación**.

En España entre o ano 2011 e o ano 2018 co goberno do Partido Popular de Mariano Rajoy recortáronse 12.000 efectivos das Forzas do Corpo de Seguridade do Estado.

Galicia perdeu durante esta etapa 500 policíaas nacionais, deixando as comisarias sen persoal suficiente para cubrir de forma efectiva as necesidades de seguridade.

O Goberno Socialista de Pedro Sánchez atopouse no ano 2018 un corpo sen efectivos e en consecuencia desde o Ministerio do Interior estase a realizar un gran esforzo por revertir esta situación e mellorar o marco de actuación e os medios dos que se dota ao noso modelo de seguridade.

O Goberno do Estado leva desde 2018 ofertando prazas, para ir recuperando pouco a pouco con macro-promocións de policía esa devastación de policíaas que fixo o PP, por iso, nos últimos 4 anos xa se convocaron en España 18.800 prazas de acceso, esgotando con isto a capacidade de formación dispoñible.

Grazas a isto hoxe os cadros de persoal das Forzas do Corpo de Seguridade do Estado en Galicia son un 5 % máis que as que había no ano 2015 e actualmente contan con 3.331 policíaas nacionais.





E isto reverte nunha mellora da seguridade cidadá e do orde público que se reflicte nos datos.

En Galicia no 2023, segundo os datos do Ministerio do Interior a criminalidade descendeu un 8,3 %.

Pola súa banda, no que se refire á Policía Adscrita o número de efectivos viuse reducido nos últimos anos ata acadar neste momento a cifra de 387 dos 500 que prevé o corpo.

Desde o Goberno de España comprometéronse a cubrir estes efectivos mediante a convocatoria dun concurso para incrementar as prazas pero como paso previo e obrigatorio é necesario que o Estado e a Xunta de Galicia renoven o Convenio da Unidade Adscrita de Policía Nacional con Galicia que está caducado desde hai anos e sen o cal non se pode convocar o dito concurso porque ten que se adecuar á Lei de forzas e corpos de seguridade do estado que establece o cofinanciamento destes efectivos ao 50 %.

A Xunta de Galicia vense negando reiteradamente a levar a cabo esa negociación e dedícase a estender publicamente o argumento falaz de incumprimento por parte do Goberno de España.

O Grupo Parlamentario Socialista defende o papel das forzas e corpos de seguridade do Estado e a gran labor que realizan contribuindo a acadar a orde pública e a paz social existente, por iso, entendemos necesario que os cadros de persoal conten cun número de efectivos suficiente que garanta a eficacia da súa labor e instamos ao goberno da Xunta de Galicia a que renove o convenio e asuma o custe que lle corresponde.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan interpelean ao Goberno galego nos seguintes termos:





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 16/04/2024 17:21:19  
**Nº Rexistro: 1933**  
Data envío: 16/04/2024 17:21:19.213

Vai o Goberno galego renovar co Ministerio do Interior do Goberno de España, o Convenio da Unidade Adscrita da Policía Nacional asumindo o cofinanciamento destes efectivos ao 50 %, co fin de posibilitar a convocatoria do concurso que permita incrementar o número de efectivos da Unidade da Policía Adscrita?

Parlamento de Galicia, 16 de abril de 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 16/04/2024 17:13:46**

**Patricia Iglesias Rey na data 16/04/2024 17:14:03**

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  981.55.15.30

5281

@PSdeG





## Á MESA DO PARLAMENTO

**Julio Ernesto Abalde Alonso e Carlos López Font**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

É un feito obvio e perfectamente coñecido que a produción marisqueira das Rías Galegas e zonas marisqueiras vén amosando un descenso demoledor na última década e acentúase nos últimos anos. No 2023 varios conxuntos de colectivos dependentes da actividade marisqueira (concellos, confrarías, mariscadoras, bateiros e grupos ecoloxistas) alertaron dunha baixada xeral en todas as especies, que pode superar o 70 % nalgunhas delas como ameixa ou berberecho.

Ante este escenario, os colectivos dependentes do mar demandaron medidas de rexeneración dos bancos marisqueiros serio e decidido por parte do goberno de Galicia, a través da Consellería do Mar, para estudar con profundidade e ser quen de saber o que realmente está a ocorrer. Durante os últimos anos estes colectivos veñen apuntando á necesidade de rexenerar os espazos de marisqueo, diagnosticar55 solucións aos problemas detectados como causas de este descenso de produtividade e mortandade das especies de interese comercial.

Máis alá destas propostas, non existen tampouco explicacións nítidas por parte da Consellería do Mar que permitan ter unha posición de referencia para coñecer as medidas necesarias e poder afrontar solucións con garantías. O Parlamento de Galicia ten sido sede de numerosos debates a preguntas e propostas da oposición sobre estas cuestións, nos que o goberno manifesta a súa percepción de satisfactorio rendemento das rías galegas. Esta inconsistencia entre o que apunta o sector dependente do marisqueo e o goberno de Galicia dificulta a posibilidade de encarar as necesidades para a mellora dunha produción que hoxe sitúase en niveis que poñen en perigo a continuidade da actividade.







Unha das graves consecuencias que trae esta perda de produción nótase claramente nas épocas de libre marisqueo, onde a cantidade de produto está a ser cada vez menor e atópanse escenarios que precisan de peches anticipados e de necesidades de vedas para buscar a rexeneración. Esta situación deuse a principios do 2023, cando foi necesario decretar un paro do libre marisqueo, que inicialmente non era querido e foi freado polo goberno galego, pero que a deficiente capacidade produtiva das rías na actualidade forzou. As axudas que tiveron que acompañar ese paro decretado tardaron 9 meses en ser pagadas pola Administración. A finais de este mesmo ano 2023 produciuse un episodio de mortandade masiva da ameixa e do berberecho en importantes zonas marisqueiras, por causas aínda non coñecidas, que paralizou o sector en datas previas ao Nadal con importantes perdas para mariscadores e mariscadoras.

A situación actual a perspectiva segue a ser moi negativa e pesimista. Esta situación, ademais de evidenciar a necesidade dun investimento e intervención potente que o goberno négase a afrontar, formula tamén a necesidade de estimar unha solución efectiva para os traballadores/as do mar que ven perigar a súa labor pola posibilidade de non ter oportunidades de extraer produto e comercializalo debido á situación de baixa produtividade e mortandade.

Por todo o exposto, os deputados que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Considera o Goberno de Galicia que está acertando ao negar a baixada continuada de produción marisqueira das rías galegas?
2. Cre o Goberno de Galicia que a situación de descenso produtivo existente é puntual ou é unha tendencia que se incrementará nos vindeiros anos?





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 16/04/2024 17:22:21  
**Nº Rexistro: 1939**  
Data envío: 16/04/2024 17:22:21.039

3. Ten previsto o goberno de Galicia unha intervención decidida para mellorar a produción marisqueira das rías galegas?

Santiago de Compostela, 16 de abril do 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Abalde Alonso na data 16/04/2024 17:05:22**

**Carlos López Font na data 16/04/2024 17:05:33**

CSV: BOPGDSPG-pYsD1r6DJ-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  981.55.15.30

5284

@PSdeG





## Á MESA DO PARLAMENTO

**Julio Ernesto Abalde Alonso** e **Silvia Longueira Castro**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Os programas de madrugadores escolares, servizos aula matinal ou almorzo, segundo as diferentes denominacións que se veñen empregando, son servizos de asistencia, conciliación da vida laboral e familiar e apoio á escolarización que xa existen en moitos centros educativos públicos da nosa Comunidade Autónoma.

Na actualidade, a Xunta de Galicia e os regulamentos en materia de servizos complementarios educativos só recoñecen como tales servizos os de comedor escolar e transporte público escolar. Estes servizos de apoio á escolarización, que se desenvolveron na súa orixe como servizos de apoio á poboación rural, deben asumir a realidade dos tempos actuais e definirse como servizos esenciais de apoio á conciliación familiar e laboral universalizando a súa existencia en todos os centros de ensino públicos da comunidade, como xa se está facendo coas actividades extraescolares e de reforzo, que serán financiadas pola Xunta de Galicia.

O Goberno de España lanzou o III Plan Estratéxico para a Igualdade Efectiva entre Homes e Mulleres 2022-2025, do cal o seu segundo eixo de traballo, e que cómpre lembrar concentra o 91 % dos recursos económicos do programa e se centra na implementación de medidas para o emprego digno e a redución da quebra salarial e das pensións, así como da corresponsabilidade nos coidados.

Que haxa escolas infantís de 0 a 3 anos e políticas públicas de conciliación como o Plan Corresponsables, que permitan que as mulleres, que son as que maioritariamente asumen esas tarefas de coidados, poidan exercer todos e cada un dos seus dereitos e non soamente poder conciliar a vida laboral coa vida





familiar, senón tamén a vida persoal. En definitiva o apoio ás familias e ás mulleres dáse a través da provisión de servizos públicos que permitan o acceso ao traballo.

O artigo 80 da LOE dispón a habilitación competencial que insta ás comunidades autónomas a realizar as políticas de compensación en prol da igualdade de oportunidades. Así mesmo, o artigo 112.5 dispón que as administracións educativas potenciarán que os centros públicos poidan ofrecer actividades e servizos complementarios co fin de favorecer que amplíen a súa oferta educativa para atender as novas demandas sociais.

No Decreto 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación, declárase que: “*o disposto no devandito decreto para os comedores escolares, é plenamente aplicable, polas razóns xa expostas, aos servizos de madrugadores e de aula matinal*”.

Estes servizos existentes na noso comunidade son xeralmente xestionados polas ANPA e/ou os concellos, sen a supervisión, implicación e apoio da Consellería de Educación e nunha situación precaria ao non estar recoñecidos dentro da propia normativa regulamentaria da Xunta de Galicia, o cal implica unha precarización maior aínda, dende o punto de vista dos espazos de servizo, que os propios dos servizos de comedor escolar.

Esta situación agrávase polo feito de que os concellos non dispoñen de competencias nin recursos para manter estes servizos complementarios que son fundamentais para posibilitar a conciliación e facer fronte ao reto demográfico, sobre todo en aqueles concellos con un número importante de nenos e nenas, como é o caso de Narón, concello para o que é un gran problema que o





“programa de madrugadores” continúe a depender das asociacións de nais e pais de alumnas/os, sendo un servizo imprescindible para moitas familias, e correse un grave risco de non poder mantelo nas actuais condicións no vindeiro curso. O concello non poden facerse cargo deste servizo por non ser competentes e non poder exercer novas competencias ou servizos en cumprimento da lexislación de estabilidade orzamentaria.

Igualmente, a Fegamp indica que os programas de madrugadores están incorporados dentro dos traballos da comisión técnica da delimitación de competencias local e autonómica, que debe reunirse con urxencia unha vez constituído o novo goberno galego, para estudar aquelas competencias que teñen que ser asumidas pola Xunta de Galicia, sendo esta unha das competencias propias da Administración educativa autonómica.

Finalmente, o citado decreto da Consellería de Educación dispón na súa disposición adicional terceira: “Asunción progresiva pola consellería con competencias en materia de educación da xestión.”

Por todo isto, o deputado e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Contemplan declarar servizo educativo complementario os programas de madrugadores escolares, servizos de aula matinal e almorzo?
2. Que valoración fan arredor da necesidade destes servizos?

Santiago de Compostela, 16 de abril do 2024

**Asinado dixitalmente por:**





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 16/04/2024 17:23:33  
**Nº Rexistro: 1945**  
Data envío: 16/04/2024 17:23:33.692

**Julio Abalde Alonso na data 16/04/2024 17:16:57**

**Silvia Longueira Castro na data 16/04/2024 17:17:08**

CSV: BOPGDSPG-pYsD1r6DJ-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  981.55.15.30

5288

@PSdeG



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Carmen Rodríguez Dacosta, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **interpelación**.

En Galicia contabilizáronse no ano 2022, 73 mortes por accidentes de traballo, dezanove máis que o ano 2021. Os sindicatos advertían que a recuperación da actividade produtiva tras o peor período da pandemia, se non viña acompañada dunha mellora nas condicións de traballo, tería como consecuencia un incremento da sinistralidade.

De feito na nosa comunidade autónoma rexistráronse 28.401 accidentes laborais, 27.891 declarados leves, 437 graves e como sinalabamos 73 mortais e declaráronse no ano 2022, 1.264 enfermidades profesionais relacionadas co traballo, cifra que ten que ser analizada para tomar medidas ao respecto.

Sen dúbida, a día de hoxe, as consecuencias dos accidentes e as enfermidades relacionadas co traballo, supoñen un grave problema social que leva aparelados enormes custos humanos. Polo que, as administracións e o Goberno galego, en particular, deben facer todos os esforzos precisos para reducir esta problemática.

Existen cuestións ás que se debe facer fronte no ámbito preventivo; as transicións dixital, demográfica e ecolóxica. O cambio climático xa está a impactar na seguridade e saúde das persoas traballadoras, é indispensable traballar desde a xestión preventiva para adaptar as condicións de traballo ao novo escenario climático.



A protección da saúde mental das persoas traballadoras é a gran esquecida da xestión preventiva, proba diso é que unha das principais causas de morte durante os últimos anos, xornada laboral, foron os infartos e derrames cerebrais, patoloxías que están asociadas coa exposición a riscos psicosociais, que son os menos avaliados nas empresas.

A precariedade laboral ou a combinación de altas esixencias e baixo control no traballo están asociadas a unha peor saúde mental. E todo iso nun contexto de intensificación do traballo asociado a procesos de dixitalización, xestión algorítmica da organización de traballo ou economía de plataformas que non se van deter.

É imperativo avanzar na incorporación da perspectiva de xénero na seguridade e a saúde no traballo e conseguir que as empresas cumpran rigorosamente coa normativa en materia de prevención de riscos laborais, internalizar a xestión preventiva nas empresas.

Por iso, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que medidas está a levar a cabo o Goberno galego no ámbito da seguridade no traballo en relación coa transición dixital, demográfica e ecolóxica?
2. De que forma está a incorporar o Goberno galego a perspectiva de xénero na loita contra a sinistralidade?
3. Pensa o Goberno galego abordar a problemática da sinistralidade laboral na mesa de diálogo social?
4. Vai acometer o Goberno galego un plan estratéxico de seguridade e saúde laboral.







**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 16/04/2024 17:29:28  
**Nº Rexistro: 1951**  
Data envío: 16/04/2024 17:29:28.444

5. Vai realizar o Goberno galego algunha campaña específica de prevención de riscos para o sector servizos, construción, industria, agricultura ou pesca?

6. Considera o Goberno galego que os traballadores e traballadoras das consellerías de Medio Ambiente e Cambio Climático, e Medio Rural realizan xornadas adecuadas ao ámbito da prevención de riscos, na época estival?

Parlamento de Galicia, 16 de abril de 2024

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  981.55.15.30

5291

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-pYsD1r6DJ-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 16/04/2024 17:29:28  
**Nº Rexistro: 1951**  
Data envío: 16/04/2024 17:29:28.444

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Rodríguez Dacosta na data 16/04/2024 16:49:03**

**Elena Espinosa Mangana na data 16/04/2024 16:49:15**

**Silvia Longueira Castro na data 16/04/2024 16:49:28**

CSV: BOPGDSPG-pYsD1r6DJ-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  981.55.15.30

5292

@PSdeG



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Lara Méndez López e Carmen Rodríguez Dacosta**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A viticultura denominada Heroica ou Extrema que se mantén na Ribeira Sacra é xa clave na dinamización económica da zona, non só polo que supón como actividade produtiva propia do sector senón pola súa capacidade de atracción dun turismo sostible, destacando, ademais, a súa contribución ao coidado medioambiental e ao sostemento dunha paisaxe de alto valor declarada de interese cultural pola Xunta de Galicia.

A aposta por esta viticultura tradicional é máis imperiosa aínda unha vez que acabamos de obter o visto e praxe unánime do Consello do Patrimonio Histórico Español para que a Ribeira Sacra e toda a riqueza que atesoura sexa a candidata de España a Patrimonio da Humanidade da Unesco.

Os bancais da Ribeira Sacra son sen dúbida as pegadas do traballo vitivinícola que supoñen unha riqueza identitaria única de adaptación ao medio.

Aínda que actualmente apenas un 5 % do chan dedicado á vide na Comunidade destínase a esta forma tradicional de cultivo (2.500 hectáreas de cultivo), conta coa súa propia Denominación de Orixe desde 1996 grazas a as súas particularidades. É unha maneira de salvagardar unha tradición vitivinícola que aúna o traballo humano coa personalidade da terra e que axuda ao asentamento de poboación no rural.

A pesar da súa gran importancia, a Xunta de Galicia non dispón de axudas específicas á esta viticultura como si teñen para viñedos singulares outras





comunidades autonómicas como Canarias (que aporta entre 2.310 e 2.530 euros por hectárea), ou mesmo fóra de España, na rexión italiana de Aosta ou no arquipélago luso das Azores, a pesar de que a necesidade de apoiar esta produción xa se fixo patente no ano 2008 durante o Congreso Internacional sobre Viticultura Heroica celebrado en Monforte.

Este tipo de cultivo, debido a súa dificultade, conleva maiores custes de produción, sendo outro dos seus problemas a alta idade media das persoas produtoras e a falta de traballadores cualificados.

Mesmo ante a inanición da Xunta de Galicia, o propio Concello de Sober adoptou a iniciativa de conceder axudas directas con fondos propios, que son insuficientes ao ser unha pequena Administración local.

Ante esta situación, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Ten previsto a Xunta de Galicia crear unha liña de axudas directas e específicas para manter e mesmo aumentar a produción desta viticultura tradicional?
2. Ten pensado a Xunta de Galicia establecer un recoñecemento das parcelas de xeito que se poidan ir incorporando áreas agora abandonadas?
3. Que medidas conta adoptar co sector para encamiñar e impulsar a formación e captación de persoal cualificado?





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 16/04/2024 17:45:57  
**Nº Rexistro: 1964**  
Data envío: 16/04/2024 17:45:57.531

4. Ten previsto crear unha estratexia de impulso e a apertura de novas canles de comercialización dos viños desta Denominación de Orixe?

Santiago de Compostela, 16 de abril do 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Lara Méndez López na data 16/04/2024 17:39:29**

**Carmen Rodríguez Dacosta na data 16/04/2024 17:39:39**

CSV: BOPGDSPG-pYsD1r6DJ-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

[gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) / 981.55.15.30

5295

@PSdeG





## Á MESA DO PARLAMENTO

**Patricia Iglesias Rey e María Elena Espinosa Mangana**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

No discurso de investidura como novo presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda sinalou que a comunidade galega ata a chegada da covid estaba máis cerca que nunca de converxer coa renda nacional e salientou o crecemento do PIB dos últimos anos.

Sen embargo eses datos cabe interpretalos nun contexto no que, por unha banda, o PIB da economía galega aínda non recuperou o seu nivel precovid, a pesares de ser unha comunidade cunha estrutura produtiva menos afectada pola pandemia que a doutras autonomías con máis sector turístico e menos sector agroalimentario, e por outra, existe un severo retroceso demográfico que fai que nos últimos 13 anos gobernados por Feijóo haxa 100.000 habitantes menos en Galicia, á vez que reduciuse a poboación ocupada en máis de 60.000 traballadores e traballadoras

Deste xeito o peso da produción da economía galega dentro da economía española pasou de ser o 5.3 % a ser o 4.9 % durante os gobernos de Núñez Feijóo e agora de Rueda: a economía galega perdeu peso no conxunto da estatal e representa hoxe unha parte máis cativa que en 2009. A xeración de emprego de calidade é unha prioridade para a cidadanía galega.

Así mesmo, o forte incremento de prezos que estamos vendo en toda España vese aínda máis intenso na economía galega.





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 16/04/2024 18:06:31  
**Nº Rexistro: 1973**  
Data envío: 16/04/2024 18:06:31.359

Os retos en materia de crecemento, emprego e prezos deben ser abordados de forma integral coa definición dunha política económica que teña en conta o papel do sector público, o estado do benestar e os riscos de desigualdade existentes e persoas en situación de vulnerabilidade, e paralelamente cómpre facer fronte aos retos de transformación e modernización continua da nosa economía. Cuestións como o I+D+i, a transición ecolóxica na industria ou a dixitalización están nas bases para que o noso futuro produtivo poda gañar o futuro.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

Que nova política económica vai aplicar o goberno da Xunta de Galicia presidido por Alfonso Rueda para facer fronte aos retos actuais e de futuro da economía galega?

Santiago de Compostela, 16 de abril do 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Iglesias Rey na data 16/04/2024 17:55:56**

**Elena Espinosa Mangana na data 16/04/2024 17:56:06**

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  981.55.15.30

5297

@PSdeG



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Carmen Rodríguez Dacosta, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **interpelación**.

A Administración autonómica está obrigada por lei a crear un centro de crise 24 horas de atención integral ás vítimas de violencia sexual en cada provincia, dando así cumprimento ao Convenio de Istambul que insta a tomar as medidas necesarias para a protección e asistencia a todas as vítimas e a promover a creación de centros de axuda de emerxencia para as vítimas de violacións e de violencias sexuais.

Para a creación destes centros, o Goberno do Estado dispón para Galicia dun total de 5,9 millóns de euros procedentes dos fondos europeos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR).

No mes de febreiro de 2023 asinábase un acordo de colaboración coa Consellería de Sanidade para a habilitación en hospitais dos espazos destinados a eses centros, que comezarían polas áreas sanitarias de Ferrol, Lugo, Santiago de Compostela e Vigo.

Dado o incremento exponencial da violencia sexual nos últimos tempos, tamén en Galicia, consideramos esencial que esta medida se poña xa en marcha, para o que o Goberno galego dispoñía dun prazo ata o 31 de decembro de 2023 que foi ampliado polo Goberno do Estado ata o 31 de decembro de 2024

Por iso, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:







**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 16/04/2024 18:08:27  
**Nº Rexistro: 1980**  
Data envío: 16/04/2024 18:08:27.042

1. Vai crear o Goberno galego, antes de que remate o ano, os centros de crise 24 horas de atención integral ás vítimas de violencia sexual en cada provincia?
2. En que momento se van pór en marcha?
2. Como pensa o Goberno galego conformar eses centros, localizados nun espazo hospitalario, para que as vítimas e as persoas da súa contorna próxima teñan atención psicolóxica e xurídica inmediata?
3. Con que persoal contará cada centro?

Parlamento de Galicia, 16 de abril de 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Rodríguez Dacosta na data 16/04/2024 16:59:17**

**Elena Espinosa Mangana na data 16/04/2024 16:59:28**

**Silvia Longueira Castro na data 16/04/2024 16:59:39**

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  981.55.15.30

5299

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Iago Suárez Fernández e Daniel Castro García**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a selección galega noutras disciplinas deportivas diferentes ao fútbol.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A selección nacional galega absoluta de fútbol volve aos terreos de xogo, en concreto ao estadio de Balaídos en Vigo o 31 de maio. Unha noticia que espertou grande entusiasmo en boa parte de sociedade galega que viña reclamando desde había anos a volta da nosa selección nacional. Se ben é certo que o combinado galego non conta cun calendario estable de competicións, o amigable que se disputará contra Panamá é unha boa noticia.

Unha selección galega de fútbol que puidese estar presente en competicións oficiais, como xa acontece con Gales ou Escocia, sería o seguinte paso lóxico a dar. Ademais, existen precedentes como é o caso do fútbol gaélico. Nese deporte, a selección nacional galega compite oficialmente ademais colleitando magníficos resultados e sendo un verdadeiro orgullo para o noso país.

É por iso que non se entende desde o noso punto de vista que a Xunta de Galiza non impulse desde as súas competencias que as diferentes seleccións galegas doutras disciplinas deportivas poidan defender as cores do noso país en competicións oficiais. Non só boa parte da sociedade galega, senón tamén xogadoras/es, adestradoras/es ou seareiras/os veñen reclamando desde hai tempo esta cuestión.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

- Apoia a Xunta de Galiza que as seleccións galegas doutras disciplinas deportivas diferentes ao fútbol poidan competir oficialmente?
- Que resposta dá ás persoas deportistas e seareiras que desexan ver o combinado nacional galego xogar en diversas disciplinas.
- Seguirá a Xunta os exemplos de Gales ou Escocia, países que sen Estado propio poden competir oficialmente?

Santiago de Compostela, 17 de abril de 2024

Asdo.: **Iago Suárez Fernández**

**Daniel Castro García**

Deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Suárez Fernández na data 17/04/2024 09:20:20**

**Daniel Castro García na data 17/04/2024 09:20:23**





## Á MESA DO PARLAMENTO

**Lara Méndez López, Julio Ernesto Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Comeza unha nova lexislatura autonómica coa ameaza da reestruturación anunciada no Campus Terra de Lugo, que suporía a supresión dos graos de Paisaxe e Enxeñaría Civil o de Procesos Químicos, así como a conversión en interuniversitarios dos emblemáticos graos de Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria e o de Enxeñaría Forestal e do medio natural no ano 2025, todos eles presentes na oferta educativa da Escola Politécnica Superior de Enxeñaría, menos o de Procesos Químicos que se imparte na Facultade de Ciencias.

Esta reestruturación tan daniña baséase no Decreto 222/2011 da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, que establece un mínimo de 45 alumnos de novo ingreso por grao universitario como criterio para asegurar a súa viabilidade.

Se ben grazas á presión exercida pola comunidade universitaria, as institucións locais e a sociedade lucense en xeral se acadou un aprazamento temporal na toma da decisión por parte da USC, o certo é que continúa a existir unha ameaza latente sobre o futuro do Campus Terra como espazo docente e de investigación científica. De feito, esta planificación afecta ao futuro de dúas terceiras partes do alumando e pon en perigo de forma directa titulacións fundamentais no proceso de especialización do Campus.

Tamén nesta Cámara, a proposta do Grupo Socialista, aprobouse en decembro do ano pasado, por unanimidade de todos os grupos políticos, a revisión do Decreto, decreto que urxe derrogar para garantir no 2025 a continuidade dos





estudios mencionados coa finalidade de xerar confianza na comunidade educativa das facultades do Campus Terra e nos sectores produtivos directamente relacionados coas titulacións que imparte.

Os criterios para definir a viabilidade dunha titulación non poden establecerse unicamente polo numero do alumnado matriculado, senón polo rendemento que as persoas con titulación nestes graos aportan ao territorio. Neste sentido, a vinculación do Campus Terra con Lugo, onde a agricultura, a gandería, o sector forestal e os diferentes procesos do sistema agroalimentario teñen un peso capital no sistema produtivo, están sobradamente acreditados. Tamén son necesarias novas persoas tituladas en Enxeñaría Civil, que traballen na mellora das infraestruturas, en prol dun transporte sostible, e que contribúan a optimizar a xestión de recursos como o auga e a enerxía, na liña de traballo iniciada hai tempo

A esta ameaza súmase a resolución do 8 de febreiro, publicada no DOG con aleivosía e sen comunicalo ao Campus Terra, para a especialización do Campus Auga de Ourense, vinculado ao termalismo, que inclúe graos e contidos que solapan claramente os que xa se imparten no Campus lucense, especializado en sustentabilidade económica, social e ambiental do uso da terra e cualificado de Excelencia.

A Xunta tentou rebaixar a fortaleza do Campus lucense ao crear en Ourense, por exemplo, un dobre grado de Enxeñaría Agraria/sensórica (transformación tecnolóxica no sector agrícola e alimentario), pese a que en Lugo o seu grado de Robótica xa inclúe unha mención á AgroRobótica, así como un máster de Viticultura, cando no máster de Enxeñaría Agrónoma lucense xa existe tamén unha mención á viticultura.

Igualmente, potencia en Ourense as liñas de investigación vinculadas coa Agricultura e o Medio Ambiente, que son a esencia da existencia do Campus





Terra. E mesmo destaca a reformulación da colaboración co Campus lucense, cando nin sequera lle comunicou esta nova estrutura.

A Xunta de Galicia debe de blindar o Campus Terra e impulsar a contribución deste espazo de coñecemento á sociedade galega, que agora é incuestionable. De feito, gran parte da reforma estrutural acometida nas explotacións gandeiras galegas e mesmo no sector forestal no século XXI levouse a cabo tendo en conta os criterios de optimización de produción dos expertos deste campus, que, deste xeito, marcaron o camiño de modernización do noso sistema primario, o que hoxe nos está a permitir ser competitivos con outros produtores europeos e converternos nun referente en estándares de calidade de produción.

Así mesmo, o importante traballo de I+D+I que se ven levando a cabo desde este espazo permitiu que valiosos proxectos empresariais viran a luz nos últimos anos, posibilitando fornecer a nosa economía e asentar poboación no rural, así como dinamizar o mercado laboral contribuíndo a xerar unha economía circular baseada no produto de proximidade.

Sen dúbida, o Campus Terra foi no pasado, é no presente, e será no futuro protagonista na recuperación e posta en valor dos nosos espazos naturais, na loita contra o cambio climático así como na recuperación de numerosas especies autóctonas da Galicia interior contribuíndo a conservación de sistemas antrópicos centenarios que definen a nosa identidade. Por iso, o noso deber é garantir que este espazo de coñecemento e formación manteña a súa esencia social, a súa importancia científica e a súa calidade educativa como ferramenta para abordar os retos do futuro.





Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Ten previsto a Xunta de Galicia derrogar o Decreto universitario 222/2011, polo que se establece o alumnado mínimo por grado como criterio para asegurar a súa viabilidade, por non adecuarse á actual realidade galega e polas súas múltiples implicacións negativas tanto sociais, económicas como científicas, para o Campus Terra, Lugo e a súa provincia?
2. De ser o caso, derrogaríase dito decreto para o vindeiro curso universitario?
3. Ten previsto a Xunta de Galicia activar campañas de captación de alumnado como impulso da formación agrogandeira e forestal no Campus Terra?
4. Que ten pensado facer a Xunta de Galicia para evitar interferencias nas distintas formacións dos campus?

Santiago de Compostela, 17 de abril do 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Lara Méndez López na data 17/04/2024 16:32:22**

**Julio Abalde Alonso na data 17/04/2024 16:32:39**





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 17/04/2024 16:38:58  
**Nº Rexistro: 2010**  
Data envío: 17/04/2024 16:38:58.334

**Silvia Longueira Castro na data 17/04/2024 16:32:49**

CSV: BOPGDSPG-pYsD1r6DJ-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  981.55.15.30

5306

@PSdeG







BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGU  
OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez e Montserrat Valcárcel Armesto**, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre protección de humidais.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os humidais son espazos de grande valor e ambiental, elementos clave da conservación da biodiversidade e o uso sustentábel do territorio, e teñen tamén un papel central na loita contra a emerxencia climática.

Por outra parte, teñen tamén moita importancia na regulación do ciclo hidrolóxico e na preservación dos recursos hídricos, un ben esencial para o presente e o futuro dos ecosistemas, das comunidades locais e do planeta no seu conxunto.

Malia o seu alto valor ecolóxico, son ambientes que sofren diversos tipos de ameazas e agresións por causa de aterros, drenaxes, construción de infraestruturas, instalacións de equipamentos, plantacións forestais, etc.

Para garantir a protección destes espazos, existen instrumentos de ámbito internacional, estatal e galego que prevén a súa protección, conservación e xestión. Ademais da normativa derivada do convenio de Ramsar e das directivas e comunicacións europeas, cómpre ter en conta o previsto na lei estatal sobre patrimonio natural e biodiversidade (2007), no Decreto 435/2004 polo que se regula o Inventario Nacional de zonas húmidas, na lei 5/2019 do patrimonio natural e da biodiversidade de Galiza, e no Decreto 127/2008 polo que se desenvolve o rexime xurídico e se crea o





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Inventario de humidais de Galiza. Por outra parte, o Plan Estratéxico para a Diversidade Biolóxica 2011-2020 e as propias Metas de Aichi (CBD, 2010) establecen o marco para refomular e asegurar os obxectivos de conservación do patrimonio natural e da biodiversidade.

Malia este corpus legal, a realidade é que a maior parte dos humidais galegos de importancia internacional non contan con plan de conservación. E malia que no ano 2003 se publicou o Inventario de humidais de Galiza no que se recollen un total de 1.131 humidais, a inmensa maioría deles non contan con instrumentos de conservación e xestión.

Actualmente Galiza conta con só 6 humidais de importancia internacional (Ría de Ortigueira e Ladrido, Complexo Intermareal do Grove-Umia, Complexo Dunar de Corrubedo, Carregal e Vixán, Lagoa e Areal de Valdoviño, Ría do Eo e Parque das Illas Atlánticas), sen que nos últimos 20 anos se engadise ningún novo espazo a esta figura máxima de protección. Unha situación que contrasta coa doutras comunidades, que incrementaron substancialmente os humidais Ramsar.

Os 1.131 espazos do inventario de humidais de Galiza distribúense do seguinte xeito:

- Humidais mariños e costeiros: 133 (13,3% do total) e unha superficie de 20.677 ha. (28,7% do total).
- Humidais continentais: 659 (58,4% do total), superficie de 34.441 ha (48,8%)
- Humidais subterráneos: 7 (0,6% do total), superficie de 0,6 ha
- Humidais artificiais: 312 (27,6% do total), superficie de 15.965,8 ha (22,7%)





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Do total dos humidais, 380 están incluídos total ou parcialmente e 751 están excluídos da Rede Natura. A este respecto hai que ter en conta, por unha parte, a existencia da Comisión Europea de ampliación da Rede Natura (con especial atención a turbeiras e queirogais húmidos) que deu lugar ao inicio en 2008 e 2012 de senllos procesos que foron abortados polo goberno da Xunta do PP, e, por outra, o procedemento aberto pola Comisión en 2015 a respecto da insuficiencia do Plan Director da Rede Natura (2014) como instrumento de protección e xestión destes espazos e en consecuencia a obriga de aprobar plans específicos de xestión para cada un dos espazos integrados na Rede.

Con respecto ao estado de conservación dos humidais, existe un estudo do ano 2017, publicado polo IDADER (“Conservación e xestión de humidais”), que alerta sobre o deterioro e mal estado de conservación destes espazos. Dos 29 tipos do Inventario, só 3 teñen un estado de conservación bo, 1 ten un estado regular, e o resto (25) teñen un estado de conservación deficiente. Dos clasificados como deficientes, 8 teñen un estado de conservación “malo”, 11 teñen un estado “moi malo” (nas que se inclúen as turbeiras altas e os queirogais húmidos), e 6 tipos de humidais teñen un estado de conservación “crítico”. A citada publicación inclúe unha listaxe de 60 humidais galegos que deberían ter a consideración de “humidais protexidos” e, deles, 14 propostas de Humidais de importancia internacional (Ramsar).

Na lei 5/2019 do patrimonio cultural e a biodiversidade inclúese nos “espazos naturais protexidos” a categoría de “zona húmida protexida” e prevese que se inclúan todos os espazos declarados nesta categoría no Inventario das zonas húmidas de Galiza.

Recentemente o Consello da Xunta aprobou o Plan Hidrolóxico Galiza Costa para o período 2021-2027, que inclúe entre as medidas a adoptar a protección dos humidais incluídos no Inventario, así como outras zonas húmidas de interese. Cómpre polo tanto actuar de xeito áxil para garantir a protección destes espazos, que están





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

ameazados por diversos proxectos de explotación industrial dos montes galegos. E ademais é necesario que os dous departamentos da Xunta con competencias na materia, Augas de Galicia e Patrimonio Natural, actúen de maneira coordinada para garantir tanto a protección legal, a inclusión no rexistro oficial e o desenvolvemento dun plan de recuperación e rexeneración de zonas húmidas degradadas ou deterioradas.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

Que valoración fai o goberno galego sobre o estado de conservación dos humidais de Galiza?

Que opinión lle merece ao goberno galego o feito de que unha parte importante dos humidais teñan un estado de conservación deficiente, segundo se desprende do estudo publicado polo IBADER?

Que medidas ten previsto poñer en marcha o goberno galego para revertir esta situación?

Ten previsto a Xunta de Galiza desenvolver un plan de protección e conservación dos humidais galegos?

Ten previsto o goberno galego declarar zonas húmidas potexidas e facer unha proposta de ampliación dos humidais de importancia internacional (RAMSAR)?

Cando prevé a Xunta de Galiza activar o Inventario Galego do Patrimonio Natural e a Biodiversidade?

Como valora a Xunta de Galiza o impacto de infraestruturas de enerxía e plantacións forestais nos humidais de montaña considerados espazos prioritarios pola UE?





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Que medidas vai desenvolver a Xunta para garantir a protección efectiva dos humidais e para levar a cabo unha actualización e ampliación destes hábitats que teña en conta a nova información dispoñíbel e as achegas de colectivos cidadáns e ecoloxistas?

Santiago de Compostela, 17 de abril de 2024

Asdo.: **Luis Bará Torres**  
**Alexandra Fernández Gómez**  
**Montserrat Valcárcel Armesto**  
Deputado e deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Alexandra Fernández Gómez na data 17/04/2024 18:04:35**

**Montserrat Valcárcel Armesto na data 17/04/2024 18:04:38**

**Luis Bará Torres na data 17/04/2024 18:04:51**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **interpelación**.

Recentemente coñecemos os datos referentes ás listas de agarda en Galicia. E onde máis de 212.000 persoas están á espera de poder ver a un doutor e unhas 45.000 poder ser intervidas cirurxicamente. Máis aló de como se computan do que falaremos máis adiante, o certo é que os galegos e as galegas tardan sete días máis en chegar a unha consulta que hai un ano. Desta forma, as listas para unha intervención cirúrxica, proba diagnóstica ou unha consulta cun especialista hospitalario é desde hai tempo, unha das principais queixas que a xente ten sobre o sistema sanitario.

Non imos entrar en cada unha das situacións, pero intervencións como cirurxía de próstata, artroscopia ou a cirurxía pola cal se extraen as amígdalas e as adenoides (adenoamigdalectomía) -que é un dos procedementos que máis se realizan en menores de 15 anos- acaparan os maiores tempos de espera. Por tanto, estamos ante queixas fundamentadas e xustificadas debido ás longas esperas.

O Goberno de Galicia presume de que estamos nos primeiros postos entre todas os CC.AA. Pero este optimismo contrasta coa dos profesionais da medicina, pacientes e cidadanía en xeral. E todo ten a súa explicación.

O sistema de cómputo das listas de espera sanitarias en Galicia ten a responsabilidade da discrepancia profunda entre a versión oficial e a realidade existente e coñecida. O proceso polo que unha persoa espera por unha cita non é computado de maneira íntegra, senón que apenas é computado o tempo



dende que é marcada unha data en axenda. Este sistema xa foi contestado por membros do Consello Consultivo de Galicia en diversos informes, e configura a existencia de dous tipos de listas de espera: a que agrupa a aquelas persoas que están á espera de chamada e a que conforman os que teñen cita concreta marcada. As segundas son as que se utilizan para os datos oficiais.

Avaliar correctamente supón un elemento imprescindible para a implantación, desenvolvemento e mellora das políticas públicas.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Considera o Goberno galego que a utilización de sistemas de cómputo alterados das listas de espera é unha boa práctica de avaliación do sistema público de saúde de Galicia?
2. Ten previsto o Goberno galego cambiar o sistema de cómputo das listas de espera sanitarias para ter unha información máis real da situación?
3. Ten intención o Goberno galego publicar os datos das listas completas de esperas do sistema público de Galicia?

Parlamento de Galicia, 17 de abril de 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Elena Espinosa Mangana na data 17/04/2024 18:15:49**





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 17/04/2024 18:22:43  
**Nº Rexistro: 2021**  
Data envío: 17/04/2024 18:22:43.603

**Silvia Longueira Castro na data 17/04/2024 18:15:59**

CSV: BOPGDSPG-pYsD1r6DJ-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  981.55.15.30

5314

@PSdeG







## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **interpelación**.

O deporte supón un ámbito de extrema importancia para o desenvolvemento de accións e proxectos de difusión de valores, tanto pola relevancia que ten na súa propia práctica como polo valor simbólico e de imaxe que proxecta debido ao seu impacto na vida social cotiá da cidadanía.

Así, o deporte ten sido, e é, un instrumento de potenciación de valores sociais, así como correa de transmisión especialmente en idades novas polo seu valor formativo. No entanto, existen ámbitos nos que o deporte non está sendo de todo vangardista e precisa de impulsos decididos para a súa mellora. O campo da igualdade é un espazo que responde a esas características.

A recente Lei 39/2022, do 30 de decembro, do deporte aprobada no Congreso dos Deputados inclúe dentro do seu articulado eixos fundamentais en canto á práctica deportiva, e apunta á igualdade como un obxectivo que debe ser acadado neste ámbito.

Consonte a isto, resulta necesario adaptar as normativas autonómicas que non recollían explicitamente estas cuestións para que se actualicen e promovan accións a favor da igualdade real. Este é o caso da Lei 3/2012, do 2 de abril do deporte de Galicia, que pode ser mellorada.

Por iso, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 17/04/2024 18:26:26  
**Nº Rexistro: 2027**  
Data envío: 17/04/2024 18:26:26.819

1. Entende o Goberno galego que a Lei 3/2012 do deporte de Galicia cumpre os parámetros en materia de igualdade establecidos na recente lexislación estatal?

2. Vai levar a cabo o Goberno galego algún tipo de actuación para actualizar a lexislación deportiva en Galicia que ten máis dunha década?

Santiago de Compostela, 17 de abril de 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 17/04/2024 18:18:54**

**Patricia Iglesias Rey na data 17/04/2024 18:19:04**

CSV: BOPGDSPG-pYsD1r6DJ-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  981.55.15.30

5316

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres e Montserrat Valcárcel Armesto**, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre os intereses das empresas pasteiras.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nestes momentos a plantación e corta de eucalipto en Galiza está condicionada pola forte competencia entre tres actores principais: ENCE, Navigator (antiga Portucel) e Altri. A partir da aprobación en Portugal da moratoria a novas plantacións de eucalipto despois dos megaincendios de 2017, produciuse unha forte irrupción de Galiza das compañías portuguesas tanto no que ten coa compra de madeira de eucalipto como coa plantación e xestión de superficies forestais.

A falta dunha verdadeira política pública de ordenación, xestión e aproveitamento multifuncional do monte, son os intereses privados e o mercado quen determinan que se planta, onde se planta e cando e para que se fan as cortas. Un “ti vai facendo” que compromete seriamente os usos e aproveitamentos do monte desde unha perspectiva de país, os equilibrios ecosistémicos e da biodiversidade, o estado dos solos e dos recursos hídricos, as condicións de seguridade dos espazos forestais e periurbanos, e as necesidades de produción de alimentos, entre outras realidades.

Para facer valer os seus intereses diante da administración e dos axentes socioeconómicos, as grandes empresas pasteiras e enerxéticas utilizan as portas xiratorias coa “fichaxe” de ex altos cargos da administración. É ben coñecida a





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

experiencia de ENCE nesta materia, coa presenza no seu consello de administración de destacados ex altos cargos públicos do PP.

No caso das pasteiras portuguesas con intereses en Galiza, Altri e Navigator, parecen empregar un manual semellante. Altri ten unha alianza explícita con Greenalia, en cuxo consello de administración de sentan unha ex conselleira e un ex conselleiro da Xunta. Pola súa parte Navigator vén de anunciar a fichaxe de Ricardo García-Borregón Millán, ex director xeral de Conservación da Natureza da Xunta entre 2009-2013.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

Como valora o goberno galego a relación de altos cargos da Xunta coas principais empresas pasteiras?

Como valora a Xunta a posición de dominio dos grandes grupos pasteiros e o condicionamento que fan da política ambiental e forestal?

Que medidas ten previsto adoptar o goberno galego para facer prevalecer os intereses do país fronte aos intereses de grandes grupos económicos?

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2024

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Montserrat Valcárcel Armesto**

Deputado e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Bará Torres na data 18/04/2024 09:21:04**

**Montserrat Valcárcel Armesto na data 18/04/2024 09:21:08**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres e Paulo Ríos Santomé**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre os datos de vítimas mortais en estradas en 2023.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo a estatística provisional da DGT sobre mortes en estradas en Galiza no ano 2023 (mortes en vías interurbanas nas 24 h posteriores ao accidente), houbo no pasado ano 88 vítimas mortais por accidentes de tráfico no noso país.

Trátase de datos moi preocupantes, xa que as cifras de mortalidade relacionada co tráfico permanecen estabilizadas nos últimos anos: 88 en 2023, 89 en 2022 e 79 de 2021.

Un dos elementos máis significativos é o incremento das vítimas que corresponden con colectivos vulnerábeis, xa que foron un total de 32: 15 peóns, 15 motociclistas e 2 ciclistas.

En realidade, estas cifras non reflicten a mortalidade real nas estradas, xa que só computan as vítimas en estradas interurbanas e non inclúen as mortes en vías urbanas. E, como sinalamos, só computan as mortes nas 24 h posteriores ao accidente.

Segundo datos do IMELGA, as vítimas mortais por accidentes de tráfico foron 123 en 2022 (fronte ás 89 da estatística da DGT), 113 en 2021 (fronte ás 79 da estatística da DGT) e 131 en 2019 (fronte ás 89 da DGT). E nunha análise máis polo miúdo deberían estudarse os datos por tipos de estradas e por tipo de persoas usuarias





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

das vías, con especial atención ás máis vulnerábeis. Así como outras circunstancias relacionadas coa concentración de accidentes, a intensidade do tráfico nas vías, o uso das vías relacionados con cambios laborais e no sector do transporte, a relación entre sinistralidade e idade, a incidencia de novas formas de mobilidade, ou a incidencia de prácticas de risco como o exceso de velocidade, a condución sen cinto, o uso do móbil, ou o consumo de alcol e drogas.

O peor que podemos facer diante desta dramática realidade é normalizala, facer que pase desapercibida, actuar como se fose algo natural e inevitábel.

Por todo o exposto fórmase a seguinte interpelación:

Que valoración fai a Xunta sobre as preocupantes cifras de vítimas de accidentes de tráfico do ano 2023?

Corresponden estas cifras coas previsións da planificación da Xunta en materia de seguridade viaria?

Que previsións ten o goberno galego sobre o informe de seguimento do Plan de seguridade viaria 2022-2025?

Que medidas específicas, máis alá das previstas no Plan de Seguridade Viaria, vai desenvolver a Xunta para analizar as causas da sinistralidade e reducir as vítimas de accidentes de tráfico?

Ten previsto a Xunta realizar algún estudo específico sobre a evolución da sinistralidade e da mortalidade nas estradas nos últimos anos?

Ten previsto o goberno galego desenvolver un programa de atención integral ás vítimas de accidentes de tráfico e ás persoas achegadas?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2024

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Paulo Ríos Santomé**

Deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Bará Torres na data 18/04/2024 10:00:41**

**Paulo Ríos Santomé na data 18/04/2024 10:00:45**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Olalla Rodil Fernández e Oscar Insua Lema,** deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación,** sobre a publicación de datos que afectan á intimidade das persoas.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No proceso de actualización do portal de transparencia da Fundación Pública Galega para o Apoio ao Exercicio da Capacidade Xurídicas das persoas (FUNGA) publicouse numerosos datos que afectan á intimidade de persoas ao coidado desta fundación. Ao publicitar a información relativa á conta anual da entidade a Xunta de Galiza divulgou o estado de ingresos e gastos de numerosas persoas, as axudas que perciben, as cotas que aboan ou a situación ou as débedas pendentes coa entidade.

Esta infracción no tratamento de información, que atinxe a persoas especialmente vulnerábeis, non foi detectada pola propia entidade, senón que foi corrixida tras a advertencia realizada polo xornal Praza.gal, que deu lugar á rectificación do exceso cometido.

Como advertiu o propio xornal non é a primeira vez que a Xunta de Galiza incorre en graves negligencias no tratamento de información, pois anteriormente a Consellaría de Política Social xa fora advertida por este mesmo medio de comunicación da publicación dos nomes de menores aos que se pagaran tratamentos médicos.

A reiteración desta negligencia no tratamento de datos de carácter persoal, atinxindo novamente a persoas merecentes de especial coidado e atención, leva á





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

necesidade de revisar os protocolos e sistemas para o tratamento e xestión da información por parte da Xunta de Galiza, nomeadamente da Fundación antes referida.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

Cónstalle á Xunta de Galiza a publicación no portal de transparencia a información contida no libro maior de contabilidade?

A información divulgada contiña datos sobre axudas, débedas, beneficios ou ingresos de persoas ao coidado da FUNGA?

A que se refería a información indebidamente divulgada?

Cal foi o número das persoas directamente afectadas pola infracción?

Foi a propia Xunta de Galiza quen se decatou da infracción cometida ou tivo que ser advertida por terceiras persoas?

Inicio algún procedemento para a determinación das causas polas que se produciu a infracción e, no caso, das eventuais responsabilidades?

Ten previsto implantar algunha medida para evitar que se podan reproducir este tipo de infracción no tratamento da información das persoas ao coidado da Xunta de Galiza?

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2024

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

**Oscar Insua Lema**

**Olalla Rodil Fernández**

Deputados e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/04/2024 10:20:03**

**Óscar Insua Lema na data 18/04/2024 10:20:08**

**Olalla Rodil Fernández na data 18/04/2024 10:21:23**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Ariadna Fernández González**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a situación na que se atopa a FUNGA e as persoas tuteladas pola mesma.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A **Fundación Galega para o Apoio ao Exercicio da Capacidade Xurídica (FUNGA)** vén soportando desde hai moitos anos a falta de medios económicos, materiais e humanos suficientes para cumprir cos seus obxectivos fundacionais.

Neste senso, desde o Bloque Nacionalista Galego vimos denunciando de maneira reiterada esta situación como tamén o fixeron diversas entidades e asociacións sen que a Xunta de Galiza faga nada.

Cómpre lembrar que a FUNGA ten a encomenda de garantir a **protección xurídica e social das persoas maiores de idade e en situación de desamparo que teñan a súa capacidade de obrar modificada ou que se atopen incursas nun proceso xudicial de modificación da súa capacidade de obrar**, a través do exercicio da tutela, curadoría, defensa xudicial ou administración de bens.

A FUNGA ten, segundo a última Memoria de actividades publicada (2022), 27 persoas traballadoras das que sete son traballadoras/es sociais e 8 prestan asesoría xurídica a máis de 3.000 persoas, concretamente a 3.462.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
 Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
 15702 Santiago de Compostela  
 Galiza

DIRECCIÓN	1 Director/a Xerente 1 Coordinador/a.
DEPARTAMENTO XURÍDICO-PATRIMONIAL	8 asesores/as xurídicos/as.
DEPARTAMENTO SOCIAL	7 traballadores/as sociais
DEPARTAMENTO ADMINISTRATIVO	6 administrativos/as de 1ª 4 administrativos/as de 2ª

Este cadro de persoal mantense practicamente sen mudanzas desde 2010. Así, en doce anos só conta con dúas persoas máis na asesoría xurídica e dúas no departamento social malia que o número de persoas atendidas pola FUNGA case se triplicou nese mesmo período de tempo.

MEDIDAS DE APOIO	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
CURADORÍAS REPRESENTATIVAS	1114	1198	1358	1516	1678	1790	1776	1844	1946	1927	2006	2091
CURADORÍAS	140	177	204	232	259	294	332	369	416	443	504	510
DEFENSAS XUDICIAIS	400	485	588	588	631	715	696	891	891	406	411	418
ADM. BENS	11	11	17	28	37	39	39	40	37	51	45	39
PRETUTELAS	141	144	155	157	164	172	170	181	84	46	51	56
<b>TOTAL ACTIVOS</b>	<b>1806</b>	<b>2015</b>	<b>2322</b>	<b>2521</b>	<b>2769</b>	<b>3010</b>	<b>3013</b>	<b>3325</b>	<b>3374</b>	<b>2873</b>	<b>3017</b>	<b>3114</b>
FALECIDOS	92	110	112	138	151	151	211	158	188	211	246	234
BAIXAS	68	87	116	116	113	88	127	136	288	560	314	114
<b>TOTAL</b>	<b>1966</b>	<b>2212</b>	<b>2550</b>	<b>2775</b>	<b>3033</b>	<b>3249</b>	<b>3351</b>	<b>3619</b>	<b>3850</b>	<b>3644</b>	<b>3577</b>	<b>3462</b>

A falta de medios, especialmente económicos e humanos, para atender con todas as garantías as persoas cuxa responsabilidade está en mans da Xunta de Galiza é evidente e notoria até o punto de ter sido apercibida xudicialmente a administración pola pésima xestión deste ente.

Tal é así que a rateo de persoas usuarias por cada traballador/a social é de 494, algo inasumíbel desde todo punto de vista.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Para o Bloque Nacionalista Galego esta situación é intolerábel tendo en conta que falamos de persoas enormemente vulnerábeis cuxo benestar e dereitos dependen directamente desta Fundación.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

- Como valora a Xunta de Galiza a situación na que se atopa a FUNGA?
- Que medidas ten previsto adoptar o Goberno galego para garantir o correcto funcionamento desta fundación e, o máis importante, o benestar e os dereitos das persoas que dela dependen?

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2024

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Ariadna Fernández González**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 18/04/2024 11:35:59**

**Ariadna Fernández González na data 18/04/2024 11:36:04**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/04/2024 11:36:55**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Iago Suárez Fernández, Ramón Fernández Alfonso e Alexandra Fernández Gómez**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a emancipación da mocidade galega.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O acceso á vivenda e a un traballo digno é un dereito fundamental que debe ser asentado pola administración pública. Nos días de hoxe, observamos unha negación constante e deliberada dese dereito. Tanto o acceso á vivenda como a un emprego estábel e non precario son elementos fundamentais para a emancipación e a consecución dun mínimo de estabilidade e autonomía.

A realidade actual reflicte que a mocidade galega está enfrontada á inaccesibilidade da vivenda debido á situación de precariedade laboral en que se encontra. Nos últimos tempos, esta precariedade non só non diminuíu, senón que aumentou, especialmente en ámbitos como a temporalidade laboral, o deterioro das condicións laborais e a dificultade para atopar un emprego.

Un exemplo ilustrativo desta realidade é a baixa taxa de emancipación xuvenil entre os 24 e os 29 anos, situada en aproximadamente un 15%. Isto significa que só unha pequena porcentaxe da mocidade nesa franxa de idade pode comezar a súa vida de forma independente.

Ademais, observase un proceso de xentrificación en cidades e vilas galegas, asociado á proliferación de alugueiros vacacionais, o que reduce considerablemente a oferta de vivendas en aluguer ou venda e incrementa os prezos dos alugueiros, facéndoo







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

inalcanzable para moitos galegos e galegas. Este modelo turístico baseado no consumo só contribúe a agravar o impacto económico que ao que a pandemia da Covid-19 contribuíu nas zonas eminentemente urbanas. Non obstante, o aumento dos prezos dos alugueiros non se debe só a este motivo. A especulación relacionada coa construción, que tiña lugar antes da crise de 2008, estendeuse á vivenda despois dese período de crise.

Na actualidade, en Galiza, hai aproximadamente 330.000 vivendas baleiras, pertencentes a entidades financeiras e particulares, mentres que atopar unha vivenda en aluguer é unha tarefa moi complicada para a mocidade e a poboación en xeral.

As políticas implementadas pola Xunta de Galiza non abordan o núcleo do problema, limitándose a ofrecer axudas insuficientes para o aluguer e a compra de vivendas, cando moitos mozos e mozas non teñen capacidade económica para mercar unha vivenda. Isto obriga á mocidade a seguir vivindo coa súa familia ou, en moitas casos a emigrar, afondando nun dos grandes males que o noso país vive desde hai décadas.

É por todo isto esencial que se desenvolvan iniciativas públicas que poñan fin á especulación e contribúan á regulación dos prezos dos alugueiros para garantir o acceso á vivenda digna. As administracións públicas deben traballar para asegurar condicións laborais dignas e facilitar a emancipación da mocidade galega.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

- Como valora a Xunta de Galiza a situación de imposibilidade práctica da mocidade galega para acceder a unha vivenda digna en réxime de aluguer?
- Como valora a Xunta de Galiza os datos do IGE a respecto da porcentaxe de mozas entre 18 e 34 anos que ten que vivir na residencia familiar?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- Cre o Goberno galego que o acceso a unha vivenda digna en réxime de aluguer pode contribuír a fixar poboación e a reducir as taxas de emigración xuvenil?
- Que actuacións vai acometer a Xunta de Galiza para facilitar o acceso a unha vivenda digna por parte da mocidade galega?
- Entende como algo prioritario o Goberno aumentar a taxa de emancipación da mocidade galega?
- Que valoración fai o goberno galego en relación á precariedade laboral e á temporalidade que caracteriza ao mercado de traballo a nivel xuvenil?
- 

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2024

Asdo.: **Iago Suárez Fernández**

**Alexandra Fernández Gómez**

**Ramón Fernández Alfonzo**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Suárez Fernández na data 18/04/2024 10:57:11**

**Alexandra Fernández Gómez na data 18/04/2024 10:57:14**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Ramón Fernández Alfonso na data 18/04/2024 10:57:24**





## Á MESA DO PARLAMENTO

**Patricia Iglesias Rey, Julio Ernesto Abalde Alonso e Carlos López Font**, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Logo das pasadas eleccións autonómicas do 18 de febreiro de 2024, e de que a Xunta de Galicia ingresara 550 euros a 7.000 mariscadores/as galegos/as a tres días das eleccións autonómicas, a situación dos bancos marisqueiros nas nosas rías galegas segue a ser alarmante pola morte dos bivalvos.

A maioría dos bancos marisqueiros nas rías seguen sen actividade, ante a constante inacción do Goberno galego que continúa na súa senda de non exercer as súas competencias exclusivas e desenvolver o autogoberno, do que tanto presumiu o presidente Rueda na súa sesión de investidura, e adoitar dunha vez por todas medidas eficaces para que sexa posible a continuidade da actividade marisqueira en Galicia como medio de vida de milleiros de familias que queren vivir do marisqueo, sobre todo mulleres.

A facturación e as capturas de bivalvos caen un 70 %. O marisqueo atravesou un momento complicado en toda Galicia debido á alta mortalidade de bivalvos no último inverno. No litoral de Costa da Morte, Barbanza e Muros-Noia as capturas caeron un 76 % nos primeiros meses deste ano, respecto ao mesmo período de 2023. Iso tradúcese nunha caída do 73 % da facturación nas lonxas da zona, segundo reflicten as estatísticas de Pesca de Galicia. Así, desde xaneiro tan só poxáronse 78.232 quilos de bivalvos nas rulas desta franxa litoral, cifra que contrasta cos máis de 328.000 kg vendidos no primeiro trimestre de 2023. A facturación non chega ao millón de euros este ano, mentres que no mesmo período de 2023 estas especies marisqueiras habían xerado máis de 3,5 millóns.





O estuario do Anllóns, en Cabana de Bergantiños e Ponteceso, segue sendo o principal fornecedor de berberecho, pero este ano tamén viu reducida a súa produción. Así, desde xaneiro comercializáronse 9.631 quilos, unha cantidade moi inferior á do mesmo período do pasado ano: 38.265 quilos. Unha diminución produtiva que, en parte, viuse compensada coa revalorización do produto, cuxo prezo medio sitúase por encima dos 15 euros o quilo actualmente, fronte ao 9,45 €/kg do primeiro trimestre de 2023.

Estas reivindicacións teñen sido presentadas no Parlamento de Galicia en numerosas ocasións, recentes e xa pasadas dende hai tempo, polo Grupo Socialista que vén alertando da perda de produción marisqueira nas rías galegas. Ante este escenario o Goberno de Galicia permanece inmóbil no negacionismo da realidade e continúa a defender que a situación non é preocupante e acusa de alarmista a todo aquel colectivo, político ou sectorial, que sexa crítico ante a situación.

De forma particular, a situación do marisqueo en Camariñas é moi preocupante. Os seus bancos non se están rexenerando naturalmente e solicitan que a Xunta ou outras Administracións lles axude para conseguir semente.

Desde finais do pasado ano, boa parte dos 120 profesionais do marisqueo de Camariñas, maioritariamente mulleres, non teñen ingresos e, o que é máis preocupante, tampouco recursos, pois dos seus bancos desaparecieron a ameixa e o berberecho e non se está producindo a necesaria rexeneración natural.





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 18/04/2024 16:30:00  
**Nº Rexistro: 2082**  
Data envío: 18/04/2024 16:12:51.831

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Considera o Goberno de Galicia que pode seguir mantendo a súa posición inmóbil ante o problema da falta de produción marisqueira que están alertando tantos colectivos do sector?
2. Cando vai o Goberno de Galicia a afrontar con decisión o problema da perda de produción marisqueira nas rías galegas e, en especial, na Costa da Morte?
3. Cando vai o Goberno de Galicia a atender as reivindicacións da ría de Camariñas e lles conceda axudas ou sementes para traballar na rexeneración natural da ría?

Santiago de Compostela, 18 de abril do 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Iglesias Rey na data 18/04/2024 15:59:02**

**Julio Abalde Alonso na data 18/04/2024 15:59:12**

**Carlos López Font na data 18/04/2024 15:59:21**

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  981.55.15.30

5336

@PSdeG



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **interpelación**.

No mes de febreiro deste ano un incendio forestal afectaba ao concello lucense de Trabada, arrasando 190 ha. en só sete horas.

Este mes de abril o concello de Crecente sufría a lacra dos lumes sendo arrasadas 170 hectáreas, das cales 160 correspondían a monte arborado e 10 a monte raso. O lume declarábase o día 15 e foi extinguido o 17 de abril, segundo afirmaba a Consellería do Medio Rural. Este departamento apuntou nun comunicado a “clara intencionalidade” debido a que se iniciou en tres focos simultáneos.

O incendio de Crecente no resultou o único incendio destes días, coincidindo coas altas temperaturas. No concello ourensán de Oímbra tamén se rexistraba outro incendio, así como no Parque natural Baixa Limia, Serra do Xurés, no municipio de Entrimo e no concello lugués da Fonsagrada (65 ha).

No documento do ano 2019, de análise e recomendacións realizado polo grupo de expertos de apoio á Comisión do Parlamento de Galicia sobre incendios forestais, constituída a raíz dos incendios do ano 2017, sobre os datos e a experiencia das accións de prevención en Galicia mostrábanse como ameazas:

- O forte declive económico e demográfico das áreas rurais
- O abandono do rural
- A aparición de lumes de 4ª,5ª e 6ª xeración que comportan a existencia de zonas fóra de capacidade de extinción.





- A escasa planificación preventiva.

Unha situación que pouco ten mudado desde aquela polo que este grupo parlamentario insistiu na necesidade de poñer en valor o medio rural, de dar cumprimento ás 123 medidas do ditame aprobado no Parlamento de Galicia, que loiten contra esta grave problemática e que cada ano, se non se toman as necesarias medidas preventivas, vai ser máis grave, afectando á seguridade mesma das persoas e dos seus bens.

Por iso, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Vai o Goberno galego realizar un documento de análise, onde se estudien os éxitos e fracasos da política de incendios forestais, que sirva para reflexionar e adoptar medidas acordes coa extraordinaria gravidade do problema?
2. Cales foron concretamente as medidas preventivas empregadas e que orzamento dedicou o Goberno galego ás referidas actuacións no ano 2023, e desde xaneiro de 2024 á actualidade, desagregadas as actuacións por municipios?
3. Que accións concretas emprendeu o Goberno galego en silvicultura preventiva dende xaneiro de 2024 á actualidade, desagregadas as actuacións por municipios?

Parlamento de Galicia 18 de abril de 2024







**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 18/04/2024 17:27:30  
**Nº Rexistro: 2095**  
Data envío: 18/04/2024 17:27:30.144

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Rodríguez Dacosta na data 18/04/2024 17:20:04**

**Lara Méndez López na data 18/04/2024 17:20:16**

CSV: BOPGDSPG-pYsD1r6DJ-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  981.55.15.30

5339

@PSdeG



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **interpelación**.

A Constitución española, no seu artigo 43.3, establece aos poderes públicos un mandato de fomento da educación física e o deporte, como un dos principios reitores de la política económica e social.

Referíndose especialmente ao relativo á calidade, accesibilidade universal e seguridade das instalacións deportivas.

A Xunta de Galicia como entidade xestora e propietaria dun gran número de instalacións deportivas, ten que garantir que este mandato se cumpra.

A boa calidade das instalacións deportivas é fundamental para o desenvolvemento e promoción da actividade deportiva, cumprindo, como mínimo, os estándares de accesibilidade universal co fin de que todas as persoas podan desfrutar, en réxime de igualdade, das instalacións deportivas, ademais de que se respecten as normas esenciais de seguridade e sostibilidade.

En Galicia, son moitos os concellos que demandan a construción ou mellora dos equipamentos e as instalacións deportivas polo que o Goberno da Xunta ten que dar resposta a esta carencia creando novas instalacións deportivas e mellorando as existentes sempre baixo as premisas de igualdade, accesibilidade, respecto ao medio ambiente e de acordo con criterios de sostibilidade e eficiencia enerxética.





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 18/04/2024 18:04:54  
**Nº Rexistro: 2101**  
Data envío: 18/04/2024 18:04:54.167

Para isto nós os socialistas entendemos que é necesaria a aprobación dun plan de infraestruturas deportivas que faga unha diagnose da situación actual e estableza uns obxectivos a desenvolver nun determinado prazo para así suplir a falla de equipamentos deportivos nalgúns lugares do territorio galego e emendar os desequilibrios territoriais actualmente existentes.

Ante esta situación, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

Entende o Goberno galego que as infraestruturas deportivas dependentes da Xunta de Galicia cumpren os parámetros esixidos na Lei 39/22, do deporte?

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 18/04/2024 17:56:31**

**Patricia Iglesias Rey na data 18/04/2024 17:56:39**

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  981.55.15.30

5341

@PSdeG



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Patricia Iglesias Rey e Paloma Castro Rey**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Mentres o Goberno de España puxo en marcha o 4 de abril de 2024 unha ferramenta, denominada ELISA, que pon ao dispor de todos a interesados información actualizada sobre a execución dos investimentos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), o goberno da Xunta de Galicia segue a ser moi pouco transparente coa información da xestión e execución real dos Fondos europeos recibidos do PRTR.

ELISA permite facer un seguimento das convocatorias de licitacións e subvencións, así como da súa resolución, tanto dos fondos:

- Xestionados directamente pola Administración Xeral do Estado.
- Os transferidos ás Comunidades Autónomas a través das Conferencias Sectoriais.
- Os executados polas corporacións locais.

Esta ferramenta ofrece información sobre o número de empresas e fogares que recibiron financiamento, así como o tamaño das empresas beneficiarias e os investimentos realizados nas diferentes pancas de actuación definidas no Plan de Recuperación. Proporciona tamén o detalle de fondos xestionados e executados en cada Comunidade Autónoma, así como do número empresas que recibiron financiamento e a distribución sectorial dos proxectos. ELISA permite dar seguimento á execución dos fondos europeos mediante a análise dos datos públicos da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e a Plataforma de Contratación do Sector Público (PLACSP), que se explotan a



través de técnicas de recompilación de datos de páxinas web de forma automatizada (web scraping) e aprendizaxe automática (machine learning). A súa publicación acompáñase cunha nota metodolóxica sobre os datos, para facilitar a análise.

Neste mesma liña de apertura á transparencia, o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (MITECO) publicou o 17 de abril de 2014 un mapa que reflicte a execución de fondos do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia (PRTR) realizada de forma directa polo ministerio e os organismos que del dependen, como o Instituto para a Diversificación e o Aforro de Enerxía, a Fundación Biodiversidade, o Organismo Autónomo Parques Nacionais, as Confederacións Hidrográficas e o Instituto de Transición Xusta. Este mapa, que se pode consultar aquí, permite revisar o despregamento dos investimentos realizados ata a data en cada un dos territorios, ofrecendo ao mesmo tempo unha visión global da distribución dos fondos executados e como se está levando a cabo o cumprimento dos fitos e obxectivos nas distintas áreas de actuación baixo responsabilidade do MITECO.

O derradeiro informe sobre a execución dos Fondos Next Generation EU publicado pola Xunta de Galicia corresponde ao último trimestre do ano 2023, e non amosa toda a información e campos que agora ofrece a ferramenta ELISA do Goberno de España.

Deste xeito, a diferenza do Goberno de España que aposta claramente pola transparencia e rendición de contas na execución dos fondos europeos do PRTR, a Xunta de Galicia segue a amosar a súa incapacidade de facer públicos os datos, en formato aberto e reutilizable, cunha periodicidade mensual a execución real dos Fondos Next Generation EU, que permita facer a consulta ao usuario filtrando por beneficiarios, investimentos por área e por temática.





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 18/04/2024 18:08:05  
**Nº Rexistro: 2109**  
Data envío: 18/04/2024 18:08:05.034

Por todo o exposto, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

Está a Xunta de Galicia en disposición de poñer en funcionamento na anualidade 2024 unha ferramenta de información cunha periodicidade mensual -similar a ELISA no Goberno de España- na que se indiquen a execución das contías do Mecanismo para a Recuperación e Resiliencia en Galicia, filtrando a consulta por beneficiarios, por investimentos e por área e temática?

Santiago de Compostela, 18 de abril do 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Iglesias Rey na data 18/04/2024 18:04:12**

**Paloma Castro Rey na data 18/04/2024 18:04:22**

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  981.55.15.30

5344

@PSdeG





Grupo  
Parlamentario  
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 19/04/2024 16:30:00  
Nº Rexistro: 2203  
Data envío: 19/04/2024 14:00:25.216

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Julio Ernesto Abalde Alonso e Carlos López Font**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, solicitan a esa Mesa unha corrección de erros nos documentos con número de rexistro **1097, 1098, 1099 e 1100**.

### **Corrección de erros:**

No primeiro parágrafo da exposición de motivos, onde di: “Neste 2022 varios conxuntos de...”, debe dicir: “Xa no ano 2022 varios conxuntos de...”.

Santiago de Compostela, 19 de abril do 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Abalde Alonso na data 19/04/2024 13:58:36**

**Carlos López Font na data 19/04/2024 13:58:45**


**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  981.55.15.30

5345

@PSdeG





PARLAMENTO  
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

